



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 121

**Sesión plenaria**  
25 de xuño de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGxxvF0DIPn66  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# ORDE DO DÍA

---

## Punto 1. Textos legislativos

### 1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia (doc. núm. 49936, 10/PL-000016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 487, do 14.06.2019

### 1.2 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia (doc. núm. 47930, 10/PL-000013)

Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 488, do 17.06.2019

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 488, do 17.06.2019

## Punto 2. Comparecencia

### 51608 (10/PPP-000102)

Da Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre a situación do ensino e da universidade de Galicia ao remate do curso 2018-2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

## Punto 3. Mocións

### 3.1 51558 (10/MOC-000149)

#### Grupo Parlamentario de En Marea

#### Solla Fernández, Eva e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas e coa política de persoal da Consellería de Sanidade. (Moción consecuencia da Interpelación nº 8786, publicada no BOPG nº 115, do 18.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 11.06.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

### 3.2 51562 (10/MOC-000150)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de seguridade viaria. (Moción consecuencia da Interpelación nº 43360, publicada no BOPG nº 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 11.06.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019



**3.3 51582 (10/MOC-000151)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada. (Moción consecuencia da Interpelación nº 48288, publicada no BOPG nº 455, do 03.04.2019, e debatida na sesión plenaria do 11.06.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

**Punto 4. Propositions non de lei****4.1 36111 (10/PNP-002682)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis**

Sobre o fomento por parte da Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, da constitución de parques públicos de vivenda en alugueiro social nos concellos de menos de vinte mil habitantes, co emprego simultáneo das liñas de axuda destinadas á rehabilitación de vivendas de titularidade municipal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

**4.2 46284 (10/PNP-003465)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da Proposición de lei orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, presentada no Congreso dos Deputados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

**4.3 47507 (10/PNP-003592)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, coa participación das organizacións sindicais máis representativas, dunha proposta para a implantación de servizos de escolas infantís para o persoal funcionario da Administración autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

**4.4 49953 (10/PNP-003781)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos títulos expedidos pola Escola de Canteiros de Poio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019



**4.5 50311 (10/PNP-003812)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun procedemento para a valoración da calidade arquitectónica das edificacións afectadas polos artigos 24 e 39 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, que queiran obter a excepcionalidade do cumprimento das condicións especiais xenéricas que lles son aplicables

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

**4.6 50426 (10/PNP-003820)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos pregos de condicións para a concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada e a elaboración dun novo plan de transporte público por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 12.06.2019

**4.7 50678 (10/PNP-003829)****Grupo Parlamentario de En Marea****Miranda Pena, Flora María e dous deputados/as máis**

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 12.06.2019

**4.8 50691 (10/PNP-003830)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento e aplicación polo Goberno galego, de xeito real e efectivo, da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 12.06.2019

**Punto 5. Interpelacións****5.1 45948 (10/INT-001520)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención á saúde da muller

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

**5.2 48741 (10/INT-001623)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector das artes escénicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019



**5.3 50774 (10/INT-001694)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 12.06.2019

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 51628 (10/POPX-000154)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do crecemento da economía galega dende o ano 2009 e as súas consecuencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

**6.2 51639 (10/POPX-000155)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o nivel de confianza da cidadanía diante dos continuos cambios de criterio do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

**6.3 51640 (10/POPX-000156)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre o balance global dos máis de dez anos de exercicio da Presidencia da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 43509 (10/POP-005159)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do rescate do carácter público dos medios de emerxencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

**7.2 43933 (10/POP-005254)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Míguez, María Ángeles e sete deputados/as máis**

Sobre o balance por parte do Goberno galego das actuacións desenvolvidas pola Unidade de Policía Adscrita en materia de protección das vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019



**7.3 51623 (10/PUP-000256)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da consideración, na información emitida pola CRTVG o día 12 de xuño, da proba de galego como un elemento discriminatorio para o alumnado que se presenta ás probas de selectividade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

**7.4 49849 (10/POP-005924)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre a existencia dalgún risco de perda dos fondos Feder asignados para o proxecto de saneamento da ría de Viveiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

**7.5 51609 (10/PUP-000254)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia dun depósito de residuos sen control na bocana da ría de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

**7.6 49414 (10/POP-005888)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos beneficios que lle vai reportar á veciñanza a implantación dos parques eólicos de Bustelo, Monte Toural e Campelo, nos concellos de Carballo, Coristanco e Santa Comba

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

**7.7 50480 (10/POP-005980)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto que está a ter en Galicia a actuación do Goberno central en relación coa continuidade de Alcoa na Coruña e o futuro da industria electrointensiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

**7.8 50786 (10/POP-005992)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para impedir calquera venda fraudulenta que poña en risco as condicións da concesión do aproveitamento hidroeléctrico do río Xallas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 12.06.2019



**7.9 51622, e c.e. 51646 (10/PUP-000255)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as características fundamentais do proxecto de universidade privada presentado por Afundación Abanca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

**7.10 49498 (10/POP-005897)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre as obras de conservación executadas nos dous últimos anos na muralla romana de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 07.05.2019



*Ábrese a sesión ás dez e vinte e catro minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica que a deputada dona Paula Vázquez Verao (EM) xustificou a súa ausencia. (Páx. 13.)*

**Debate de totalidade do proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia.** (Punto primeiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a este proxecto de lei. (Páx. 13.)*

*Presentación do proxecto de lei: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 13.)*

*Rolda de defensa da emenda á totalidade: Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 13.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 21.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 26.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 30.)*

*Rolda de réplica do grupo parlamentario emendante: Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 35.)*

**Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia.** (Punto primeiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a este proxecto de lei que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 37.)*

*Presentación do ditame da Comisión: Sr. vicepresidente da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Tellado Filgueira). (Páx. 37.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 38.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 42.), Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 47.) e Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 51.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 55.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 56.), Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 58.) e Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 60.)*

### **Votación dos textos lexislativos**

*Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. de En Marea, presentada ao proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia: rexeitada por 17 votos a favor, 40 votos en contra e 11 abstencións. (Páx. 62.)*

*O señor presidente anuncia que, nas emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia solicita a votación por puntos. (Páx. 62.)*





Votación das emendas números 14, 15, 25, 37, 39, 50 e 51 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 17 votos a favor, 40 votos en contra e 11 abstencións.* (Páx. 62.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 28 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

*O señor presidente anuncia que, nas emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego solicita a votación por puntos.* (Páx. 62.)

Votación da emenda número 26 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, non incorporada ao ditame da comisión: *rexeitada por 11 votos a favor, 57 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da emenda número 31 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, non incorporada ao ditame da comisión: *rexeitada por 11 votos a favor, 46 votos en contra e 11 abstencións.* (Páx. 63.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 28 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

*O señor presidente anuncia que, nas emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia solicita a votación por puntos.* (Páx. 63.)

Votación das emendas números 1, 3, 5, 9, 10, 12, 13 e da 17 á 22 do G. P. de En Marea, ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 17 votos a favor, 40 votos en contra e 11 abstencións.* (Páx. 63.)

Votación das emendas do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 28 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia: *aprobado por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 17 abstencións.* (Páx. 64.)

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández e D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas e coa política de persoal da Consellería de Sanidade.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández(EM).* (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 68.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 69.) e *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 71.)



Nova intervención da señora Solla Fernández (EM). (Páx. 73.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de seguridade viaria.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 74.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 74.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 80.) e Sra. Rodríguez Barreira (P). (Páx. 81.)

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 83.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 87.), Sra. Quintero Araújo (S) (Páx. 89.) e Sra. Rodríguez Arias (P). (Páx. 91.)

Nova intervención da señora Blanco Rodríguez (S). (Páx. 92.)

### ***Votación das mocións***

Votación da Moción presentada polo G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández e D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas e coa política de persoal da Consellería de Sanidade: *rexeitada por 29 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)

*O señor presidente anuncia que na seguinte moción, por iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, solicitouse a votación por puntos.* (Páx. 93.)

Votación dos puntos 14 e 15 da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de seguridade viaria: *rexeitados por 17 votos a favor, 38 votos en contra e 12 abstencións.* (Páx. 94.)

Votación dos puntos restantes da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de seguridade viaria: *rexeitados por 29 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)



Votación da Moción presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada: *aprobada por 67 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

*Suspéndese a sesión ás tres e nove minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e tres minutos da tarde.*

**Comparecencia da Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre a situación do ensino e da universidade de Galicia ao remate do curso 2018-2019.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo).* (Páx. 95.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 105.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 108.), *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 111.) e *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 115.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo).* (Páx. 118.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 124.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 124.), *o señor Álvarez Martínez (S)* (Páx. 127.), *a señora Chao Pérez (EM)* (Páx. 128.), *a señora Antón Vilasánchez (P)* (Páx. 130.) e *a señora conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo).* (Páx. 132.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, sobre o fomento por parte da Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, da constitución de parques públicos de vivenda en alugueiro social nos concellos de menos de vinte mil habitantes, co emprego simultáneo das liñas de axuda destinadas á rehabilitación de vivendas de titularidade municipal.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 135.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Castiñeira Broz (P).* (Páx. 135.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 137.) e *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 139.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Torregrosa Sañudo (EM) (P).* (Páx. 141.)

*O señor Castiñeira Broz (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 142.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da Proposición de lei orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, presentada no Congreso dos Deputados.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 144.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 145.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 148.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 149.) e *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 151.)

*A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 152.)

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e sete minutos da tarde.*



*Ábrese a sesión ás dez e vinte e catro minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos o pleno.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Abran as portas, por favor, que me esquecín.

Xustificou a inasistencia dona Paula Vázquez Verao.

E comezamos coa orde do día. Punto primeiro, texto lexislativo.

### **Debate de totalidade do Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** A este proxecto de lei presentouse unha emenda á totalidade polo Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do proxecto de lei, ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, e de xeito persoal, unirme á dor polo falecemento do noso compañeiro Raúl.

E xa a continuación, señorías, traemos hoxe a esta Cámara, respondendo así ao compromiso adquirido por parte do Goberno nesta lexislatura, o proxecto da que será a nova Lei do patrimonio natural de Galicia. Estamos ante unha lei ambiciosa, que ten como obxectivo renovar e adaptar aos tempos e necesidades actuais un texto que conta con preto de dezaoito anos.

Como ben saben, na nosa comunidade contamos cun amplo abano de espazos naturais de enorme valor, que constitúen un dos nosos principais tesouros. Actualmente, a rede de espazos protexidos de Galicia está composta por un total de noventa e sete, dos cales cincuenta e nove son ZEC, 16 ZEPA, un parque nacional, seis parques naturais, dúas paisaxes protexidas, oito monumentos naturais e cinco humidais, ao que hai que sumar dez espazos naturais de interese local —aos que chamamos ENIL— e dous espazos privados de interese natural —que son os EPIN—, ademais doutras áreas protexidas de ámbito internacional, como son as seis reservas da biosfera; e dicírlles que xa estamos traballando no que será a sétima reserva da biosfera, que é a biosfera da Ribeira Sacra; unha zona de convenio Oskar, que é o parque nacional; e tamén o primeiro xeoparque de Galicia, que se denomina xeoparque das montañas do Courel, que comprende os concellos de Quiroga, Folgoso do Courel e Ribas de Sil. Todos eles contan cun alto valor incalculable, tanto a nivel natural, medioambiental e paisaxístico como de biodiversidade e —¿por que non dicilo?— tamén social e económico.



Dende a Xunta de Galicia traballamos para o desenvolvemento sostible destes espazos que permita, por un lado, garantir a súa máxima conservación e, por outro lado, o seu uso e disfrute por parte de todos os galegos e galegas e aqueles que queiran visitarnos, así como traballamos a prol do que é a dinamización da economía das áreas xeográficas limítrofes.

Por iso, o noso obxectivo con esta lei é continuar levando a cabo unha protección efectiva do patrimonio natural galego. O texto que hoxe traemos a esta Cámara foi elevado ao Consello da Xunta e posto a continuación a información pública, para que os colectivos particulares e administracións puideran presentar as súas alegacións.

Por certo, foi un texto ao cal se recibiron preto de mil alegacións; estimamos 637 delas, de xeito total ou parcial, o que supón preto do 65 %, o que permitiu enriquecer deste xeito o texto redactado pola Consellería de Medio Ambiente, buscando sempre o maior consenso social posible ao redor desta norma.

Señorías, estamos ante unha lei que responde a cinco obxectivos esenciais: consolidar a prevalencia da protección medioambiental sobre a ordenación territorial urbanística; garantir a conservación, o uso sostible, a mellora e a restauración do noso patrimonio natural, así como da biodiversidade galega; fomentar a información pública e os mecanismos de colaboración, cooperación e participación por parte da sociedade, así como adaptar e regular a lexislación galega tamén á lexislación básica estatal; e actualizar e modernizar a lexislación galega de 2001, dando resposta ás distintas problemáticas e necesidade detectadas ao longo deste tempo, tomando como base a experiencia acumulada de moitos anos. Eses son os grandes obxectivos que persegue o novo texto legal e que tratarei de expoñer de forma moi breve.

Empezarei a miña exposición nesta Cámara explicando a necesidade de que Galicia conte cunha nova Lei do patrimonio natural. O patrimonio natural é a mellor carta de presentación que ten Galicia e os galegos e as galegas; polo tanto, é a nosa obriga apoialo pero é tamén a nosa obriga protexelo.

E unha das metas fundamentais que marcamos dende a nosa consellería é a protección, a conservación e a posta en valor dese rico patrimonio natural e de todos os ecosistemas de Galicia. Queremos preservar esa herdanza, esa herdanza que nos deixaron os que estiveron antes ca nós, e queremos deixarllela como legado ás xeracións futuras nas mellores condicións posibles.

Pero tamén queremos que as xeracións actuais poidan gozar dos espazos naturais de Galicia coa máxima calidade e de xeito sostible. Por iso, deseñamos un novo marco normativo que introduce varias novidades. Deste xeito, por un lado, inclúe como principio inspirador a mellora do coñecemento científico —fundamental—; establecer o deber das administracións e da cidadanía de respectar e conservar o noso rico patrimonio natural e a súa biodiversidade; reforzar a aposta que vén desenvolvendo a Xunta de Galicia pola educación ambiental —fundamental, os nosos rapaces—; garantir a participación pública no deseño e execución das nosas políticas —e, como exemplo, aí están as preto de mil alegacións e o 65 % das introducidas neste texto—; establecer mecanismos de colaboración con outras administracións, institucións privadas e particulares, así como propietarios ou usuarios do propio territorio; e



regular as actividades sectoriais que estean relacionadas co patrimonio natural, impulsando modelos de turismo compatibles, como a conservación e o ecoturismo, regulando que as novas liñas de transporte e enerxía eléctrica minimicen ao máximo os riscos para a fauna e tamén deseñando códigos de boas prácticas para os nosos agricultores e gandeiros.

A futura Lei do patrimonio natural fai unha importante aposta pola conservación e protección dos nosos espazos protexidos, reforzando o traballo que a Xunta vén desenvolvendo nos últimos anos.

Deste xeito, neste novo marco legal, créanse as microrreservas, unha nova figura que busca preservar e protexer espazos cunha superficie reducida (menos de vinte hectáreas) que conteñen especies ameazadas ou hábitat raros.

Fíxase a superficie mínima para que o espazo poida ser declarado parque natural, co obxectivo de optimizar a súa xestión, e establece novas categorías como o espazo protexido de Rede Natura 2000, que inclúe os LIC, ZEC e ZEPA, o que lles dá unha maior protección aos incluídos na Rede galega de espazos protexidos, e amplíase o ámbito ENIL, de xeito que poidan comprender espazos integrados en máis dun concello —saben que ata o de agora só podería ser nun concello, hai demandas de varios concellos e, polo tanto, criamos preciso regulalo—.

Incorpóranse as áreas protexidas aos instrumentos internacionais, como son os humidais, hoxe os parques ou as reservas da biosfera.

Establécese a declaración dun espazo protexido, que levará aparellada sempre a aprobación do seu instrumento de planificación e que estes instrumentos de planificación teñan unha vixencia indefinida, agás os plans reitores de uso e xestión, que terán unha vixencia mínima de dez anos, e tamén se determinará a obrigatoriedade de deseñar unha estratexia galega de infraestrutura verde, na cal xa levamos meses traballando.

Ademais de reforzar a conservación dos espazos protexidos, a nova lei tamén centra a súa atención na protección da biodiversidade de Galicia, unha biodiversidade especialmente rica e que conta a día de hoxe con cento vinte e seis especies vulnerables e setenta e seis en perigo de extinción. Así, régúlase a conservación da biodiversidade que vive en estado silvestre, abordando tanto as especies como os seus hábitats.

Fíxase un conxunto de prohibicións respecto de actuacións a realizar coas especies silvestres animais. Deste xeito, prohíbese matar, danar, molestar e inquietar intencionadamente estes animais; a súa retención e captura en vivo, así como a súa destrución, dano ou recolección dos seus niños, crías e ovos; e tamén posuír, transportar, traficar ou comercializar con exemplares vivos ou mortos ou con restos dos animais silvestres.

Ademais, na lei fíxase un réxime de protección especial coa creación dunha listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial, no que se inclúe o Catálogo galego de especies ameazadas. Establécense dúas categorías para o catálogo: especies en perigo de extinción —como dicía anteriormente, hai setenta e seis— e vulnerables —cento vinte e seis—.



E no novo texto legal tamén se determina que as especies catalogadas poderán beneficiarse da declaración de utilidade pública e interese social das obras que sexan necesarias para a súa conservación e se regula a conservación *in situ*, fóra do seu hábitat, incidindo no deseño de programas de cría e tamén de propagación.

Ademais, créase o Catálogo de hábitats en perigo de desaparición en Galicia, en concordancia co catálogo nacional. Hai que dicir que na actualidade non temos declarado ningún hábitat deste tipo en Galicia.

E, por último, créase o Inventario galego do patrimonio natural e da biodiversidade.

O novo proxecto de lei tamén endurece as sancións contra os ataques ao noso patrimonio natural, unhas sancións que nos casos de maior gravidade se multiplican por sete. Así, no réxime sancionador, introducimos novidades como a eliminación da categoría de infracción menos grave existente na anterior lei, quedando clasificadas as sancións como leves, graves ou moi graves, sancións que irán dende cen euros ata dous millóns de euros —no caso de dous millóns de euros estamos pensando, por exemplo, nos incendios nos nosos parques naturais—, dándolle unha especial atención á reparación do dano causado e á reposición da situación alterada e a volta ao seu estado actual, tamén reducindo nun 20 % o importe da sanción proposta cando o presunto infractor recoñeza a súa responsabilidade.

En definitiva, estamos ante unha lei que ten como finalidades prioritarias, por un lado, a protección transversal do patrimonio natural galego, a súa conservación sostible e a súa preservación para as xeracións futuras e que vén redobrar os esforzos realizados por parte do Goberno galego para a conservación do medio, o patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia.

Nos últimos anos, deseñamos o primeiro Plan de promoción e posta en valor do patrimonio natural de Galicia, que conta cun orzamento de catro millóns de euros e que define os dezasete espazos imán da nosa comunidade.

Puxemos en marcha a primeira Rede galega de parques nacionais, unha medida pioneira que ten como obxectivo aproveitar as sinerxías destes espazos, e dotámoslos dos instrumentos de xestión axeitados. En concreto, lembrar que en decembro do ano 2018 aprobamos o Plan reitor de uso e xestión do parque nacional Illas Atlánticas de Galicia e xa puxemos sobre a mesa os PRUX de catro dos seus parques naturais: O Invernadoiro, a serra da Enciña da Lastra, o complexo dunar de Corrubedo e o Monte Aloia, que xa foron todos sometidos a información pública.

Tamén aprobamos o Plan director Rede Natura 2000 no ano 2014, un documento que planifica a protección de catrocentas mil hectáreas en Galicia e que abrangue integramente ou parcialmente douscentos quince concellos.

Creamos a Rede galega de reservas da biosfera, que garante a cooperación entre as seis reservas da biosfera existentes na nosa comunidade e permite a súa interacción e actuación colaborativa, e aprobamos a Lei de protección e benestar de animais de compañía, para loitar





contra o maltrato animal e o abandono. E agora damos un paso máis. Esta lei entrou en vigor no ano 2018 e xa está demostrando a súa efectividade. A nosa aspiración é que a nova Lei de patrimonio natural sexa un proxecto de consenso, un proxecto de país e un proxecto de garantía de futuro. E por iso, no noso desexo está buscar o máximo consenso nesta Cámara, porque estou convencida de que a todos nos interesa conseguir o máximo consenso nunha lei que está dirixida a acadar a protección transversal, é dicir, de todos e cada un de nós e de todos e cada un dos nosos espazos, así como de toda Galicia.

Modernizar e actualizar a lexislación actual, sendo, por un lado, simples, pero tendo maior seguridade xurídica e sendo capaces de vela como a nosa propia, e consolidar a preservación do patrimonio e a biodiversidade como unha prioridade.

Todos os galegos sabemos da riqueza natural da nosa terra, da riqueza natural das nosas paisaxes, das novas praias, dos ríos e rías, así como das nosas especies e dos nosos animais. Sabemos que todo iso, xunto coa nosa cultura, é o que nos define como galegos e galegas. Protexer, conservar e poñer en valor esta riqueza é un desafío que temos a obriga de superar, e ese é o obxectivo da lei que hoxe imos debater.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN:** Grazas, conselleira.

Rolda de defensa da emenda á totalidade de posicionamento respecto do proxecto de lei. Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, non sei se cando só é un se lle pode chamar rolda exactamente.

Ben, en primeiro lugar quería facer unha lembranza do compañeiro Raúl Fernández, creo que é de xustiza. Para min non se pode ser un bo político sen ser unha boa persoa, e Raúl era un bo político porque tamén era unha boa persoa. Dos compañeiros que aquí tiveron nestes sete anos foi das persoas coas que mellor conectei, coas que compartín moitas horas de comisión, e do que eu admiraba a súa calma e firmeza na defensa dos seus ideais, que tantos anos ten defendido. Polo tanto, moito ánimo á súa familia, que ten sufrido tanto nos últimos anos, e apertas ás compañeiras e compañeiros socialistas. (*Aplausos.*)

Ben, cambiando de terzo, señora conselleira, parole, parole, parole. Unha cousa é predicar e outra dar trigo. Se cadra o Partido Popular pensa que a base de aprobar textos lexislativos pode tapar non só a nefasta política ambiental do Goberno Feijóo senón o feito de que esta materia, a conservación ambiental, non se atopou nin se atopa entre as prioridades do Partido Popular. A súa visión é que a conservación ambiental é incompatible co seu modelo económico depredador, e é certo: o seu modelo é incompatible coa conservación ambiental.

Nestes sentido, o balance dos seus anos de Goberno na última etapa Feijóo é inapelable. O balance desta lexislatura é desolador, e sobran os exemplos. Pretenden aprobar unha lei de patrimonio natural que substitúa a Lei 9/2001, de conservación da natureza de Galicia. Nos



18 anos que pasaron dende a súa aprobación, o patrimonio natural galego ten sufrido unha deterioración continuada e sistemática. A Lei 9/2001 non se chegou a aplicar en toda a súa extensión, e nunca contou coa correspondente norma regulamentaria que a desenvolvera. Porque unha cousa é aprobar leis e outra é ter a vontade e os recursos para implementar esas leis. Non vale de nada unha lei que quede no papel como quedou a Lei 9/2001 por exemplo, que tiña como instrumentos básicos para a conservación da biodiversidade o catálogo de especies ameazadas, aprobado por decreto no ano 2007, naquel nefasto bipartito —non sei se teño que aclarar que isto é con retranca—, e dentro dese catálogo incluía os correspondentes plans de recuperación e conservación para as especies ameazadas ou en perigo de extinción.

Pois ben, dos 200 plans que deberían de estar aprobados, 18 anos despois, máis ben 12 anos despois da aprobación do catálogo, só están en vigor tres, tres de 200, dous plans de recuperacións de 74 especies en perigo de extinción e un só plan de conservación, unha demostración do enorme celo co que vostedes traballan pola conservación ambiental —isto tamén é retranca—.

Outra mostra é a redución orzamentaria nas políticas mediambientais desde que vostedes gobernan. Outra máis son as promesas incumpridas e a falta de implementación dos instrumentos necesarios para a conservación do noso patrimonio natural. Por exemplo, a promesa das directrices da paisaxe. Decembro de 2016: o señor Feijóo, despois dun Consello da Xunta, anunciaba o inicio da tramitación ambiental das directrices da paisaxe, e prometeu que serían aprobadas no ano 2017. Estamos a 25 de xuño do 2019 e seguimos sen ter as directrices da paisaxe aprobadas. Eu mesmo, en xullo do 2018, lle preguntei á anterior conselleira e contestou que se aprobarían en setembro de 2018.

Aquí teño algunhas das noticias onde anunciaba o señor Feijóo a aprobación en 2017 das directrices da paisaxe, e afirmaba que as directrices da paisaxe son unha obriga legal, tal e como figura na Lei de protección da paisaxe aprobada no ano 2008 —tamén dese nefasto bipartito—, e dende 2008 ata hoxe as directrices da paisaxe non están aprobadas. Decía que era unha obriga colectiva da sociedade. ¡Home, si, unha obriga colectiva da sociedade pero sobre todo é unha obriga do Goberno Popular e da maioría do Partido Popular!

Pouco despois, a anterior conselleira trataba de emendar a plana ao señor Feijóo, e dicía que preferían a calidade nas directrices da paisaxe que a rapidez. ¡Home, claro que queremos unhas directrices da paisaxe de calidade, pero non sei cantos anos teñen que pasar para que se aproben unhas directrices da paisaxe de calidade! E aquí non sei a que conselleira lle teño que preguntar, se á anterior ou á actual. Porque se cadra, cando se aproben as directrices da paisaxe, xa non hai paisaxes que conservar, porque realmente non é casualidade que estas directrices da paisaxe non se aproben. Non, a súa prioridade, antes que as directrices, é consolidar os parques eólicos que teñen que estar en funcionamento antes do 2020, e así non estragar ese gran negocio que vostedes lles agasallan a fondos voitre, bancos, construtoras ou eléctricas a custa dos nosos recursos, coa súa conivencia. Esta é a auténtica razón pola que vostedes non as queren aprobar.

A mesma razón pola que non quere presentar unha proposta de ampliación da Rede Natura, que tamén prometeron, outra promesa incumprida, incluso aprobando unha proposición



non de lei do Partido Popular para acometer tal ampliación hai dous anos. As promesas súas creo que non valen de moito.

Mentres, instálanse eólicos en zonas que podían formar parte da ampliación de Rede Natura. Claro, unha vez que estean instalados quedarán consolidados eternamente nuns lugares onde non deberían de instalarse eólicos, e esta é unha auténtica fraude ao interese xeral. Dous exemplos de como un Goberno que debería actuar en función do interese xeral actúa en función dos intereses duns poucos. Galicia é a comunidade do Estado con menos territorio protexido: o 13 % da superficie fronte ao 28 % da media estatal. Malia a riqueza e variedade dos hábitats que alberga, está a incumprir a obriga establecida pola Unión Europea de ampliar a rede Natura de Galicia.

Outro exemplo tamén é a estratexia para a loita contra o cambio climático, ¿tamén acabará a lexislatura e seguiremos sen contar cunha estratexia de loita contra o cambio climático? Veremos.

É tan grande o fiasco da súa política ambiental, os incumprimentos tan flagrantes das súas propias promesas, que pretenden aprobar este texto lexislativo para tentar tapar o fiasco. Onte mesmo o señor Feijóo facía o enésimo exercicio de publicidade e propaganda, dixo: «Fagamos unha Galicia verde.» Só lle faltou dicir *again*.

Iso si, cumprir a lei, iso xa é fariña doutro costal, como xa vimos cos plans de conservación e recuperación. Véselles tamén o plumeiro neste texto, porque é unha mala lei que mostra graves carencias.

Hai cuestións que nos sorprenden moito. Por exemplo, ¿cal é a razón pola que se introduce unha limitación de 10.000 hectáreas para que un espazo sexa declarado parque natural? ¿Ou 2.500 hectáreas nos insulares?

Descoñecemos os argumentos que poden sustentar esta medida. Si sabemos que na lexislación estatal e noutras autonómicas desenvoltas non aparece tal limitación. Se estivese en vigor esta medida, nos últimos anos en Galicia só teríamos un parque natural, o da Baixa Limia e Serra do Xurés, que é o único que cumpre con esta condición. As Fragas do Eume teñen 9.125 hectáreas, non serían parque natural. É, en realidade, unha limitación absurda... ou non, ao mellor non absurda, porque ao mellor o obxectivo que persegue é que non se declare ningún parque natural máis, porque a elevada dispersión poboacional e as características bioxeográficas do noso país ao que inducirían é a crear moitos espazos protexidos de dimensións modestas, a diferenza doutros países e comunidades autónomas que poden crear poucos e moi grandes.

Por iso, outra das características desta lei é que non atende ás nosas propias especificidades, e fai un exercicio de imitación doutras zonas que nada teñen que ver co noso país.

Así, tampouco se establece un catálogo galego de especies exóticas invasoras, quedando a xestión destas especies ao abeiro do que determine o Estado e a Unión Europea. Pérdese así a perspectiva galega e atrásanse as necesarias actuacións temperás, co obxectivo de pre-



vención, que son fundamentais nesta loita contra as especies exóticas invasoras. Se cadra, agardando o recoñecemento dun catálogo externo ao galego perdemos un tempo valioso para a loita contra estas especies.

Tampouco trata de determinados problemas ambientais graves que ten este país e que, sorprendentemente, non aparecen nesta lei, a pesar de na exposición de motivos anunciar unha transversalidade que non se ve no articulado. Fálase, por exemplo, de elaborar códigos de boas prácticas agrarias, pero non aparece ningunha interpelación a facer código de boas prácticas forestais, cando a eucaliptización do noso país descontrolada é un dos problema ambientais que afectan máis a biodiversidade.

Polo tanto, unha das características é a nula transversalidade desta lei. Despois, ábrese unha vía preocupante á desprotección coa subordinación selectiva aos instrumentos urbanísticos propostos na lei.

Os instrumentos de planificación e xestión dun espazo protexido prevalecen sobre calquera outra planificación sectorial e urbanística, agás —e isto introduce este texto legal— cando concorran razóns imperiosas de interese público de primeira orde, cuestión que será acordada polo Consello da Xunta, algo que nos parece demasiado inconcreto e vago e que pode dar lugar á discrecionalidade nas decisións e á desprotección.

Tamén se pretende que os plans de ordenación de recursos naturais non poidan establecer determinacións en solo urbano, e nun país onde o urbanismo está como está e onde os plans xerais están como están, iso pode dar lugar á desprotección de espazos con interese de conservación.

Outra ausencia clamorosa deste texto legal son as rías e os ríos, que albergan boa parte do patrimonio natural e paisaxístico deste país e que non reciben ningunha atención específica para deter a súa deterioración e avanzar na súa recuperación. Non hai nada específico sobre as nosas rías, e os humidais permanecen esquecidos.

Dicía a conselleira que foi unha elaboración participada. Non son da mesma opinión as asociacións ambientalistas e ecoloxistas do país, que denuncian que a maior parte das súas alegacións foron desbotadas.

Tampouco se trata convenientemente a custodia do territorio, sobre a que despois, na seguinte intervención, me estenderei máis. Non facilita, polo tanto, a participación da sociedade na conservación da natureza.

Esquece os órganos de participación, xa que a lei evita outorgarlle calquera papel activo ao Observatorio galego da biodiversidade, que non chega nin a citarse. Lembremos que este órgano foi creado tamén por un decreto no ano 2007.

Cremos que a nova lei entende erroneamente o concepto de microrreserva, xa que o entende como un espazo protexido, algo así como un paralelismo coas reservas, e cando non foi creado con ese fundamento, xa que foi creado sobre un concepto de xestión de espazos para unha rápida actuación administrativa para conservar pequenos espazos que merecen unha



conservación e poden correr perigo de atrasarse moito o que son os trámites administrativos para outro tipo de figuras como un parque natural. Na actual lei xa existen figuras legais que permiten declarar como espazos protexidos hábitats de escasa extensión e cremos que a figura de microrreserva está mal entendida. Tamén limita o tempo no que pode estar conservado ese espazo.

En resumo, a nova lei non achega gran cousa e soamente se basea nalgunhas actualizacións motivadas por normativas estatais europeas; establece limitacións antes inexistentes, como o da superficie mínima dos parques, e en moitos casos é allea á propia realidade galega; introduce conceptos equivocados, como o das microrreservas; e non aborda os principais problemas ambientais, como, por exemplo, é o cambio climático, a necesidade de recuperar espazos naturais, cando a principal causa da perda da biodiversidade é a destrución dos hábitats, nin o de deter o avance das especies invasoras —a segunda causa en importancia da perda da biodiversidade— nin considera a necesidade de preservar os servizos ecosistémicos, que non aparecen por ningunha parte.

Cremos que utilizan as leis como parte do aparato propagandístico, pero despois nin sequera cumpren o que vostedes aproban. Non cumpriron nin implementaron a Lei 9/2001, de conservación da natureza, incumprírona sistematicamente. E para implementar leis, ademais de vontade, precísanse orzamentos, e a memoria que acompaña este texto legal di, textualmente, que a aprobación desta lei non suporá ningún incremento nos orzamentos futuros. Cremos que isto xa di moito do que vostedes queren para o futuro.

Vostedes consideran estas políticas un obstáculo...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...no seu labor político e no seu modelo económico. Por iso pedimos a devolución deste proxecto de lei e que volte outro a esta Cámara participado pola moita xente que pelexa día a día pola defensa dos valores naturais deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Agora imos con outra rolda. Neste caso aquí no Parlamento «rolda» equiparámola a «turno». Entón, agora imos co turno a favor ou en contra da emenda.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Bo día.

Quixera tamén facer unha lembranza do compañeiro Raúl Fernández, porque nos deixou unha gran lección, que é que por riba das diferenzas ideolóxicas están os valores humanos. E creo que todas as persoas que convivimos con el, que tivemos unha relación con el, que traballamos aquí con el, tivemos a sorte de desfrutar da súa honestidade, da súa cordialidade,



da súa humildade. E deixa un gran baleiro, como pasou no seu día tamén coa desaparición de Carlos López Crespo, e eu creo que iso é a mostra maior da súa grandeza. E déixanos sobre todo un gran legado, o legado da súa bonhomía e do seu compromiso por facer deste país un país mellor. Polo tanto, para sempre, a súa lembranza connosco. (*Aplausos.*)

E volvemos á realidade, que é o debate desta lei.

Señora conselleira, vostede fixo aquí —como xa é habitual— un informe burocrático e ao mesmo tempo un informe que nos mostra unha realidade idílica. E tamén fixo algo que é construír unha mentira ou un relato falso —ou polo menos parcialmente falso—, porque non pode dicir en sede parlamentaria que esta lei conta cun gran consenso. Porque eu teño aquí unha nota publicada no día de onte por oito entidades conservacionistas, encabezadas pola Sociedade Galega de Historia Natural, (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) que di que preocupa profundamente a estas entidades conservacionistas esta lei por ser pouco ambiciosa e non abordar a grave situación de abandono do noso patrimonio natural. Debería polo menos facerlles reflexionar este comunicado. E non fago xa referencia a outros tamén que fixeron públicos Adegas ou a Federación Ecoloxista Galega, ou Verdegaias, ou moitos outros colectivos conservacionistas, que poñen en cuestión as supostas bondades desta lei e fanlle unha emenda á totalidade a toda a política de conservación da natureza derivada da Lei do 2001, que din que está sen cumprir, por exemplo.

Polo tanto, eu creo que deberían ser un pouco máis comedidas nese triunfalismo co que falan desta cuestión e atender máis a quen máis se preocupa no país precisamente por defender o patrimonio natural. E despois falareille da aceptación das alegacións, porque a realidade tampouco se corresponde co que dixo vostede aquí.

Miren, hai dúas imaxes que penso que representan moi ben o que está pasando co patrimonio natural en Galiza. Unha é esta: (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) bulldozers na praia de Barrañán, nunha área protexida por un instrumento como a Rede Natura, destruída literalmente pola acción das grandes escavadoras, polos grandes bulldozers; así é como tratan neste país —non só vostedes, porque aquí teñen máis responsabilidades aínda vostedes por mirar para outro lado— a Dirección Xeral de Costas, a golpe de bulldozer, e como maltratan o patrimonio natural deste país. E outro exemplo é este (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) —que xa lle puxemos aquí noutras ocasións—: plantación de eucaliptos nun lugar que debería ser un lugar sagrado da natureza galega: o pedregal de Irimia. Naquel momento o compañeiro Mini Rivas e tamén Adegas fixeron un chamamento para a protección deste espazo; Adegas pediu que fose declarado monumento natural; estamos agardando aínda. Así é como tratan vostedes, como maltratan vostedes os grandes espazos simbólicos da natureza galega.

E, claro, estes son só dous exemplos dunha realidade que prolifera ao longo de todo o territorio con continuas e reiteradas agresións ao patrimonio natural e á diversidade e que pon de manifesto a deserción da Xunta de Galiza no coidado, na protección deste territorio.

E temos que aproveitar o debate desta lei para facer un debate da totalidade da política ambiental e do patrimonio natural da Xunta de Galiza polo menos nos últimos dez anos, que



temos que cualificar como a década negra do señor Feixóo á fronte desta materia. Vostedes presumen de que son conservadores, pero non son nada conservacionistas; o que son máis ben é depredadores, e por iso escolleron como símbolo precisamente unha gaivota, que representa precisamente a... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É un animal, si, é un animal carroñeiro; iso é o que é a gaivota, así está descrito. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) É un animal carroñeiro. Cadaquén escolle os símbolos que máis lle gustan. (*Murmurios.*)

E a súa é a política do *laissez faire*, do *laissezfairismo*, de deixar facer, de deixar destruír. E temos múltiples probas disto. En primeiro lugar, efectivamente, a Rede Natura 2000. ¿Sabe cal é a situación da Rede Natura 2000 de Galiza? Que estamos á cola do Estado en protección de espazos cualificados como Rede Natura. Temos unha protección do 12 % do territorio, cando comunidades de veciñas que teñen moitas similitudes con nós, como Asturias, teñen protexido o 29 % do territorio, e Castela-León, o 26 %. Pero o problema non é este. O problema é que no ano 2008 se tramitou unha ampliación da Rede Natura para chegar ao 18 %, que vostedes paralizaron. E despois no ano 2012 vostedes tramitaron unha ampliación para chegar ao 15 % para ampliar a Rede Natura e tamén a paralizaron. ¿E por que a paralizaron, a pesar de que había un mandato da Unión Europea para facer esta ampliación? Porque fixeron prevalecer outros intereses, porque había intereses dos *lobbys* eólicos, dos *lobbys* enerxéticos, dos *lobbys* da acuicultura e dos *lobbys* forestais, que querían rapinar eses territorios e non querían que tivesen ningún tipo de protección. Así se explica o freo a esa ampliación da Rede Natura. Nin sequera foron capaces de darlles a protección ás turbeiras, que son auténticos territorios privilexiados que deberíamos protexer e deberían ter un coidado extremo.

O último paradoxo do exemplo das súas contradicións é o debate sobre a infraestrutura verde. Vostedes aprobaron aquí unha iniciativa para facer a infraestrutura verde, non a fixeron, decidiron facela só na área da Coruña —*más pequenito, ¿non?*, aquí todo é micro—. Tamén isto tiña intereses que non imos desvelar aquí, porque xa se saben; a conselleira tiña que aparecer moito por alí naquel tempo. ¿E cales son as conclusións da infraestrutura verde? Pois propón que hai que incluír na Rede Natura as brañas do Deo e a Cova da Serpe, que xa estaban incluídas nas propostas das ampliacións do 2008 e 2011, que non se levaron a cabo. Pero o que si se levou a cabo neses territorios foi a plantación masiva de eucaliptos para destruílas, porque, ademais, o Concello de Aranga o que fixo foi cambiar a cualificación dos terreos no plan xeral, que pasaron de protección natural a protección forestal. Así é como maltratan vostedes o patrimonio natural.

E outro capítulo negro é efectivamente o da paisaxe. A paisaxe é a grande esquecida nesta lei e a gran maltratada tamén polas políticas da Xunta. Porque vostedes non foron capaces aínda de desenvolver o regulamento da Lei da paisaxe, que é unha lei do ano 2008; pasaron once anos. E estamos tamén á espera de que aproben as directrices da paisaxe, que tamén sabemos por que non as aproban, porque o que dirían as directrices da paisaxe prevalece sobre os instrumentos de ordenación do territorio e da ordenación urbanística, e o que queren vostedes é deixar o campo libre precisamente a eses intereses que todos sabemos cales son.

E o mesmo poderíamos falar da falta de desenvolvemento e da aplicación das Directrices de ordenación do territorio e do POL. Están sen facer os plans territoriais integrados. O BNG



fixo no seu día unha proposta para facer un plan integrado con devasas naturais para protexer o territorio fronte aos grandes incendios, e vostedes votaron en contra. E vostedes tampouco protexen os espazos naturais recoñecidos no POL. Xa sabemos o que din vostedes a respecto das marismas de Lourizán, que están cualificadas no POL como espazo de mellora natural e paisaxística, e vostedes concédennlle unha prórroga infame a Ence de sesenta anos para que siga destrozando e maltratando ese espazo natural recoñecido no POL.

Outra páxina negra para a diversidade é o Catálogo de especies protexidas, que foi aprobado no ano 2007; pasaron doce anos, conselleira. Vostede falounos aquí de que ese catálogo recoñece duascenas dúas especies protexidas, especies ameazadas. Xa llo dixo o portavoz do Grupo da Marea, Antón Sánchez. ¿Sabe cantos plans de conservación e de recuperación aprobaron vostedes ao longo deste tempo, destes dez anos negros? Tres: para a pílara das dunas, para o sapoconcho e para a escribenta das canaveiras; por certo, a pílara das dunas, que é a ave do ano en Galiza e no mundo neste ano.

Pois ben, esa é a realidade: que vostedes non só aprobaron senón que paralizaron vinte e oito plans de conservación que estaban en tramitación no ano 2008 e que foron adxudicados por valor de cento sesenta mil euros. Así é como fan vostedes co diñeiro público: tiralo polo desaugadoiro. Cento sesenta mil euros que foron tirados literalmente, porque vostedes non puxeron en marcha, non aplicaron eses vinte e oito plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas. ¿Como pode vir aquí con este discurso triunfalista?

O problema, señora conselleira, é que non se aborda a biodiversidade desde unha perspectiva global e integral, e o que se pretende é facer actuacións parciais de decorado, de supostos bonitos, de parches, de simulación de que se fai, e falta esa visión ampla para a conservación da biodiversidade.

E para iso falta recoñecer cal é o problema de fondo da perda de biodiversidade, que non é que haxa máis ou menos sequera espazos naturais protexidos, é que hai unha deficiente política de conservación e protección, que hai abandono dos usos tradicionais do territorio —e este é un gravísimo problema—, que hai un incremento das actividades agrarias e forestais intensivas e depredadoras do territorio —isto é letal, como o Goberno, por certo, de Ourense—, e a contaminación por pesticidas e por hidrocarburos, a presión sobre os hábitats ou o impacto das infraestruturas. Isto é o que é letal para a biodiversidade, señora conselleira.

E falta esa visión estratéxica, esa estratexia precisamente galega do patrimonio natural e da biodiversidade. Debían tomar vostedes exemplo, por exemplo, de Castela-León, que si fixo este traballo. E agora que están, ademais, nesta campaña de propaganda do *new deal*, que é a gran ferramenta máxica do señor Feijóo, do 2030 —pasou xa o 2020, agora estamos no 2030—; nesta, ademais, confusión que é tan habitual en vostedes entre o goberno e o partido, despois da década negra agora prométenos o *new deal* do 2030. Pois deberían poñerse ao traballo e facer esa estratexia da biodiversidade para o 2030.

Miren, ademais deste incumprimento flagrante de toda a lexislación que foron aprobando desde o 2001, ao longo de todos estes anos, que está demostrado no que lle dixen e tamén noutros documentos publicados por estas entidades conservacionistas, con respecto á lei,





ten defectos de tramitación e de procedemento de vulto, nos que non me vou parar porque xa están manifestamente explicados no informe, coma sempre demoledor, da Asesoría Xurídica Xeral. Pero non pode dicir vostede que atenderon 600 alegacións, iso é totalmente falso; non chegou nin a 100, señora conselleira; e a maior parte delas, estimadas parcialmente daquela maneira. Polo tanto, nada diso.

E con respecto ás cuestións substantivas, o que vemos nesta lei son, por un lado, ausencias e, por outro lado, excepcións, excepcionalidades. Vemos ausencias, por exemplo, porque non se fala da ampliación da Rede Natura, que é unha cuestión fundamental. Vemos ausencias porque non hai orzamentos para aplicar estas políticas, a memoria económico-financeira non a podemos cualificar máis que como de cutre, porque cutre é, en realidade, a súa política de patrimonio natural e de biodiversidade. ¿Sabe canto gasta a Xunta de Galicia nesta materia? 5 millóns de euros, dos cales 2 millóns son de aportacións do propio orzamento da Comunidade, o resto son outras aportacións, en total 5 millóns, que é o 0,2 % do orzamento da Xunta, que son 10.000 millóns de euros. É dicir, 5 millóns de euros de 10.000 millóns é o que destinan vostedes á conservación do patrimonio natural e a biodiversidade. Isto é a mostra palpable do que vostedes non queren nin lles preocupa nin fan por esta cuestión.

Tamén a ausencia, desde logo, dun fondo para o patrimonio natural e a biodiversidade, que si está contemplado na lei estatal e tamén na lei de Castela-León, que si é unha maneira de conseguir recursos para desenvolver esta materia e poñer medios para facer os plans de desenvolvemento deses territorios protexidos, tamén para a súa dinamización económica, para o fomento das actividades económicas, con marcas tamén de calidade dos produtos deses territorios que vostedes non están facendo, que se está facendo ben noutros sitios, e tamén para a protección desas áreas.

Non hai catálogo galego de especies exóticas invasoras, e isto tamén ten as súas explicacións. E tamén botamos de menos que se potencie o voluntariado ambiental.

En canto ás excepcións, esa exigencia de superficie de 10.000 hectáreas para novos parques naturais é a demostración de que vostedes non queren facer ningún parque natural novo, así de claro. En cambio, vostedes non queren superparques, non van facer superparques, pero si que queren microrreservas, porque a súa política é *mini*, é *micro*, do micro... da microconsellería, do microorzamento, como lle dixen antes.

E esta lei tamén ten outra excepción porque, aínda que di que prevalece sobre a ordenación urbanística e sobre a normativa sectorial, fala de que por razóns imperiosas de interese público de primeira orde se poderán desenvolver proxectos nesas áreas, por certo, como está na lei estatal e como está recoñecido así.

E, en definitiva, señora conselleira, o resumo da súa política podería ser eucaliptos no nacemento do río Miño e decibelios en Corrubedo, que é unha zona de especial protección para as aves e un parque natural onde vostedes organizaron o ano pasado unha festa do medio ambiente con presenza do presidente da Xunta, poñendo alí decibelios a todo trapo nunha zona de protección da natureza e para as aves.



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Esta é a política da Xunta, que máis se debería chamar a *chunda*, a *chunda chunda*. Esta é a política que fai o Partido Popular.

Esta é unha lei mala. É mala polo que di e é mala polo que cala, demostra falta de ambición, como din as entidades conservacionistas, é unha política ambiental cutre, rúcana, que pon de relevo a falta de compromiso, empezando polo compromiso orzamentario, porque vos-tes a fin de contas defenden outros intereses, os intereses dos *lobbies*,...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...dos grupos de presión,...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará, terminou o seu tempo.

**O señor BARÁ TORRES:** ...dos grupos de poder e non do medio natural e da diversidade e do noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

A min hoxe, por ser a primeira en falar, tócame dar as grazas a todos os grupos parlamentarios pola súa lembranza do noso compañeiro Raúl. E, como creo que non vou ser capaz de dicir moito máis, vou ler... Raúl era bo, e vou ler unha frase que un personaxe de ficción, que era Atticus Finch, ese avogado en *Matar un reiseñor*, que era un home bo, dicía: «Un é valente cando, sabendo que perdeu xa antes de empezar, empeza a pesar de todo e segue ata o final pase o que pase. Un vence raras veces, pero algunha vez vence». E ese era Raúl. (*Aplausos.*)

E se Raúl era como Atticus Finch, o presidente Feijóo é como Alexandria Ocasio-Cortez, porque agora é ese home que vai envolto na bandeira verde de defensa do medio ambiente, exactamente igual que a política estadounidense. Nestes días dicía, esta fin de semana dicía: Galicia ten capacidade para se situar na vangarda con catro obxectivos irrenunciáveis de cara ao ano 2030, e un deses obxectivos é unha Galicia máis verde.

Pois este anuncio de pura propaganda preelectoral concretouno anunciando unha vindeira lei de residuos que dixo que ía estar aquí nos vindeiros meses. E dixo que intentará reducilos nun 15 %. A nós gustaríanos saber se o presidente sabe qué residuos se van reducir, se sabe que a Directiva europea de residuos establece que os municipios teñen que reciclar o ano que vén —en xaneiro xa de 2020— polo menos un 50 % dos seus residuos, e nós non che-



gamos nin ao 20 %. Se sabe que das once plantas de compostaxe e de envases lixeiros que vostedes pintaron no seu plan de xestión de residuos non hai ningunha, ningunha está funcionando, hai unha pero non funciona, non hai ningunha, cero.

Gustaríanos saber se el pensa que clase de Galicia verde levan construído vostedes nestes dez últimos anos para falar dos dez anos que nos veñen enriba, se el segue sendo presidente da Xunta.

Sabe o señor Feijóo que para facer esa xestión conxunta da auga da que nos falou o outro día é necesario que a auga deixe de ser para vostedes unha infraestrutura e forme parte do medio ambiente; estaría ben que devolvesen Augas de Galicia á Consellería de Medio Ambiente. ¿Que clase de Galicia verde deixan vostedes despois de dez anos de goberno?

Onte publicaban vostedes no DOG dous proxectos de decreto para montar dous —entrecamiñado vouno dicir— «chiringuitos teóricos», dúas comisións interdepartamentais de impulso e coordinación da Estratexia galega contra o cambio climático e seguimento da Axenda 2020-2030 en Galicia.

Eu non sei se saben vostedes que a estratexia galega tardaron vostedes anos —levan dez anos, ¡eh!— en aprobala e que dende que xa a aprobaron hai uns meses non volvemos saber absolutamente nada dela. Acórdase agora o presidente Feijóo.

Sabe que a Axenda 2020-2030 foi xustamente unha das apostas que en xuño do ano 2018, despois de gañar a moción de censura, esgrimiou o presidente Sánchez, o presidente do Goberno do Estado. Vostedes descubrirona agora, polo que se ve. ¿Pois que clase de Galicia verde levan vostedes construído nestes dez últimos anos? E agora son vostedes os maiores defensores do Parque Nacional das Illas Atlánticas. ¡Por favor, se tardaron oito anos en aprobar o plan de xestión!, ¡oito anos tardaron! e agora son os máximos defensores. E proxectan depositar os lodos da dragaxe da ría de Pontevedra xusto nunha das illas, a illa de Sálvora, que está á beira..., á beira non, está dentro do parque nacional. Sempre que algún día fagan algo máis que un anteprojecto para eses lodos.

Claro, ¿que clase de Galicia verde deixan vostedes despois de dez anos de goberno? Pois vou llo dicir. Deixan o que vostede acaba de dicir aquí: que crean unha nova figura con esta lei que é a Rede Natura 2000. Pois, efectivamente, a Rede Natura do 2000 —estamos en 2019— xa se creou hai moitos anos, conselleira, non a van crear vostedes. E vostedes deixan unha Galicia verde que se concreta nesta norma. Isto (*A señora Vilán Lorenzo amosa un documento*) é de 2008 e é o borrador da Lei de conservación da natureza do goberno que presidía un señor malo malísimo que se chamaba Emilio Pérez Touriño. 2008, estamos en 2019. Vostedes copian literalmente a maioría dos artigos que están nesta lei, neste borrador, literalmente. Pero, ¡claro!, once anos de atraso dende entón, ¡once!; dezaioito anos de atraso dende a Lei de conservación da natureza e doce anos de atraso dende a lei estatal e vostedes veñen aquí a defender un proxecto de lei con décadas de atraso para Galicia e para o patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia. Ese é o problema.

Eu vou citar a un dos seus compañeiros de partido: «Tontos somos, pero dos coches sabémonos apartar». Porque é certo, isto non llo venden a ninguén. (*Murmurios.*) Ninguén pode crer que por



moita bandeira azul na que me envolva e por moito megaverde que sexa agora, ninguén vai crer, cos datos que temos de conservación da natureza, de residuos, de toda a protección medioambiental de Galicia, que vostedes son os campións en defensa do medio ambiente. Porque somos tontos, efectivamente —dínnolo vostedes moitas veces—, pero dos coches sabémonos apartar.

E, por se fose pouco, o Consello da Xunta é verdade que autorizaba a tramitación do anteproxecto deste proxecto de lei, ¿pero saben cando?: o 2 de febreiro do ano 2017; anteproxecto no Consello da Xunta, nota de prensa, bombo e platillo. E pasou pola man de dúas conselleiras diferentes. Formaba parte dos plans anuais normativos que aprobou o Goberno para os anos 2017 e 2018, que vostedes non cumpriron. Por iso quizais o plan normativo do ano 2019 aínda non o coñecemos, non o teñen vostedes aprobado, porque así non o van incumprir se non o aproban, evidentemente.

Naquel ano 2017, cando publicitaron vostedes no Consello da Xunta aquel anteproxecto, prevíase o obxectivo de ter aprobados plans de recuperación ou de conservación dun total de 45 especies catalogadas como en perigo de extinción ou vulnerables ata o ano 2020. Así estaba na nota de prensa. E como lles dixeron os anteriores voceiros, ¿saben cantos plans aprobaron vostedes nestes dez últimos anos? Ningún. Hai tres nos últimos doce anos, tres, vostedes ningún. E iso que o goberno daquel malo malísimo que era Emilio Pérez Touriño lles deixou en elaboración 28 plans de conservación, e rematados xa dez para dezasete especies. Vostedes, tres. Hai máis de duascenas especies en perigo de extinción ou vulnerables, conselleira, e vostedes levan dez anos de atraso, dezaioito con relación a esa lei do ano 2001.

Esta reforma, por moito que vostede diga que é ambiciosa, é moi pouco ambiciosa. Pero é necesaria, é tan necesaria que levamos case vinte anos agardando por ela. E nós queremos axudar a elaborala coas nosas emendas parciais, que van ser unhas cen. Queremos que, como nós escoitamos as organizacións ecoloxistas, que onte sacaban —efectivamente, oito— esta nota de prensa dicindo que esta lei é pouco ambiciosa —e nós coincidimos—, queremos facer unha lei mellor, acorde coa actual situación do territorio e que recupere eses dez anos perdidos en conservación da natureza e da biodiversidade pola súa irresponsabilidade e pola súa incapacidade de xestión.

Queremos unha lei moderna, que faga efectivo o dereito constitucional que temos todas as persoas a desfrutar dun medio ambiente adecuado. Queremos que a protección ambiental prevaleza sobre calquera outra norma, sexa territorial, urbanística ou sectorial. Queremos que o patrimonio natural e a biodiversidade teñan unha función social, que non está nesta lei. Queremos que vostedes elaboren un informe sobre o estado da protección do patrimonio natural e unha previsión de protección e que cada dous anos cheguen aquí e nos dean contas no Parlamento dese informe. Queremos... porque iso é a participación, non só poñer participación nun proxecto de lei, que non deixa de ser unha verba baleira de contido. Queremos que o Goberno estableza un réxime xeral de axudas económicas, técnicas e financeiras e medidas compensatorias non só para os territorios senón para esas persoas que viven en espazos protexidos, en parques naturais e algunhas —sobre todo no período estival— no parque nacional; medidas de discriminación positiva que aposten por favorecer estes habitantes de espazos protexidos, que nos deixan entrar no seu hábitat para poder desfrutar todos do sitio onde eles viven, e a cambio merecen esas medidas compensatorias.



Queremos que se protexan as áreas mariñas, que vostedes nin sequera mencionan no proxecto de lei. Ao redor do parque nacional hai algo: son illas, hai áreas mariñas que deberían ser protexidas; non están, esquecéronse de copialo cando copiaron do borrador do ano 2008.

Non queremos parques con medidas mínimas; se esas medidas mínimas se aplicasen, agora só teríamos un parque natural en Galicia, que sería o do Xurés, non habería máis porque o resto non chega a esas medidas mínimas, salvo que vostedes non queiran máis parques naturais, que probablemente ese sexa o cabalo de batalla.

Queremos que aposten polos parques naturais tamén por unha cuestión: polos lugares onde se declarou un parque natural e as persoas que alí viven. Falo, por exemplo, do Xurés, de Rubiá: Rubiá evolucionou demograficamente case seis puntos porcentuais por riba dos outros dezaseis concellos que están fóra do parque natural e evolucionou mellor que na parte de León onde hai pobos que non son parque natural, que evolucionaron cara a abaixo demograficamente. Iso quere dicir que hai que protexer as áreas, e iso non é incompatible coa evolución demográfica; todo o contrario, e está demostrado dende que se declarou o parque natural no Xurés ata o ano 2016.

Non queremos microrreservas, porque non hai que protexer os espazos, hai que protexer as especies; esa é a diferenza, ese é o concepto de microrreserva. Protexer o espazo dá igual se non hai unha especie que é a que merece a protección. Cando copiaron doutras comunidades copiaron mal; copiaron o nome, pero non o concepto.

Queremos plans de desenvolvemento sostible, que vostedes tampouco recollen neste proxecto de lei. Queremos que exista un fondo para a conservación do patrimonio natural de Galicia; queremos que se lle dea protagonismo ao Observatorio galego da biodiversidade, que existe dende o ano 2007 —con aquel goberno malo malísimo de Emilio Pérez Touriño— e que vostedes nin mencionan no proxecto de lei. Queremos que creen un rexistro galego de bancos de material biolóxico e xenético, precisamente para preservar o patrimonio xenético e biolóxico das especies silvestres. Queremos reducir os prazos para que resolvan vostedes, como administración, os procedementos que recolle o proxecto de lei; tres anos son demasiados.

Non queremos un silencio negativo e desestimatorio que o único que fai é desincentivar a participación dos cidadáns, porque a participación é algo máis ca unha palabra. Non queremos que nos vacilen coa inclusión no proxecto de lei dunha disposición derradeira que fala da modificación da Lei de implantación de iniciativas empresariais e que fala de residuos e de Sogama, ¡nun proxecto de lei de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade! Vostedes sempre pola porta de atrás; nin sequera figuraba no anteprojecto que se expuxo na páxina de transparencia da Xunta e nin sequera figuraba no texto que se remitiu para o informe á Asesoría Xurídica Xeral.

Queremos que vostedes se comprometan a que esta lei se desenvolva no prazo dun ano. Non é que a lei orixinaria sexa do ano 2001 —dezaoto anos de retraso—, é que non ten regulamento, nunca foi desenvolvida regulamentariamente. Queremos que o fagan vostedes nun ano dende que entre en vigor esta lei, que seguirá a súa tramitación nesta cámara.

Queremos que exista un orzamento real para que a lei sexa real e para que as medias e as accións que contén a lei sexan reais. Vostedes non cumpren nin sequera o seu orzamento.



No exercicio 2008-2009 o gasto real chegaba, máis ou menos, aos trinta e sete millóns de euros; no 2016-2018 baixou un trinta por cento. A media anual é de algo máis de vinte e seis millóns, e vostedes deixaron sen executar do orzamento do ano pasado 3,6 millóns de euros para a conservación da natureza e a biodiversidade, un doce por cento do total, case todo en investimentos; tendo en conta, ademais, que vostedes o único que poñen é o corenta por cento dos fondos, porque o sesenta por cento dos fondos restantes veñen de fondos europeos. Aínda así, baixaron un trece por cento e aínda así, con relación ao ano pasado, vostedes non executaron un doce por cento.

Queremos unha lei participativa que escoite as organizacións ecoloxistas, que onte, efectivamente, dixeron que vostedes rexeitaron a maior parte das súas emendas. Ese sesenta e catro por cento aceptado total ou parcialmente nós —os grupos da oposición— sabemos o que é, porque a aceptación parcial soe ser cambiar unha coma de sitio. Claro, se iso conta como emenda, pois, efectivamente, vostedes aprobarían o sesenta e catro por cento. Veremos cantas aproban das emendas que lles propoñamos dende os grupos da oposición.

En definitiva, o que queremos é unha lei de protección da natureza que xa queríamos no ano 2008, pero que non puidemos rematar porque a Xunta variou en marzo de 2009. Queremos participar nela e queremos consensuar o seu texto, porque é verdade que é necesario que Galicia sexa verde, pero non grazas ao seu traballo nestes dez últimos anos, non grazas ao seu traballo no presente e agardemos que tampouco no seu traballo no futuro.

Por ese motivo, porque queremos unha nova lei de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, ímonos abster á emenda proposta polo grupo de En Marea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora vilán.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Bos días, señorías.

Eu, como primeiro voceiro do meu grupo en estar aquí e falar e como compañeiro tamén de comisión, quero facer un recordo sentido a Raúl Fernández. Foi unha voz sosegada e foi unha voz tranquila que, sen embargo, se facía escoitar moitas veces por riba do rebumbio que se produce nesta cámara. Co cal, eu quero que estas primeiras palabras sexan de recordo para un membro da familia socialista e un amigo de todos os que tivemos oportunidade de poder compartir, de poder facer un debate con el e tamén de ser beneficiarios do seu gran respecto, do respecto que sempre amosou polos adversarios políticos no debate. (*Aplausos.*)

Xa indo ao novo texto que hoxe vai continuar o seu trámite, porque, obviamente, o noso grupo vai rexeitar a emenda á totalidade que presentou o grupo do señor Sánchez, primeiro quero aclarar que hoxe non estamos aquí para debater sobre a lei, hoxe estamos aquí para debater sobre a emenda á totalidade que presenta o señor Sánchez. É dicir, do resto entendo que haberá que respectar os trámites parlamentarios e os procesos parlamentarios, e xa te-



remos tempo e momentos para poder debatelo tanto na ponencia, como na comisión, como despois aquí, no pleno. E penso tamén que se xa imos coas posicións tan marcadas e se xa imos tamén cunha confrontación tan directa contra a propia lei, contra o novo texto, vai ser moi difícil que poidamos acadar algún tipo de acordo. Pero eu penso que é unha oportunidade e, xa que temos un novo texto, que polo menos haxa certa predisposición a que se poida acadar algún tipo de acordo.

Este texto pasou xa polos procesos de participación e información pública, e non é certo o que vostedes están dicindo. Eu estiven aquí repasando as alegacións, tomei nota dunhas cantas delas e, ademais, por suposto, doulle credibilidade ao que dixo a conselleira: son 637 alegacións que foron incorporadas ao texto, preto do sesenta e cinco por cento. ¡Home!, eu estou vendo aquí: Sociedade Galega de Historia Natural, incorpóranse alegacións aos artigos 3, 5, 11, 12, 21, 26, 33, 44, 47, 62, 76, 81 e 115; Adega, incorporáronse alegacións aos artigos 3, 11, 15, 17, 19, 26, 116 e 121; Colexios de Biólogos, aos artigos 2, 3, 11, 15, 17 e 80. E, así, seguimos co Colexio de Enxeñeiros de Montes, coa CIG —¡fíxese!, este goberno estimou tamén algunha alegación aos artigos 2, 13, 115, 116...— UXT, Comisións Obreiras, Sindicato Labrego, as reservas da biosfera, Universidade da Coruña e Confederación de Empresarios de Galicia, que tamén fixo as súas aportacións. É dicir, non é certo o que vostedes están a dicir. Houbo, escoitouse e aceptáronse moitísimas alegacións, e algunhas outras seguramente que nós, no noso proceso parlamentario, podemos tamén estimar algunhas delas.

Non é certo que as alegacións que se estiman parcialmente sexa porque se move unha coma. Eu participei en procesos de elaboración de leis, eu tiven aquí a oportunidade de traballar con vostede, de traballar coa señora Vilán e co señor Casal na elaboración dunha lei e as estimacións parciais que se fixeron ás súas emendas non eran de mover comas. ¡Home! Dígamo xa, porque entón tamén partimos doutra actitude para a nova lei, para traballar doutra forma. Porque se ao final, despois do esforzo grandísimo que se fai para chegar a acordos e para transaccionar iniciativas, despois o único que imos recibir é o seu desprezo e a negación dese esforzo que se fai para chegar a esas transaccións, ¡joia!, temos un debate que vai ser moitísimo máis rápido e moitísimo máis cómodo, se me din que é esa a súa actitude. ¡Claro!, evitamos xa entrar a debater sobre os puntos. Se a súa resposta vai ser a mesma: votar que non e despois negar todo ese esforzo e todo o traballo que se fai, pois mal imos; pero eu penso que estamos a perverter o traballo que se ten que facer no Parlamento.

A nosa obriga é debater e a nosa obriga é chegar a acordos. ¡Oia!, chegar a acordos non quere dicir que o señor Bará veña aquí con dez puntos e que eu teña que admitir os dez puntos; mal imos se é así, mal imos. Eu penso que falar e chegar a acordos é chegar a posicións tamén intermedias. Pero xa sabemos que, ás veces, o debate parlamentario é como é, e ás veces hai que negar a realidade para non moverse da súa posición. Recoñecer méritos ao partido do Goberno entendo que ás veces para a oposición é moi custoso e non vai estar xa-mais por ese labor.

Esta nova norma potencia tamén a información e favorece os mecanismos de colaboración, cooperación e participación da sociedade para garantir a protección do patrimonio natural, e é un texto que incorpora, ademais, importantes novidades. Un pouco en forma de resumo: a declaración de microrreservas, que está enmarcada dentro da categoría de reserva natural,



é unha nova figura que busca preservar e protexer espazos menores, de superficies menores a vinte hectáreas, que conteñan hábitats ou especies ameazadas; esa é a finalidade que teñen as microrreservas. A nova norma tamén vai permitir que o ámbito dun espazo natural poida comprender varios concellos. Mellóranse tamén os mecanismos de protección, conservación e mantemento das especies que habitan en Galicia. Endurécese o réxime sancionador, e o que é máis importante é que o novo texto presta tamén un especial interese e unha especial atención non só á sanción en si, senón tamén á reparación e á reposición do patrimonio natural danado.

Señora Bará, vostede non fixo unha emenda á totalidade, sen embargo, defendeu aquí a emenda do señor Sánchez quizais con bastante máis vehemencia do que o fixo o propio señor Sánchez. Non sei que pasou, non sei se vostedes tiñan a intención de rexistrar unha emenda e non o fixeron, non sei se estaban noutras cousas, pero é difícil entender que vostede lle bote máis vehemencia que o señor Sánchez.

Eu, señora Vilán, non entendín ben: vostede está de acordo, pero cre que esta lei chega tarde. Eu estiven a repasar as proposicións que fixeron os diferentes grupos e non vin tampouco ningunha proposición de lei sobre o patrimonio natural. Entendo que, se realmente consideramos que era tan necesaria e que está esta lei tan desfasada, hai un ano, hai dous ou hai tres o seu grupo traería unha lei a esta cámara. A realidade é que este texto estamos a debatelos e estamos a falar del porque é o Goberno o que o trae á Cámara.

Pero si que estou de acordo con vostede nunha cousa, e seguramente imos poder chegar a un acordo cunha emenda súa que di que pensa vostede que é bo que a señora Vázquez veña dentro de dous anos dar conta da evolución desta lei. Eu non só creo que é bo que a señora Vázquez veña, senón que seguramente a señora Vázquez vai ser a seguinte conselleira de Medio Ambiente e vai ter que vir dentro de dous anos tamén dar conta da aplicación desta lei, porque entendo que nas eleccións volverán os galegos confiar no Partido Popular para que a señora Vázquez poida ser conselleira. (*Aplausos.*) ¿Ve, señora Vilán? Se fai vostede propostas axeitadas, o noso grupo vains apoiar e vai compartir tamén a vontade de que compareza aquí a señora Vázquez dentro de dous anos.

En resumo, a lei contempla importantes avances e aspectos moi positivos. Mostra diso é que só un grupo —que, ademais, é o que está estes días en liortas e o que anunciou tamén a súa división— presenta unha emenda á totalidade; unha emenda á totalidade que parece que é máis froito dun posicionamento prefixado e dunha forma de entender a política como unha confrontación continua que dunha análise do novo texto que se trae á Cámara, tamén das alternativas que podería haber dese texto e de buscar o mellor, por suposto, para a nosa terra.

Dáme a sensación de que, fose cal fose o texto que vai continuar hoxe o procedemento parlamentario, o grupo do señor Sánchez ía facer unha emenda á totalidade; buscaría unha serie de argumentos inverosímiles, retorcerían vostedes o significado do novo texto e virían aquí cunha emenda á totalidade e cun discurso moi parecido ao de hoxe.

O que vostede fixo hoxe non é ningunha sorpresa para ninguén: fixo unha xustificación da súa emenda cunha serie de argumentos feitos, precisamente, para xustificarse, e iso creo





que é importante para entendela. Vostede non fixo unha análise do novo texto, vostede non perdeu un minuto en reflexionar se o texto era bo ou se o texto era bo pero era susceptible de mellora; vostede partiu da base de que, como o texto o trae un goberno que non é do seu partido ou que non son vostedes, este texto xa era malo. Polo tanto, emenda á totalidade e, logo, a pensar como imos defender esa emenda.

Para iso fai unha serie de afirmacións que ou ben son falsas ou ben hai que ter moitísima imaxinación para dalas por boas. Por exemplo, di vostede que hai certos nesgos de esquecementos que non son tal; non só é que sexan falsos, senón que, ademais, algún deses esquecementos que vostede di que non están na lei resulta que si que están na lei. Vostede di que o artigo 84 esquece o punto 7 do artigo 46 da lei do 2007, pero é que resulta que vai no artigo 95.5. ¿Cal é o problema para o seu grupo, que en vez de estar numerado no artigo 84 está no artigo 95.5? Mire: eu dubido moitísimo que vostede non se dea conta do seu erro, pero quedoulle tan ben a emenda que *si cuela, cuela*, e xa está. Eu penso que hai que ter un pouco máis de rigor, e xustificar unha emenda á totalidade porque unha cousa vai nun artigo e non no que vostede quere penso que ten bastante pouco rigor.

Xustifica tamén vostede a súa emenda porque o texto non regula cuestións tan importantes como as nosas rías ou diferentes aspectos da política forestal agrícola. Mire: a protección do medio ambiente ten unha compoñente transversal, de xeito que todas as normas sectoriais, entre elas a de materia forestal, a de pesca e a agrícola, deben recoller a preservación do medio e as medidas necesarias para a preservación. Dende esta premisa, ¡home!, resulta evidente que esta norma non pode nin debe conter unha regulación específica para cada unha destas materias sectoriais, dado que isto levaría a unha certa extralimitación da propia lei.

Partindo de que esta lei non pode substituír as leis sectoriais, partindo de que son necesarias todas esas leis sectoriais, non podemos regular a través da Lei de patrimonio natural o resto dos sectores da nosa comunidade, pero si que pode —e así o fai— recoller unhas directrices mínimas nos diferentes sectores que teñen maior incidencia na materia medioambiental, como por exemplo a que realiza no relativo á actuación forestal, que se xustifica, precisamente, na importancia do sector forestal da nosa comunidade autónoma e que ten por obxecto, ademais, garantir que as actuacións forestais se realicen de xeito compatible cos obxectivos deste proxecto de lei.

Só a modo de exemplo: o artigo 17 céntrase nas actuacións forestais e no artigo 19 recóllese unha referencia expresa á necesidade de que na planificación forestal se integre como un dos seus obxectivos que os aproveitamentos forestais non causen prexuízos en determinados espazos. Tamén se cita a posibilidade de que se poidan elaborar códigos de boas prácticas que permitan compatibilizar as actuacións de carácter sectorial coa conservación do patrimonio natural.

No caso das rías galegas, quero lembrarlle que hai unha regulación específica, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e, máis en particular, o seu artigo 6, que fala precisamente do réxime especial de protección da calidade das augas das rías de Galicia, no título no que se establecen as normas de protección de augas para as nosas rías. Co cal, se está regulada nesa lei a protección das nosas rías, non terá moito sentido que vaíamos reproducindo e facendo copia e pega dunha lei ás outras.



Logo, señoría, fai vostede acusacións moi graves e, ademais, fainas vostede con moitísima facilidade e sen ningunha base. Di que a lei mantén tics característicos deste goberno que abren a posibilidade de discrecionalidade na actividade urbanística e económica nos espazos protexidos. Mire: hai unha normativa básica estatal que é vinculante para nós, que é vinculante para o resto de comunidades autónomas e que é vinculante tamén para os municipios, e no noso texto déixase clara a prevalencia dos instrumentos de planificación e xestión dun espazo protexido sobre calquera outra planificación sectorial e urbanística; iso pono directamente a lei. E, se se refire vostede ás excepcións que se recollen no artigo 50, números 2 e 3, do proxecto de lei, cando concorren «razóns imperiosas de interese público de primeira orde», é porque estas excepcións están recollidas no artigo 19, números 3 e 4, da lei do 2007, que, tal como establece a súa disposición final segunda, é normativa básica e estatal e, polo tanto, é vinculante para nós. Ou sexa, que o que nos obriga a lei estatal a reflectir na nosa lei para vostede é motivo de emenda á totalidade.

Pero é que o mellor de todo é que o que para vostede é motivo de emenda á totalidade por un lado, que a nosa lei se faga de acordo coa lexislación básica, por outro quériase e tamén é xustificación da emenda á totalidade, porque non reflectimos na súa literalidade parágrafos que están na lei básica estatal do 2007.

Señor Sánchez, o artigo 2 da lei do 2007 unicamente fai referencia aos principios inspirados desa lei, que non requiren unha transcripción literal no proxecto de lei autonómico, senón que sexan observados no mesmo. Resulta evidente que o proxecto de lei ten que adecuarse á normativa básica, pero isto non pode supor ter que reproducir na súa totalidade os contidos da dita lei, xa que logo sería moi difícil que xustificásemos aquí que precisabamos unha lei específica para a nosa comunidade se ao final o que iamos facer —que é o que propón vostede— é un copia e pega da lei de carácter estatal.

En consecuencia, estes principios incorpóranse ao texto do proxecto de lei, xa sexa de xeito expreso, como ocorre cos principios 2.a) e 2.e), ou ao longo do seu articulado, como ocorre co principio que incide no desenvolvemento sostible referido aos espazos naturais e seminaturais, que está inserido ao longo de toda a lei.

En relación coa superficie mínima para a consideración de novos parques naturais, este proxecto de lei regula os espazos naturais protexidos e clasifícaos en oito categorías: reserva natural, parque, monumento natural, humidal protexido, paisaxe protexida, espazo protexido Rede Natura 2000, espazo natural de interese local e espazo privado de interese natural. Efectivamente, unha destas categorías son os parques, que se regulan no artigo 24 e que se definen —e non sei se vostede está en contra desta definición— como áreas naturais que, pola beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, fauna ou da súa diversidade xeolóxica, incluídas as súas formacións xeomorfolóxicas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...eses valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos cuxa conservación merece unha atención preferente. A mesma singularidade dese espazo natural



protexido require establecer un requisito de superficie mínima continua e non fragmentada. Ademais, pasa o mesmo coa regulación nacional —que di vostede que non é así—: a Lei de parques nacionais, precisamente, establece tamén unhas limitacións de espazos.

Así podería seguir con todos e cada un dos argumentos que vostede utiliza. Son argumentos que non xustifican unha emenda á totalidade, vostede é plenamente consciente diso.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** O resto dos grupos tamén saben que non son xustificativos dunha emenda á totalidade e por iso non fixeron unha emenda.

Eu o que desexo é que, agora que se vai iniciar o proceso parlamentario de elaboración da lei, poidamos chegar a acordos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Eu xa recordei que tiven a oportunidade de traballar con outros deputados para aprobar outras leis.

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Espero que con esta sexa o mesmo, que sexamos capaces de acadar acordos e de poder transaccionar e que, ao final, poidamos aprobar entre todos a mellor lei para Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Veña, póñanse á faena.

*(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Grazas.

Réplica do grupo emendante. Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días outra vez.

Di o Partido Popular que non nos gusta recoñecer os méritos do seu partido; ¡teñen moitos méritos vostedes!. Vostedes pensan que nós, como membros da oposición, temos que vir aquí dicir que chove e non que mexan por nós, claro.

Teñen os méritos, por exemplo, de non cumprir a lei, de ter unha Lei de conservación da natureza do ano 2001 que fixaba uns criterios fundamentais de conservación da biodiversidade, os plans de recuperación para as especies en perigo de extinción ou os plans de conservación para as especies ameazadas, cun catálogo aprobado por decreto en 2007 con duascenas especies, e o labor do Goberno Feijóo dende o ano 2009 é facer tres plans das duascenas, e queren que veñamos aquí recoñecerlles o seu bo labor. Vostedes, que prome-



teron aprobar as directrices da paisaxe no 2017 —o señor Feijóo prometeuno en decembro do 2016 e estamos a 25 de xuño de 2019—, queren que veñamos aquí dicirlles amén a todo.

Vostedes din que non se xustifica a nosa emenda de devolución; xustifícase. Vostedes estanlles faltando ao respecto, por exemplo, ás oito organizacións ambientais que onte mesmo sacaron unha nota de prensa criticando duramente este texto lexislativo e denunciando que non as tiveron en conta á hora de facer este texto lexislativo. Estanlles faltando ao respecto, porque están dicindo que non teñen razóns para opoñerse rotundamente a unha lei que non mellora o futuro da conservación natural deste país.

Non estamos aquí pola confrontación continua como fin último, pero é evidente que, coa súa concepción de modelo económico e de protección medioambiental, non podemos máis que estar en fronte, claro que si. Estamos en fronte do seu modelo, que permite que non se cumpran nin sequera as leis que vostedes aproban por maioría. Permite que se reactiven canteiras na serra da Enciña da Lastra cando estiveron paradas durante máis de cinco anos. Vostedes non fixeron cumprir a lei iniciando un expediente de caducidade desa canteira e, así, o que se está facendo é unha fraude de lei, estase abrindo unha nova canteira nun parque natural, non se está reactivando a actividade dunha canteira. Vostedes permiten que na serra do Iribio se instalen parques eólicos, cando é Rede Natura. Vostedes non aproban a ampliación da Rede Natura para consolidar primeiro os parques eólicos que están en tramitación e favorecer eses intereses, porque saben que se se amplía antes non poderían nunca ubicarse alí.

Pois claro que confrontamos con vostedes, pero confrontamos con argumentos, e xa llelos din. A limitación que establece a lexislación estatal de superficie dos parques é nos parques nacionais, non nos parques naturais, dos que non establece ningunha limitación. Pero aínda que a establecese, vostedes teñen que vir aquí e explicar os argumentos polos cales vostedes establecen esa limitación que faría que, de estar en vigor, só houbese un parque natural actualmente en Galicia e cinco dos seis non puidesen ser parques naturais por esa limitación. Teñen que vir aquí argumentar, e non descualificar os argumentos que nós presentamos aquí. ¿Por que establecen esa limitación? Iso é do que nos teñen que convencer se queren un debate construtivo, e non simplemente descualificar as proposicións da oposición.

Ou, por exemplo, teñen que xustificar por que non se crea un catálogo galego de especies exóticas invasoras, quedando así ao albur do que decida o catálogo do Estado, cando se sabe que a actuación temperará fronte á invasión destas especies é fundamental. ¿Por que vostedes non queren pillar os dedos cun catálogo galego de especies exóticas invasoras?

Vostedes teñen que xustificar o concepto —non estou citando a Manquiña— que vostedes expresan na lei sobre microrreserva, que é un concepto que non ten nada que ver co introducido na lei valenciana, por exemplo. A microrreserva aquí, neste texto lexislativo, considérase un tipo de reserva natural, que é a figura máis restritiva dentro dos espazos naturais protexidos. Nós entendemos que integrar as microrreservas na figura de protección de espazos naturais máis estrita resta capacidade e posibilidades para a súa declaración e funcionamento. O concepto de microrreserva que xorde en Valencia na década dos noventa expresa un modelo alternativo ás figuras clásicas de espazos naturais protexidos, moitas



veces rexeitados socialmente e que na práctica, por veces, resultaban pouco operativos. Teñen a virtude de asegurar o estado de conservación favorable de pequenas poboacións de flora e fauna de comunidades endémicas ou con escasa significación territorial, minimizando os conflitos sociais que poderían provocar outras figuras canónicas. Este é o concepto de microrreserva que nós cremos que se debería de incorporar.

Vostede, por exemplo, fala das súas determinacións lexislativas sobre a custodia do territorio, onde vostedes fan un cambio drástico que pode prexudicar o labor que xa están comezando a facer as ONG deste país, xa que esta lei só contempla aqueles acordos sobre o xeito de conservar e xestionar a parcela, nos que o titular non cede dereitos sobre a propiedade. A maior parte das actuacións de custodia do territorio veñen a raíz de acordos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...de compravenda ou alugamento, que non se contemplan nesta lei e que poden ser tamén unha obxección a esa actividade. Tamén inclúen o dereito de tanteo e retracto en varios tipos de espazos protexidos, pero desbótano en parcelas localizadas na Rede Natura; cremos que é un erro.

E, así, poderíalle dar moitos dos argumentos polos cales, evidentemente, presentamos esta emenda de devolución, porque esta lei empeora a situación actual de conservación ambiental e porque, ademais, vén precedida dunha escasa credibilidade dun goberno que nin sequera fixo cumprir nin implementou a lei anterior.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

### **Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Procede agora o debate e votación do Ditame sobre o Proxecto de lei de ordenación farmacéutica. Mantéñense para o debate as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do Ditame da comisión ten a palabra o vicepresidente da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o señor Tellado.

**O señor VICEPRESIDENTE DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO (Tellado Filgueira):** Grazas, señor presidente.

O Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento con data 8 de marzo de 2019. A súa admisión a trámite efectivizouse pola Mesa do Parlamento na reunión do 20 de marzo, procedendo á apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou o 8 e o 29 de abril para as emendas á totalidade e ao articulado, res-



pectivamente. Concretamente, a emenda á totalidade de devolución presentada polo Grupo Parlamentario de En Marea rexeitouse na sesión plenaria do 7 de maio. Pola súa parte, as emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de cento cincuenta: cincuenta e tres do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, setenta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, vinte e dúas do Grupo Parlamentario de En Marea e cinco do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do 9 de maio, designou a ponencia encargada de elaborar o informe, que se constituíu o 13 de maio, e nas catro reunións seguintes as ponentes e os ponentes titulares, dona Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, dona Eva Solla Fernández do Grupo Parlamentario de En Marea, don Julio Torrado Quintela do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e dona María Monserrat Prado Cores do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, elaboraron o informe coas recomendacións definitivas, que emitiron con data 29 de maio.

Posteriormente, a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do 13 de xuño, aprobou o Ditame que estou a presentar por nove votos a favor e tres en contra, incorporando ao texto do proxecto de lei, ademais das correspondentes emendas técnicas, corenta e nove emendas, oito delas transaccionadas.

Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Comezamos, polo tanto, o debate coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Moi bo día aos representantes das oficinas de farmacia, que vexo que están na tribuna acompañándonos neste debate.

Efectivamente, estamos na fase final da tramitación desta Lei de farmacia de Galiza e no BNG seguimos a manter que esta lei é unha oportunidade perdida. Cremos que é unha lei mellorable nalgúns dos aspectos que contempla e tamén, sobre todo, en cuestións que non recolle esta lei.

A verdade é que por moito que se insista en que esta é unha lei integral, e así se establece na exposición de motivos da propia lei e tamén na comunicación pública e publicada que fixeron tanto os responsables da Consellería de Sanidade como o propio presidente da Xunta, de que esta era unha lei integral que abordaba os aspectos fundamentais da atención farmacéutica



en Galiza, dende logo, no BNG cremos que non, que basicamente queda en aspectos de regulación das oficinas de botica.

Contempla dun xeito moi profuso aspectos comerciais, mais non así os asistenciais, e deixa demasiados aspectos sen desenvolver a expensas de desenvolvementos regulamentarios futuros sen espazo temporal delimitado para abordar os mesmos. Cremos, por iso, que é unha oportunidade perdida para regular a atención farmacéutica en atención primaria, a súa articulación e a súa integración, e que está bastante lonxe de ser esa abordaxe integral.

O BNG presentou cincuenta e tres emendas parciais referidas a distintos ámbitos co obxecto de mellorar esta lei e de introducir aspectos que non contempla a mesma. Teño que dicir que, a pesar do bo ambiente, o talante e a predisposición formal ao diálogo, a tradución práctica foi a aceptación de cuestións menores e ningunha delas de calado. Non foron aceptadas polo partido maioritario, polo partido Popular, cuestións que dende o BNG considerabamos máis relevantes e que era bo que quedasen reflectidas nesta lei. Aceptáronse —como digo— algunhas cuestións menores, como que o ámbito de aplicación desta lei é Galiza, cuestión obvia, pero que non aparecía na lei; que as oficinas de farmacia teñen que ser accesibles para as persoas con diversidade funcional, que tamén, sorprendentemente, non aparecía recollido na lei; que as actuacións deben realizarse no ámbito da saúde pública e non só na adquisición, custodia ou distribución de medicamentos, ou o cambio de denominación de establecementos de asistencia social por establecementos de atención sociosanitaria.

Dende logo, no BNG cremos que as palabras significan, que as palabras reflicten unha realidade, e cremos que temos que sobardar xa ese aspecto de atención social por unha atención sociosanitaria. Non en van, a propia Xunta de Galiza e a Consellería de Sanidade no ano 2013 aprobaron o Plan de atención sociosanitaria, pero logo, infelizmente, practicamente non pasou do papel. Pero iso parécenos que non é unha cuestión para que nesta lei que se vai aprobar non aparecera ese concepto de atención sociosanitaria e non o concepto de asistencia só social, porque temos unha poboación cada vez máis envellecida que necesita esa atención nese dobre aspecto, sanitario e social, ou sexa, sociosanitario.

As que non foron aceptadas foron as emendas que propuña o BNG que ían cara a modificacións máis profundas. Para empezar, cuestións referidas ao uso do galego, unha cuestión sobre a que tamén fai referencia o propio informe do CES, a respecto de que se deben usar para a numeración letras que estean contempladas no alfabeto galego e que se desboten, por exemplo, o iota ou o ka, porque non forman parte do alfabeto galego; pois non se tomou en conta, é dicir, desbotouse que iso fose así.

Tamén demandabamos que se puidera establecer indistintamente farmacia ou botica; son as dúas perfectamente válidas, son as dúas perfectamente correctas, as dúas están contempladas no *Dicionario da Real Academia Galega* como sinónimos e non entendemos por que esa negativa de que non se poida usar a nomenclatura de botica. Tamén propoñiamos a discriminación positiva do galego na información sobre os servizos de garda, que deberan estar, cando menos, en galego. Optouse por unha fórmula de bilingüismo harmónico que, dende logo, cremos que non é suficiente.



Tamén presentamos emendas referidas a dar concreción e dar seguridade aos tipos de venda que deben quedar prohibidos: que quedase dun xeito explícito e nidio nesta norma que quedaba prohibida a venda ambulante, a venda a domicilio, a electrónica ou por correspondencia; que quedaba prohibida a intermediación con ánimo de lucro de terceiras persoas, ou a venda ou comercialización de medicamentos devoltos ou entregados polas persoas doentes. Cremos que debería quedar dun xeito explícito nesta lei, aínda que estas cuestións poidan aparecer recollidas noutras normas, pero parecíanos que era o momento tamén de que estivesen aquí incluídas. Tampouco foron aceptadas.

Presentamos emendas na dirección de que a administración sexa a que tome as decisións no caso de que a persoa titular da concesión da farmacia non poida seguir á fronte da oficina de farmacia. Teño que lembrar que as farmacias son concesións públicas a beneficio dunha persoa titular, polo cal é normal —nós considerámolo no BNG— que sexa a administración a que determine como, cando, en que prazos e en que condicións se xestiona esa titularidade: o nomeamento da persoa rexente e quitar de novo a concurso a utilización das transmisións pola consellería competente, ou o concurso de méritos previo para determinar a orde de preferencia para esa transmisión. Discordamos con que non se contemple isto así e con que tampouco se contemple un horizonte temporal para convocar novos concursos de adxudicación. Cremos que é bo dar seguridade e que haxa uns prazos onde eses concursos se teñan que convocar.

Tamén quero amosar a preocupación por que esta norma deixe a porta aberta á exclusión farmacéutica de partes do territorio de Galiza. Cremos que se priman os criterios de rendibilidade económica na vez das necesidades da poboación. O CES tamén, no seu informe, establece que con esta lei non se garante a asistencia farmacéutica en partes do rural do noso país. Dende logo, no BNG concordamos e compartimos esta preocupación manifestada polo CES. Contempla a norma que en todos os concellos de Galiza pode haber unha oficina de farmacia; cremos que ese «pode» significa que, se non a hai, non se incumpre a lei, co cal, dende logo, deixa a porta aberta a que concellos enteiros poidan nin sequera ter unha oficina de farmacia. Dende logo, cremos que a preocupación polo rural —e esta ía ser a lexislatura do rural para o Partido Popular— non pode concretarse en máis perda de servizos no ámbito rural e, polo tanto, debía contemplarse. Nós presentamos unha emenda de que, como mínimo, en cada concello ten que haber unha oficina de farmacia; parécenos que é un mínimo que debería quedar establecido nesta norma e que non queda así.

Estamos tamén no BNG totalmente en contra de que nesta norma quede recollido o dereito á obxección de conciencia. Dende logo, cremos que a obxección de conciencia de profesionais que teñen unha concesión pública para a dispensación de fármacos e dispositivos non pode quedar contemplada nunha lexislación coma esta. Coidamos que atenta contra o dereito dos cidadáns a acceder a fármacos ou a dispositivos que son legais, que están autorizados. Dende logo, a posición ética e moral das persoas titulares da concesión non pode limitar o dereito ao acceso a ningún fármaco nin a ningún dispositivo que sexa legal e que estea a autorizada a súa comercialización. Parécenos que non procede que quede contemplada esa obxección de conciencia.

Preocúpanos tamén que se estableza que as oficinas de farmacia prestarán os seus servizos en réxime de liberdade e flexibilidade horaria. Dende logo, é ben sabido que no BNG estamos





en contra desa ultraliberalización no aspecto comercial, e, tal e como queda contemplado nesta lei, hai a consolidación desa liberalización comercial. Presentamos unha emenda para suprimir ese aspecto de liberdade e flexibilidade horaria coa pretensión de acoutar os horarios. Defendemos a necesidade de atender a poboación, pero isto non pode ser a expensas de fomentar un consumismo desaforado ou a escravitude horaria de establecementos comerciais como son a maioría das farmacias, que son atendidos en réxime practicamente familiar ou cun só boticario ou boticaria á fronte.

Creemos que é posible un horario regulado e operativo, que se saiba cal é o horario de apertura e de peche, con franxas horarias; estivo nunha época establecido así. Pódense establecer incluso diferentes tramos horarios con ampliación de día ou ampliación de noite, mais cremos que debería quedar regulado e non simplemente así, dun xeito xenérico, liberdade e flexibilidade horaria, que cremos que é un pouco fomentar a lei da selva. Cremos que nun servizo público regulado non debería quedar deste xeito.

Preocúpanos tamén que, mentres se reducen horarios na sanidade pública, se pechan consultas en horario de tarde e se dificulta o acceso da poboación á sanidade pública, logo non haxa ningún problema á hora de fomentar esa liberdade e flexibilidade horaria. Parécenos que hai un dobre rasero ou unha dobre vara de medir: mentres se intenta achicar o espazo da sanidade pública, por outro lado, non hai ningún problema nesa liberdade dun servizo público, aínda que sexa dispensado por empresas privadas, como é o servizo de farmacia.

Tamén mostramos a nosa preocupación porque a planificación das oficinas de farmacia, segundo queda contemplada nesta lei, ten que garantir soamente unha atención conveniente, oportuna ou eficiente. Parécenos, dende logo, que é insuficiente, moi insuficiente, esta consideración e que esa atención e planificación das oficinas de farmacia debe realizarse con base nas necesidades de atención farmacéutica á poboación e, ademais, en equidade. Non debe soamente ser unha atención conveniente e oportuna, senón que ten que haber unha planificación que responda ás necesidades de equidade, as necesidades de que a poboación ten que ter garantidos uns mínimos e en todo o territorio.

Como dicía antes, as oficinas de farmacia teñen a peculiaridade de que son establecementos sanitarios que teñen a condición de servizo de interese público, mais son de propiedade privada como concesión pública. Son as que dispensan os fármacos que son prescritos no sistema público. É dicir, forman parte do elo do sistema público, son a última parte dese elo onde ten que conxugarse ese interese público de servizo, e non o interese de lucro, evidentemente. Os empresarios que teñen unha concesión buscan un beneficio económico, pero ten que estar sempre conxugado co interese da poboación de recibir unha asistencia de calidade e en todo o territorio. Entón, cremos que, dende logo, esa consideración da planificación tamén deixa a porta aberta a que haxa desequilibrios no territorio, que cremos, dende logo, que non son nada bos. E preocúpanos tamén que o texto non fai referencia á adherencia e dificultade de acceso a medicamentos de colectivos vulnerables por non afrontar os copagos ou de colectivos que quedan excluídos.

Polo tanto —insisto—, agradecemos ese bo talante, pero botamos en falta que non houbera esa dispoñibilidade a ir a cuestións máis de calado como as que acabo de enumerar. Dende



logo, insisto en que cremos que é unha oportunidade perdida para regular dun xeito efectivamente integral —non que integral sexa unha verba contida na norma, mais que logo non se desenvolva dese xeito— cunha lei en que o interese público fose o elemento determinante e cunha lei onde por parte da administración, por parte da Xunta de Galiza, se quixese ir máis alá dunha regulación de cuestións como superficies, condicións hixiénicas, acceso ou traspaso das oficinas de farmacia.

Dende logo, cremos que esta lei queda coxa en determinados aspectos —como dixen ao principio— por cuestións que contén, que cremos que deberían contemplarse doutro xeito, e, sobre todo, por amplos elementos que non contén.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e todas. Bo día, señor conselleiro.

Bo día tamén ás persoas que nos acompañan hoxe, seguindo este debate desta lei, que contribuíron, ademais —tamén hai que recoñecelo— a que os grupos puideramos ter unha visión máis ampla, máis implicada e máis profunda da situación e, por tanto, tamén a construír as nosas propias emendas e a provocar un mellor debate, e tamén hai que agradecerlo.

Por facer unha revisión minimamente cronolóxica da evolución deste anteproxecto e proxecto de lei: dende o primeiro momento, dende o Grupo Socialista dixemos que era unha lei insuficiente, que era unha lei cativa e que quedaba a expensas de poder ter algo máis.

Hai aspectos que quedan fóra da lei e nós cremos que era unha oportunidade para regularlos. É unha lei, probablemente, máis de corte empresarial e fiscal que sanitario e, por tanto, iso discrepa tamén con puntos de vista de orixe xa, de por que afrontar unha lei cuxa necesidade de afrontar era de recoñecido interese. Se cadra, dende o noso punto de vista quedan aspectos fóra que non foron tratados ou perspectivas que non foron tan tidas en conta dende o inicio como deberían: dende o noso punto de vista, a garantía plena de acceso e a garantía plena de calidade, contribuíndo a que os propios farmacéuticos teñan unha sostiabilidade maior na lei para poder avanzar e profundar na garantía de calidade do servizo que ofrecen e das oficinas de farmacia, e ter a perspectiva de que o usuario teña tamén unha garantía implantada na lei.

Moitas veces, ao debater sobre esta lei, atopámonos con conclusións sobre que algunhas das cousas que plantexabamos xa estaban incluídas noutras leis, pero moitas veces é moi interesante que poidan estar incluídas nas propias leis que as afectan. Aínda que se repitan, non é ningún problema se se adaptan algúns artigos dunha leis a outras —repetindo, evidente-



mente; non contradicindo— para darlle unha cohesión maior aos documentos. Dende o noso punto de vista, iso non estaba de todo completo.

A garantía de acceso non estaba tratada, existindo algunhas dificultades, como teñen amosado moitísimas enquisas e realidades sociais, e incluso hai algunhas cuestións, como as diferenzas entre as farmacias hospitalarias e as oficinas de farmacia, que non están inseridas na lei e que deberían ter unha especificidade maior. Hai algúns aspectos, algúns baleiros sobre as posibilidades que teñen as oficinas de farmacia con respecto ás farmacias hospitalarias, que non están de todo regulados; non se pretendeu entrar niso e podería ser unha oportunidade para facelo.

Foi, en todo caso, nalgunha cuestión, participativa, sobre todo ao inicio. É certo que se contou coa participación de colectivos dos colexios oficiais e de colectivos representantes das oficinas de farmacia, a pesar de que, ao final, nalgunhas ocasións non existiu —e así nolo manifestaron— algunha explicación de, ante algúns debates provocados no momento de concretar a lei, por que se optou por unhas opcións ou por outras. É bo ser participativo ata o final incluso ata para dicir que non, que tamén, ás veces, é parte da construción do texto. Dende o noso punto de vista, iso demostra tamén que existiu unha boa intención ao inicio nalgunha cuestión, pero ao final parece que quedou todo nalgún ámbito difuso.

Pasou bastante sobre este eido, por exemplo —e xa puxen o exemplo na última ocasión na que tivemos oportunidade de debater isto—, coa aplicación do baremo das concesións: eternamente criticado, duramente criticado por parte do Partido Popular, pero utilizado. Se houbo tanta prisa para modificar a lei, tamén se podería utilizar algunha prisa para modificar algúns baremos. Ás veces os tempos da Xunta de Galicia son camiños inescrutables; ou non, igual se utilizou queréndoo utilizar e non se quería modificar tanto como se dicía. Pero ben, iso é para outro debate máis filosófico noutro momento.

Conforme esta análise que fixemos ao principio, nós presentamos varias emendas —o grupo político que máis emendas presentou—: setenta. ¿Dirixidas a que? Dirixidas a incluír aquilo que nós considerabamos que estaba fóra, que era o punto de vista dos usuarios: garantir ese equilibrio entre oficinas de farmacia, farmacéuticos e usuarios; que ese paso intermedio e que esa relación entre ambas as partes fose integral en realidade. Non é unha lei integral se integra só unha parte dos puntos de vista.

Nós incluimos varios puntos de vista que criamos interesantes: algúns deles cuestións menores pero que estaba ben que se concretaran e que quedasen explícitas na lei, e algúns —é certo— cunha vontade máis transformadora. Esta é unha lei, en certa maneira, conservadora; é natural e non é criticable nese sentido, pero dende o noso punto de vista necesitabamos ser máis transformadores, por exemplo —e citarei despois—, coa necesidade da revisión do mapa farmacéutico: non dicía de revisar en si —que era outro debate—, senón da necesidade de que os procedementos para a súa revisión fosen o máis amplos e o máis participativos posible.

Defendemos, ademais destas cuestións de puntos de vista, algunhas cuestións de maneira moito máis específica, e voume deter nunha delas: a que para nós foi —e coñecemos os que



foron partícipes do debate da lei— a mal chamada dispensación a domicilio, que no texto se inclúe como entrega informada; as palabras definen moito o que dicimos. Incluso ata é posible —non sei se ademais é tecnicamente posible— ou ata é un termo sobre o que poderíamos debater se modificar. Non é implicitamente unha entrega informada, é unha atención farmacéutica domiciliaria, por ser máis técnicos, e creo que ademais iso conlevaría unha maior aceptación por parte de todos. Unha entrega é algo moito máis simple e isto é un proceso máis complexo.

Falabamos desa cuestión —non só da terminoloxía, que tamén é relevante e insisto en que poderíamos ter a posibilidade de cambiar incluso esa nomenclatura— porque é un proceso que abre algunhas dúbidas. ¿Por que nós plantexamos que era necesario traballar especificamente sobre isto, que ao inicio non había vontade por parte do grupo maioritario? Porque pretendemos cubrir tres cuestións. O primeiro, garantir de verdade esa calidade de atención ao usuario, e, por tanto, ese é un espazo no que é necesario falar, debater e regular sobre isto. ¿Por que? Porque hai realidades que invaden a lexislación e, por tanto, hai que traballar sobre elas e hai que darlles resposta; iso en primeiro lugar. E, a partir diso, ¿que necesitamos? Necesitamos non amazonizar a farmacia. Non podemos converter isto nun proceso de desigualdade competitiva entre farmacias ou entre oficinas que acabe converténdose nunha competencia para ver quen fai mellor as entregas —aí si tería, nese proceso, maior sentido ese termo— e quen ten os repartidores máis rápidos ou os prezos máis competitivos unicamente como criterio de atención farmacéutica. Non é ese o obxectivo, por tanto, nós queríamos limitar ese aspecto. E, en terceiro lugar, garantir a calidade do proceso, cousa coa que imos estar todos de acordo como usuarios, como farmacéuticos e incluso como nin usuarios nin farmacéuticos, pero como cidadáns que observamos e que queremos que o sistema funcione correctamente.

Neses tres eixes plantexamos unha cuestión moi esencial para nós, que era limitar e ser o máis restritivos posible na cuestión desa zonificación farmacéutica con respecto a esa mal chamada dispensación a domicilio, ou o que sería mellor, a atención farmacéutica domiciliaria. ¿Por que? Porque, sendo necesario nalgún caso que debamos de regular, sería posible tratar iso no sentido de facilitar que as oficinas e farmacias que deberían facelo fosen as máis próximas, nese sentido, ao paciente ou á paciente que o demande, por unha cuestión —é certo— de igualdade competitiva ou de evitar a inequidade competitiva entre elas, pero tamén para facilitar unha relación farmacéutico-paciente que fose máis natural. Evitar, en todo caso, que farmacias grandes invadan as farmacias pequenas, por dicilo nun ton un pouco máis vulgar pero que se pode comprender máis fácil.

Por tanto, aí o noso obxectivo era acoutar ese servizo; non eliminalo, ao contrario, regulalo, pero regulalo o suficiente para que, podendo dalo, se garantisen todas as posibilidades necesarias para que se dese coa maior proximidade e fose un servizo de verdade de atención farmacéutica domiciliaria, e non unha entrega lonxana que abriría a porta para acabar sendo un servizo máis amazonizado, por dicilo novamente. Por tanto, ese foi, probablemente, o eixe de debate maior.

¿Que concluímos a partir dese debate? O noso grupo vai votar a favor deste proxecto de lei. Fixemos unha crítica construtiva e facemos agora unha construción crítica —permítanme o



xogo de palabras—. ¿Por que? Pois nós si valoramos, en certa maneira, de maneira moi positiva unha boa actitude dialogante. Nós presentamos setenta emendas —como dicíamos—, pero á parte diso, non só as presentamos, senón que fomos o grupo que máis emendas transaccionou e foron aceptadas bastantes desas: vinte e nove, se non me saen mal as contas entre ambas as cuestións. Nesas inclúese aquela cuestión que para nós esa esencial —como acabamos de explicar— sobre a atención farmacéutica domiciliaria. Por tanto, entendemos que esa vontade de diálogo que todos os grupos mostraron —tamén, por suposto, o grupo maioritario— é necesario reflectila e tamén debe de ser parte do debate parlamentario.

Dende o noso grupo recoñecemos, inevitablemente, as maiorías e queremos gustosamente que se recoñezan as minorías; pero, a partir de aí, ese debate débese construír así, e cremos que ese proceso é razoable. Ás veces —permítame o apunte— gustaríanos que noutros debates do eido sanitario se respectasen as maiorías e minorías nese sentido, especialmente dende o grupo maioritario, pero neste caso si que se fixo, e cremos que esta lei merece tamén ese recoñecemento.

Por tanto, aceptáronse moitas cuestións; é certo que algunhas delas se podían considerar emendas menores, pero algunhas tiñan algún significado para nós. E, dende logo, tamén no último momento se aceptou modificar o que para nós era importante sobre a atención farmacéutica domiciliaria. Por tanto, cremos que esa construción do debate é un proceso natural de construción dunha lei, onde as relacións de forzas deben dialogar para atopar puntos de achegamento. Nese sentido, cremos que tamén hai que referendar esas boas condutas co voto favorable, que —como dixemos sempre— nós non imos ter ningún problema en dar cando así se mereza.

Quedan cousas fóra, iso si, que desexaríamos debater, e, por tanto, non é completa. Non podería ser unha lei que nos satisfíxese plenamente, é imposible; non debería ser nunca unha lei do cen por cento do agrado de ningún grupo, debería ser unha lei construída. Para nós quedan fóra cousas que desexaríamos que estivesen, e permítome mencionar algunhas delas.

A restrición da obxección de conciencia. Dende o noso punto de vista, o usuario debe ter garantido plenamente o seu dereito a ser atendido nas oficinas de farmacia con todas as garantías e con todos os dereitos, e queda algunha porta aberta. Probablemente se pode argumentar que é pequena, que é pequena en número, que é pequena na lei, pero non debera. Os dereitos non son discutibles en parte, son completos ou non son dereitos. Polo tanto, cremos que aí hai un espazo que debera ser mellorado. Os outros grupos tamén presentaron emendas ao respecto. Incluso compartindo fondo, foron algunhas distintas, e non se aceptou debater sobre ningunha delas.

Cremos, ademais, nalgunha cuestión de facilitar servizos nas farmacias pensando nos usuarios, que non foi aceptado debater. Tamén percibimos, en certa maneira, que se regulou moito sobre o exceso de oficinas de farmacia pero houbo unha especial vontade e non regular sobre o déficit. Polo tanto, está ben regular sobre un dos límites: que non exista sobrecapacidade porque é un mercado que está, en certa maneira, intervindo, pero que non exista regulación sobre o déficit provoca que existan espazos baleiros en dificultades para atender algunhas zonas.



Probablemente a lei non fora resolvelas de maneira completa, porque é un debate moito máis profundo e porque ten que ver tamén co investimento privado das persoas que abren unha farmacia, pero ten a necesidade de ser regulado, e aquí pasa por unha zona gris e queda fóra do debate cando a Lei de ordenación farmacéutico está ordenando moito sobre o exceso ou a saturación de farmacias pero non sobre o límite inferior, non garantindo toda a plenitude da atención farmacéutica. Deberíamos afrontar ese problema, que é un problema desde todos os puntos de vista e que, probablemente, non ten unha solución única, e, dende logo, dende o noso grupo asumimos que non temos unha solución perfecta, non existe, pero o que non pode unha lei de ordenación farmacéutica é non regular sobre os mínimos, non deba.

Plantexamos algunhas emendas, moi curiosamente rexeitadas, sobre darlle á consellería máis competencias no control da normativa en global, e foron rexeitadas. Sorprende a vontade do Grupo Socialista de darlle competencias ao Goberno da Xunta e que o Goberno da Xunta o rexeite —o Goberno da Xunta do Partido Popular, permítanme a asociación—. É un pouco o debate de cando un quere outorgarlle a outro máis capacidades e o outro as rexeita, é un debate peculiar. Non acabamos de comprender por que a Consellería de Sanidade non debe ter máis competencias das que ten.

E tamén plantexamos —como dicía antes— sobre o mapa farmacéutico. Non é necesario revisalo inmediatamente, que podería ser, pero si que existise a posibilidade de que houbera máis ollos revisando o mapa, máis aportacións, ou en termos máis estritos. O mapa farmacéutico, que é indubidablemente un criterio político, porque o é, ten un enorme traballo técnico pero ten criterios políticos ao final, porque así se regula normativamente e, polo tanto, as normas e as leis teñen criterios políticos, deba de pasar polo menos polo Parlamento, deba tratarse. En ningún momento dixemos nin sequera votarse, que ata podería ser un debate, pero nin sequera plantexamos iso, simplemente informar, tratar, debater no Parlamento, e nin sequera iso, o cal para nós desmonta unha parte fundamental do deseño da planificación farmacéutica de Galicia, que é ter criterios, precisamente, sobre iso que dicíamos, sobre os excesos ou os defectos ou os límites ou as oportunidades de mellorar o mapa, e iso foi tamén rexeitado.

Polo tanto, cremos que hai cousas que eran mellorables, e continuamos con esa visión de que a lei aínda é demasiado cativa. A pesar diso, dende o noso punto de vista o regulado, o que está dentro, pode ser aceptable. É unha lei que perde, iso si, unha oportunidade de ser mellor, cremos que se perde unha oportunidade de regular de maneira máis completa, e, dende logo seremos rigorosos na exixencia do seu cumprimento, non porque desconfiemos, pero como dicía aquel vello mariñeiro: desconfía, e así serás capaz de confiar moito mellor. Polo tanto, a partir diso seremos rigorosos no seu cumprimento.

Votaremos a favor, agradecemos novamente o talante e a boa vontade dos grupos que participaron nas ponencias, de todos os grupos, e cremos que sería un bo punto de inicio para outras cuestións no eido sanitario nas que, notoriamente, temos máis discrepancias e que, a pesar diso, poderíamos ter aprendido todos que é máis fácil construír con boa vontade que con posicións máis distantes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente. Bo día.

Bo día tamén ás persoas que están convidadas, aos profesionais que están vendo este debate.

Nós xa trasladamos dende o inicio do debate desta lei, e coa emenda á totalidade que presentamos, que entendiamos que esta norma quedaba curta e non facía honra ao nome como Lei de ordenación farmacéutica de Galicia. Xa dixemos dende o inicio que nos parece que as responsabilidades en materia de farmacia e de cobertura farmacéutica da poboación que ten unha comunidade autónoma, que ten neste caso Galicia, abarcan un campo moito máis amplo que o que ten que ver coa regulación interna do funcionamento das farmacias de atención primaria, das boticas no noso caso, e, polo tanto, que entendiamos que había outros temas importantes que non se contemplaban dentro da norma e que, polo tanto, nos parecía francamente escasa na ambición que ten que ter un goberno en relación coa preocupación pola cobertura dos dereitos en materia de farmacia da poboación de todo un país. É dicir, practicamente, agás algún elemento ao que despois me referirei e ao que xa nos referimos durante a comisión tamén, que pode ser certa novidade, como é o que ten que ver coa radiofarmacia e algún artigo mais, o resto dos artigos baséanse fundamentalmente en regular a transmisión e o funcionamento interno das boticas, e, polo tanto, ese é un elemento que para nós quedaba e queda bastante curto como para chamarlle lei de farmacia, de ordenación farmacéutica.

Nese sentido, trasladar que xa anunciamos no seu momento que estabamos de acordo con algúns aspectos que regulaba a norma, pero que botabamos en falta aspectos moi importantes que nos preocupan en relación coa situación da farmacia do noso país, e que non foron atendidas.

Cando presentamos as emendas e faciamos referencia a unha idea que temos defendido non só nesta lexislatura, senón tamén na lexislatura anterior, acerca da necesidade de explorar a existencia de boticas públicas. Sabiamos as diferenzas ideolóxicas co grupo maioritario desta Cámara e, por suposto, coa Xunta de Galicia, e entendiamos que ía ser de difícil posibilidade a súa discusión. Sen embargo, nin sequera foi atendida a posibilidade de discutilo, cando non existe ningún elemento legal no noso código lexislativo que impida este elemento, e nin sequera a súa prospección.

Entendiamos tamén que era un elemento positivo, tendo en conta que o texto regula, efectivamente, os servizos de farmacia de atención primaria e que a proposta que faciamos dende o noso grupo era a vinculación a eses servizos. De feito, creo que vai en consonancia co que acaba de aprobar o Ministerio en relación coa aparente especialización da farmacia en relación coa atención primaria, e se ben temos diferenzas neste aspecto, cremos que paga a pena tamén abordar este elemento. Para nós é un elemento importante, e non entendemos por que se ten que cinguir unicamente neste caso ás empresas — a pesar de ter unha condición de servizo público — que ofrecen ese servizo no noso país.



Con todo, e a pesar diso, xa digo, entendíamos que este era o aspecto que ía xerar máis dificultade por parte do grupo maioritario, pero hai outros moitos que non deberían producir tal dificultade, e voume referir a un elemento que para nós era importante, que era abordar, polo menos de pasada, o que está a pasar coas dificultades —que evidentemente non son únicas na nosa comunidade autónoma, senón que existen no conxunto de España— en relación co abastecemento de fármacos. A norma —por iso facíamos referencia— non fala en ningún caso desta problemática, que afecta tanto ás propias boticas como, evidentemente, aos centros da rede pública, e que é un elemento cada vez máis frecuente, como teñen recoñecido tamén as propias autoridades sanitarias, e mesmo na Comisión 5ª a propia Consellería de Sanidade ten recoñecido este elemento.

Nós propuñamos —iso si, obviamente non como un elemento que resolverse de forma completa esta situación— a necesidade da creación do laboratorio de farmacia pública, non só como un elemento relacionado con este aspecto, senón tamén co necesario investimento en investigación e desenvolvemento por parte da Consellería de Sanidade.

Cada ano debatemos uns orzamentos da Xunta de Galicia que son absolutamente pobres no que ten que ver coa investigación e co I+D+i para a produción de fármacos, que ademais inciden en todos aqueles que non teñen despois, seguramente, un custo e beneficio importante porque non sexan para doenzas moi habituais, e que, evidentemente, dificulta moito que profesionais, que investigadores e investigadoras, se poidan dedicar a este elemento. Neste sentido, propuñamos a constitución do laboratorio, e, sen embargo, non houbo nin sequera a vontade de comezar a falar deste elemento que —xa digo— presentamos todos os anos nas emendas dos orzamentos.

Nin sequera aspectos máis pequenos foron tidos en conta á hora de aprobar as emendas. Un deles é o que ten que ver coa aclaración desa produción de fármacos na radiofarmacia. É dicir, non se acepta para global, si para radiofarmacia, pero, insisto, nós temos presentado unha emenda, que á a número 17, para que se aclare de onde se van prover eses fármacos para os centros públicos. Non existe ningunha relación. Nós preguntamos por este particular nunha comparecencia do xerente do Servizo Galego de Saúde, e dentro desa comparecencia díxosenos que se esperaba que foran os propios centros sanitarios da rede pública os que traballasen producindo estes fármacos que utilizasen os propios centros na súa actividade de probas neste caso. Sen embargo, non aparece contido na lei e tampouco se aceptou a emenda; non entendemos cal é a problemática.

Pero, sen deternos neses aspectos, e para que me dea tempo a facer referencia ao que nos parecían aspectos máis relevantes, para nós había dous elementos que eran moi importantes e que non foron nin sequera observados, e, desde logo, parécenos unha desgraza que unha lei de ordenación farmacéutica non atenda a dificultade de adherencia terapéutica en relación coa problemática socioeconómica dos homes e mulleres deste país. Teño que lembrar aquí que máis de 600.000 persoas en Galicia se atopan en situación de risco de pobreza ou en exclusión social, e que, segundo os datos oficiais do CIS, 100.000 galegas e galegos non retiran os fármacos das oficinas de farmacia porque non teñen cartos para poder pagalos.

Esa é unha realidade que é un drama a nivel social, que, evidentemente, é un problema a nivel sanitario e que non se quixo abordar nesta norma. E figúrense que nós propoñemos





algo tan laxo simplemente como era controlalo, e que ese control que estou seguro que os farmacéuticos e farmacéuticas xa fan, porque se sabe cales son os fármacos que se retiran ou non daqueles que están prescritos, se puidese trasladar e vehiculizar ao resto de profesionais de atención primaria, tanto da medicina como da enfermería, que fan o seguimento ou que teñen contacto máis habitual con estas persoas, para que se tomasen as decisións propicias, como podería ser derivalo a un profesional que atendese a cuestión social dentro dos equipos de atención primaria ou dentro das propias relacións que se manteñen con outros profesionais de traballo social, porque é un problema grave no noso país, e non nos parece unha cuestión menor porque se trata tamén do cumprimento do artigo 10 da Lei xeral de sanidade.

Eu teño que dicir aquí que os datos que aportan algunhas ONG en relación coa pobreza farmacéutica son absolutamente escalofriantes. O 20 % das persoas en pobreza farmacéutica son menores de dezaseis anos no conxunto do país, e con especial incidencia para as persoas maiores de cincuenta anos, evidentemente, como todas as señorías poden supor, polo maior incremento de consumo de fármacos neste caso. É un problema que definen como problema crónico e vergonzante. No caso de Galicia xa se están creando bancos de medicamentos ante a falta de adherencia terapéutica por problemas económicos e sociais.

Esta realidade levámola traendo aquí dende a aprobación do Real decreto 16/2012 e a exclusión de varios fármacos da carteira, fármacos que posteriormente subiron nalgúns casos ata un 200 % o seu prezo de venda ao público. Foi negada de maneira reiterativa por parte da Consellería de Sanidade, tanto no anterior goberno do partido Popular como neste goberno do Partido Popular, e é unha realidade que, a teor dos datos proporcionados de maneira oficial, se reproduce cada vez con máis incidencia neste caso. Polo tanto, parécenos bastante asombroso que cando o que se propón é simplemente un control e unha derivación a Traballo Social, nin sequera se acepte introducir este elemento na norma. Lamentamos moito que sexa así e pedimos unha reflexión antes da votación para poder introducir este elemento, porque non supón nin sequera un gasto para a Consellería de Sanidade e non entendemos como non se quere atender esta cuestión.

A seguinte cuestión que tamén trasladamos, que era importante para nós e que non entendiamos como se podía manter na lei, ten relación coa nosa emenda número 8, que pide a supresión do artigo 9 en relación coa obxección de conciencia.

Este é un debate que xa demos noutras normas e que eu xa lembrei aquí, sendo ponente da lei de dereitos das persoas enfermas terminais que temos vixente dende a anterior lexislatura, e na que a aquela altura decidimos de maneira unánime todos os grupos suprimir a obxección de conciencia, non entendiamos como nunha norma deste carácter se podía manter a obxección de conciencia. É dicir, algo que é un dereito colectivo, que está contido —xa digo— na Lei xeral de sanidade, no artigo 10, como é o acceso aos fármacos, non pode estar limitado por un dereito individual; sobre todo tendo en conta que neste caso estamos a falar de que, evidentemente, se trata de negocios que, pese a ser negocios privados, como xa dixen anteriormente, teñen unha consideración de interese público, e, polo tanto, fan un servizo público que debe de estar garantido ao cen por cento.

Nós xa dixemos que nos parecía moi ben que o Partido Popular aceptase a nosa emenda número 7, que fala do cumprimento en materia lexislativa das normas referidas á igualdade



entre mulleres e homes, e especialmente a Lei de saúde sexual e reprodutiva, pero entendiamos que era absolutamente contradictorio con non aprobar a emenda número 8, porque ao final, polo menos os que nós coñecemos, os únicos casos de obxección de conciencia que nós coñecemos, están relacionados en grande medida coa proporción de anticonceptivos, e, polo tanto, parecíanos que aceptando unha das emendas e non aceptando outra, realmente o texto queda bastante contradictorio, porque, ao final, se obriga a cumprir unhas leis e ao mesmo tempo se facilita o seu incumprimento a través dese artigo que permite a obxección de conciencia. Chamamos tamén a unha revisión antes da votación para que se poida eliminar esa obxección de conciencia. Non entendemos que en pleno século XXI, cando estamos falando dun servizo público, se permita que estea condicionado por un dereito individual. Non é absolutamente entendible neste elemento.

Despois hai outros elementos que nos parecen contradictorios, como non aceptar as nosas emendas en relación con prohibir a venda telemática. Ademais, supoño que ad futuro será revisable tamén o contido da Lei de garantías e uso racional do medicamento, xa que se está aprobando o que ten que ver con esa proporción de medicamentos para as persoas que non poidan desprazarse, e ademais creo que en xeral limita bastante a norma que se está tratando hoxe aquí.

En relación co que ten que ver cos depósitos de medicamentos nos centros sociosanitarios, nós xa dixemos no debate completo da lei que nos parecía ben que se relacionaran coas farmacias dos centros hospitalarios de Galicia, pero que había un elemento bastante importante. Hai un envellecemento —e de feito faciase cargo a prensa estes días— que está incrementando o uso e gasto en material médico; en farmacia, pero tamén en material ortoprotésico, que tamén ten moita relación co incremento —nalgunhas zonas polo envellecemento poboacional— das residencias de maiores. Moitas son residencias de persoas asistidas, pero tamén hai outras residencias e centros de día. Hai áreas nas que é bastante patente —por exemplo, na contorna do Hospital do Barco de Valdeorras, pero habería moitos máis casos—, hai bastantes residencias de maiores, e a nós parécenos ben que isto se faga en relación coa farmacia dos centros hospitalarios, pero produce un incremento de carga de traballo que entendemos que, no caso das residencias que non son da rede pública, non ten por que asumir a rede pública. É dicir, como saben as súas señorías, incrementar a carga de traballo neste caso supón a necesidade de máis persoal dentro das unidades de farmacia hospitalarias, e parécenos que para iso temos residentes que se están a formar na farmacia no noso país, parécenos estupendo ese incremento de persoal, e moi necesario, pero entendemos que ese custo non ten por que repercutir directamente dentro da Administración pública, senón que dalgunha maneira, no caso das residencias privadas, habería que revisar este elemento.

Eu quero recordar aquí que xa houbo problemas en relación coa cobertura de persoal sanitario, maiormente enfermería e medicina, en relación con algunha residencia na que non se estaba cumprindo a lei na dotación á que se lles obriga, e que, polo tanto, isto xeraba unha dificultade, porque as persoas que residen neses centros tiñan despois que desprazarse aos centros da sanidade pública, e, evidentemente, isto orixina certa carga de traballo nos lugares onde se atopan esas residencias de maiores.

Nós, se ben estamos de acordo con algún contido da lei, parécenos que non se atenderon as cuestións centrais que plantexabamos dentro das emendas. Imos agardar a ver que fai o



grupo maioritario, porque insisto en que hai elementos que sabemos que ían xerar dificultade, pero hai outros que son absolutamente básicos e que deberían de estar contidos nunha lei que atendese o global dos dereitos farmacéuticos no noso país.

Máis nada por agora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señor conselleiro, e bo día tamén para os presidentes dos colexios profesionais que nos acompañan hoxe, representantes da Federación Galega de Oficinas de Farmacia, e farmacéuticos que están hoxe con nós presenciando este debate.

Estamos hoxe na fase final do proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, que a partir de hoxe, se esta Cámara o considera oportuno, se converterá en lei. Se todos os problemas, señora Prado, son o uso da lingua, se lle chamamos botica ou lle chamamos oficina de farmacia, non debe de ser moi mala a lei que se presenta hoxe.

Antes de entrar no contido do proxecto, quixera agradecer o traballo que fixeron todos os ponentes dos grupos políticos presentes na Cámara; o clima de diálogo que se viviu na ponencia, tendo en conta, por suposto, os diferentes puntos de vista que temos e que teñen os nosos grupos políticos sobre o tema. Pero por riba de todo gustárame agradecer a disposición ao diálogo e a dispoñibilidade de todos os ponentes para a celebración das reunións de ponencia. Non quero esquecerme, dende logo, do traballo feito polos servizos xurídicos desta Cámara e polos servizos administrativos, que facilitan tanto o noso labor.

Dito isto, paso a centrarme no tema que nos ocupa hoxe e a explicar que o Grupo Parlamentario Popular votou a favor do debate de totalidade deste proxecto no Pleno do mes de maio, presentado polo señor conselleiro de Sanidade, en primeiro lugar, porque servirá para dotar o sector farmacéutico dunha nova regulación máis acorde cos tempos que estamos a vivir, para que poida afrontar e dar solución dunha forma máis eficaz ás demandas actuais e ás necesidades tanto dos profesionais farmacéuticos como dos usuarios.

Creo que todos coincidimos en que a anterior normativa, que databa do ano 1999, non estaba adaptada ás circunstancias que hoxe estamos a vivir en Galicia, nin demográficas nin tecnolóxicas. Consideramos que esta lei era necesaria, precisamente, por esa evolución da sociedade galega e tamén da sanidade nos últimos vinte anos, nos que, por exemplo, a prestación farmacéutica hospitalaria aumentou en importancia e tamén aumentou a hospitalización a domicilio, a necesidade da coordinación sociosanitaria, as pluripatoloxías asociadas ao envellecemento da poboación, e por riba as necesidades crecentes dos fármacos dispensados nos diferentes niveis asistenciais.

Algúns dos problemas que esta lei pretende solucionar son que a ordenación farmacéutica, por exemplo, teña máis vinculación coa ordenación sanitaria xeral, de forma que a prescri-



ción e dispensación dos medicamentos sexa un continuo para os pacientes dos diferentes niveis asistenciais; e que tendo en conta a despoboación de zonas rurais de Galicia, se estableza un marco máis flexible que garanta que as persoas que viven nesas zonas teñan acceso aos medicamentos que precisan.

Creemos que todos os grupos parlamentarios eran —como dicíamos— conscientes da necesidade de renovación desta normativa, e nesa liña, precisamente, se puxo a traballar o Grupo do Partido Popular, con dous obxectivos.

O primeiro, mellorar o texto, coa premisa de que estea orientado á regulación da atención farmacéutica entendida como servizo de interese público, dirixida a garantirlle á cidadanía o acceso rápido, eficaz, oportuno, equitativo e racional aos medicamentos e produtos sanitarios que necesite.

En segundo lugar, con vontade de consenso e intentando acadar os maiores acordos posibles. Houbo un intenso diálogo na ponencia para achegar posturas, especialmente co grupo co que existía unha maior afinidade, que foi o Grupo Socialista. Foi moi difícil, aínda que o intentamos, achegar posturas co grupo de En Marea, xa que en moitas das emendas pretenden atribuír a elaboración e a dispensación de fármacos ao propio Estado; é dicir, nacionalizar o sector farmacéutico na súa totalidade. Son puntos de vista incompatibles cos nosos, pero volvo insistir en que non faltou o diálogo.

A lei que hoxe é obxecto de debate estrutúrase en dez títulos, unha disposición adicional única, cinco transitorias, unha derogatoria única e dúas derradeiras. O título preliminar define o seu obxecto e ámbito de aplicación, e aquí precisamente se acadou a primeira transacción co Grupo do Bloque Nacionalista Galego e co Grupo Socialista. De feito, aceptamos ou transaccionamos trinta das setenta emendas socialistas; estamos a falar de integrar preto dun 43 % das propostas do Grupo Socialista. No caso doutros grupos, integráronse trece propostas do BNG e dúas de En Marea, algunhas de especial relevancia, como o acordo cos nacionalistas para facer obrigatoria a accesibilidade para as persoas con discapacidade nas oficinas farmacéuticas de máis dunha planta; ou o acordo co Grupo de En Marea para regular os traslados provisionais de oficinas de farmacia no caso de obras no local principal.

Esta lei recolle medidas específicas dirixidas a garantir a atención farmacéutica no eido rural que non se limitan ao establecemento dun módulo poboacional propio, ou á posibilidade de entrega domiciliar de medicamentos, senón que dá un paso máis adiante e prevé a instalación e a apertura de boticas anexas naqueles casos nos que, non sendo posible a instalación dunha oficina de farmacia por circunstancias determinadas, como son o alonxamento ou a difícil comunicación coa oficina de farmacia máis próxima, determine a necesidade de instalación desta botica, de maneira que se facilite o acceso desta poboación á atención farmacéutica, e esta situación sabemos que é relativamente frecuente en Galicia

O texto normativo introduce outra novidade a este respecto, e é que se indiquen no mapa farmacéutico aquelas oficinas de farmacia que terán vinculada unha botica anexa nos casos de difícil accesibilidade.



Así mesmo, en materia de traslados incorpora a posibilidade de limitalos cando se aprecie un detrimento grave do servizo farmacéutico na zona en que se localiza a oficina de farmacia, en especial, naqueles núcleos nos que soamente exista a oficina de farmacia establecida.

Como novidade, tamén nos parece importante destacar os supostos especiais de entrega de medicamentos e produtos sanitarios, que por primeira vez se legislan, e posibilita que, no caso das persoas usuarias que están en zonas rurais illadas ou sexan dependentes, poida ser dispensada a súa medicación e os produtos sanitarios por unha das cinco oficinas de farmacia situadas na zona farmacéutica de residencia, onde acadamos unha transacción co Grupo Socialista, ou por expresa decisión do paciente, por outra oficina de farmacia da mesma área de referencia do PAC.

Incorpórase tamén a posibilidade de que se poidan entregar, no lugar de residencia da persoa usuaria, aqueles medicamentos cuxa dispensación estea restrinxida ao ámbito hospitalario.

Outra novidade importante é a modificación do cálculo das oficinas de farmacia. Así, por exemplo, en zonas rurais como no caso de Galicia, que gozan dunha baixa densidade poboacional, con esta nova regra se garante un número suficiente de farmacias acorde coas súas características xeográficas, así como a accesibilidade da poboación á prestación farmacéutica. Así tamén, en caso contrario, cando aumenta a poboación, no caso dos concellos turísticos, palíase este problema coa creación das boticas anexas de tempada.

A convocatoria dun concurso previo de traslados faise por primeira vez, e contéplaa esta lei. Precisamente, o que pretende é permitir aos farmacéuticos titulares ou cotitulares que estean nunha zona que non sexa a mellor para eles, ou que queiran cambiar a ubicación actual desa farmacia, que poidan acceder a outra ubicación, e con posterioridade a este concurso de titulares ou cotitulares farase un seguinte concurso onde xa participarán todos os farmacéuticos. Precisamente se recollerán, neste novo concurso, tanto as farmacias que quedaron libres e non foron cubertas no concurso anterior como as novas farmacias; e precisamente isto trata de favorecer —que é unha das pegas que se lle poñía a este lei—, dalgún xeito, a apertura da planificación das oficinas de farmacia.

O límite que se utiliza é de dez anos, precisamente para favorecer a planificación farmacéutica de acordo coas necesidades reais, contribuír a que o servizo se establezca, evitar a excesiva rotación de profesionais farmacéuticos e tamén evitar a adquisición de farmacias con finalidade meramente especulativa. Con estas medidas poderase favorecer a adaptación do mapa farmacéutico ás necesidades reais e actuais da poboación galega.

No relativo á desaparición do suposto de caducidade das autorizacións administrativas por cumprimento de setenta anos dos titulares, ou tamén á necesidade de autorización de nomeamento dun farmacéutico rexente nos casos de xubilación, nestes casos resultará obrigada a contratación de farmacéuticos adxuntos adicionais. Aquí chegamos a unha transacción co Bloque Nacionalista Galego, de maneira que o cálculo se faga por volume e actividade das receitas. Esta medida trata de servir de impulso, precisamente, para crear e fomentar o emprego dos farmacéuticos adxuntos.



Respecto da atención farmacéutica prestada a nivel de atención primaria e nos hospitais e centros de asistencia social, actualízanse as funcións das unidades dos servizos de farmacia e recóllense as correspondentes unidades de radiofarmacia no título V da lei, que establece a elaboración de medicamentos radiofármacos de uso humano, que se axustará á normativa que os regule, e recolle tamén os tipos de unidades, tanto como a persoa responsable destas unidades, que debe de ser un facultativo especialista en radiofarmacia.

As emendas á lei presentadas polo Grupo Popular pretenden contribuír a enriquecer e mellorar o texto da lei, como, por exemplo, a emenda ao artigo 58, que dará lugar a un novo artigo sobre a atención farmacéutica en institucións penitenciarias, onde se di que os centros penitenciarios deberán establecer servizos de farmacia ou depósitos de medicamentos, e estes últimos poderanse vincular aos servizos de farmacia doutros centros penitenciarios ou a servizos de farmacia hospitalaria da rede pública, e as funcións serán exactamente as mesmas que as dos hospitais e as dos centros de asistencia socio sanitaria.

Ou como tamén a emenda presentada ao artigo 36, que se refire aos concursos de traslados, no caso de autorización dunha nova oficina de farmacia de nova apertura a un farmacéutico que xa fora titular ou cotitular, e que lle permite ao farmacéutico manter a titularidade da farmacia que posuía inicialmente, no caso de estar inmersos nun proceso xudicial, ata que recaia sentenza firme, xa que doutra maneira o farmacéutico quedaba sen ningunha titularidade durante o tempo do proceso xudicial.

Respecto das emendas presentadas polos grupos da oposición, moitas foron aceptadas. Os acordos co Grupo Socialista son máis numerosos e están dentro do propio inicio da lei, cun consenso sobre a fixación das competencias da Comunidade Autónoma en materia sanitaria e dos principios que deben rexer esta actuación; ou as emendas presentadas ao artigo 7, obrigas de establecementos e servizos de atención farmacéutica; ou a emenda do Grupo de En Marea, que dá lugar a un novo apartado no mesmo artigo 7, de respectar o cumprimento da Lei de saúde sexual e reprodutiva en todas aquelas que afectan á igualdade entre mulleres e homes; ou as emendas presentadas ao artigo 8, sobre dereitos e obrigas dos cidadáns.

Algunhas das emendas presentadas polos grupos da oposición non foron aceptadas. Non foron aceptadas, por exemplo, aquelas presentadas a artigos que pretenden regular medidas que son de competencia estatal e que, polo tanto, a Comunidade Autónoma non ten competencias para facelo; así como outras que se presentaron e non se puideron aceptar por xa estar recollidas na lexislación básica do Estado sobre sanidade. Estou referíndome, por exemplo, ás emendas do Grupo do Bloque Nacionalista e de En Marea aos artigos 4 e 5, sobre dispensación de medicamentos e produtos sanitarios en modalidade de venda de medicamentos e produtos sanitarios e prohibicións, que están recollidos xa na lei básica; ou á emenda 58, presentada ao artigo 73, do Grupo Socialista, sobre o labor inspector, que xa está recollido na Lei 8/2008, de saúde de Galicia.

O texto final recolle emendas de todos os grupos, e durante os traballos da ponencia —como dicía— transaccionáronse algunhas delas e chegouse a importantes acordos, como, por exemplo, á regulación do sistema de venda do interior ao exterior en horario nocturno; o dereito da persoa usuaria á formulación de queixas e reclamacións, e o trámite que se lle



debe dar; a regulación garantista do dereito da obxección de conciencia ou a transparencia dos nomeamentos e das gardas; e, dende logo, tamén sobre o contido e revisións que debe ter o mapa farmacéutico. Houbo acordos tamén sobre a regulación do sistema de dispensación de fármacos no domicilio aos enfermos crónicos.

Consideramos que son acordos importantes que enriquecen a lei. Como dicíamos, é importante que esta lei se aprobe nesta Cámara, porque a anterior non cumpría coas expectativas que hoxe temos na sociedade galega.

Máis nada no primeiro turno de intervención. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Réplica. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Primeiro voume posicionar respecto das emendas que quedan vivas, das que non foron incorporadas á ponencia. No BNG imos votar a favor tanto das presentadas polo Partido Socialista como por En Marea, porque, en termos xerais, se refiren a cuestións que presentamos, nalgúns casos, e noutros coas que concordamos. Imos pedir a votación por separado das emendas número 26 e 31 do Partido Socialista.

En relación coa brincadeira feita pola deputada do Partido Popular respecto das emendas presentadas polo BNG e nas que non se chegou a acordo, evidentemente, a nós preocúpanos o galego. A non consideración da nosa lingua parécenos un problema, porque queremos que a nosa lingua estea viva, extensa, útil, e que se reflecta especialmente nas normativas que saen deste Parlamento. Mais non é este, evidentemente, o único elemento polo que dixemos que botabamos en falta que non se tivera aceptado, porque nos parecen cuestións realmente importantes e non menores. E tamén dixeran que se aceptaron cuestións que na súa maioría eran cuestións menores, porque que un texto referido a oficinas de farmacia non contemple a accesibilidade para persoas con diversidade funcional, claro, o BNG presentou unha emenda, e sería bastante raro que esa non fora aceptada. É dicir, aceptaron cuestións desas que era moi evidente que eran erros contemplados na lei.

Pero —insisto— presentamos emendas para dar concreción e seguridade aos tipos de venda que deben quedar prohibidos, e di a deputada que son aspectos xa recollidos na Lei básica do Estado. Si, como outros centos que contempla a lei e que si os volven repetir vostedes. O que pasa é que non queren que quede dun xeito explícito reflectido que tipo de venda debe quedar prohibido. Bueno, pois non queren. Terán que explicar vostedes por que non queren que quede dun xeito nidio e claro.

Ou emendas na dirección de que sexa a Administración a que tome as decisións no caso de transmisión e demais das oficinas de farmacia, das boticas; que a Administración teña máis capacidade á hora de decidir. Pois tampouco non parece unha cuestión menor, e tamén é o Partido Popular quen ten que explicar por que non.

Ou que non se contemplen horizontes temporais para convocar concursos ou convocar trasladados. Pois deixar na man do Goberno de turno, dun xeito discrecional, facer determinadas



cousas, igual que deixar demasiados aspectos para desenvolvementos posteriores, iso é deixar moitos aspectos á arbitrariedade de que se regulen ou non se regulen, ou cando se faga. Parécenos que nunha lei debería quedar máis concretado.

E preocúpanos que se deixe a porta aberta á exclusión farmacéutica. Preocúpanos moito que nesta lei se deixe dun xeito moi aberto que amplos territorios do noso país poidan quedar sen unha oficina de farmacia, sen unha botica, parécenos un problema. Realmente, parécenos un problema que nin sequera se queira contemplar que, como mínimo, en cada concello teña que haber unha, e nin sequera quixeron contemplar esa cuestión.

Ou o tema da obxección de conciencia. Insisto, ao BNG parécenos moi preocupante que se contemple nesta lei o dereito á obxección de conciencia, cando estamos a falar dun servizo público, aínda que sexa prestado por empresas privadas.

A liberdade e a flexibilidade horaria parécenos un problema; cremos que debe quedar contemplado. Que a planificación se faga con base en criterios de exixencia e non con base nas necesidades da poboación tamén nos parece un problema.

Amplíanse as competencias de farmacéuticos e farmacéuticas en canto á súa capacidade de ser axentes de saúde, e preocúpanos que non quede establecido como, cando e de que xeito vai quedar coordinado coa atención primaria; a quen lle vai corresponder esa coordinación; ou que non se amplíen as competencias das farmacéuticas e farmacéuticos de atención primaria públicos, establecidos nos centros de saúde, e si se amplíen para os das oficinas de farmacia, e que logo quede todo no limbo.

Por todas estas razóns, o BNG vaise abster nesta votación, porque cremos que, dende logo, é unha oportunidade perdida para que quedaran regulados aspectos que non contempla e para que outros que contempla se regulasen dun xeito moito máis nidio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Dende o noso punto de vista, aclaramos a través deste debate as posicións que xa tiñamos, evidentemente, dende os debates previos, e reafirmámonos na nosa posición de que é unha lei que perde unha oportunidade. Tiñamos diante a oportunidade de acordar ou de progresar nalgunhas cuestións que quedaron sen tratar, e nas que esta lei non entra de maneira voluntaria, de maneira explícita —hai que dicilo—, porque probablemente non o desexe ou porque non é vontade do Goberno e do grupo maioritario entrar nalgunhas cuestións.

Froito deste debate hai algunhas emendas, propias e dos restantes grupos, que nós si quixeramos mencionar. Non é posible ir unha por unha, pero si imos ter algunha vota-





ción separada. Na maior parte mostráremonos a favor das emendas da oposición, pero hai algunhas nas que nos absteremos, porque teríamos vontade non de coincidir exactamente co que propoñen, pero si teríamos vontade de que puidera terse aberto ese debate, e por explicar algunhas cuestións.

Creemos que sería necesario ter ido máis a fondo no debate da obxección de conciencia. É un espazo onde nós presentamos a nosa emenda —que non foi aceptada— e os demais grupos da oposición tamén presentaron. Creemos que era posible ter afondado un pouco máis, e voluntariamente non se tocou. Hai un espazo acerca dalgunhas influencias sobre a obxección de conciencia que seguen moi ancladas e deberan ser resoltas; ademais, a inmensa maioría da cidadanía entende que deberan ser resoltas, e nós creemos que habería que afondar sobre iso.

Hai algunha emenda, concretamente algunha do Grupo de En Marea, sobre o control da adherencia e a existencia de informes e de información sobre a implantación e control dos tratamentos, como ben se ten explicado aquí, que nós creemos que era unha oportunidade moi interesante para resolver algunhas dúbidas sobre as que moitas veces incluso discutimos aquí se existen ou non. Hai realidades sobre as que se discute aquí se existen ou non, cando a realidade é evidente e todos os datos dinnos que existe, e hai incapacidade por parte de moitas persoas de seguir un tratamento completo por non poder pagar algúns fármacos. Polo tanto, esa realidade que existe, que vén existindo, e que é froito de moitas políticas continuadas, poderíamos tela resolto, porque iso contribuiría tamén a ter unha visión máis xeral do eido farmacéutico en Galicia e a poder ter algunha posición específica para resolvelo.

Hai algunhas cuestións nas que imos votar a favor, que —como dicía— non corresponde entrar en profundidade e que enriquecen. Nalgunhas ocasións explicitan obviedades e cousas que están tratadas, evidentemente, noutros espazos legais, pero que deben ser explicitadas aquí porque, como ben foi exposto tamén pola voceira do BNG, algunhas cuestións que están noutras leis veñen a esta, e algunhas cuestións que están noutras leis non veñen a esta, e esa diferenza de criterio está en que hai algunhas cuestións que se queren explicitar e outras que é mellor non explicitar porque, canto máis difusas sexan, máis facilidade hai para encontrar algunhas gretas.

Hai algunhas que merecen algunha particularidade pola nosa banda. Nós creemos na necesidade de debater. Non compartimos a emenda que foi presentada explicitamente sobre a oficina pública de farmacia, pero hai aí un camiño que está aberto a un debate, como foi comentado, e incluso dende outras administracións se están valorando cuestións parecidas. Para nós tería sido de interese abrir ese debate, e este era o momento de abril. Que non existira debate, para nós non é un bo dato, e nese punto si que creemos que sería oportuno abril. Por tanto, creemos que foi un bo traballo e que se perdeu unha oportunidade.

Falabamos antes sobre a necesidade de regular non só o exceso, senón a ausencia de. Hai algunha emenda na que nos imos abster, como a da obriga de formación polo Concello que se propuxo dende o grupo nacionalista. Non a compartimos explicitamente, pero si —igualmente que citaba antes— creemos que era importante que se abriese esa oportunidade e que permitísenos debater sobre iso. Non é a nosa solución esa, pero si é unha proposta de solución sobre un tema que queda en baleiro.



En definitiva, hai debates que non se abriron, é unha oportunidade perdida. Compartimos algunhas cuestións sobre a análise das leis anteriores. Se trouxeramos aquí debates de anteriores leis, escoitando agora que a valoración é da necesidade de reformulalas, entón igual estamos atendendo cousas que xa no seu momento se dixeron e levamos vinte anos de atraso nalgunhas cuestións. A verdade é que algúns dos non cambios existentes tiveron argumentacións como que «xa están noutras leis», cousa sobre a que xa explicitéi a nosa postura; ou algo moi curioso, que «sempre se fixo así—, o que para nós non é unha argumentación. Que sempre se faga dunha maneira non quere dicir que se faga ben; e pode dicirse incluso que sempre se fixo así, e estaba ben, pero é necesario cambiar, porque a realidade —como foi dito aquí pola voceira popular— vai cambiando e, polo tanto, a lexislación debe adaptarse.

Criamos que esta era unha boa oportunidade. A pesar de todo —como dixemos—, o regulado, sendo pouco, régúlase minimamente de maneira satisfactoria. Por tanto, apoiaremos a lei, pero cremos que a nosa posición sobre as outras emendas abre a nosa aspiración de que puido ser unha boa oportunidade para ampliar o debate, e, por tanto, manifestarémolo así, de maneira explícita, nesas emendas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Con carácter xeral, imos apoiar as emendas presentadas polos outros grupos da oposición. As do Partido Popular xa están incluídas dentro do texto. Tamén pedimos —xa se pediu— a votación separada da emenda 26 do Partido Socialista porque temos dúbidas acerca do contido desa emenda. Parécenos que podería favorecer máis a liberalización das farmacias e non ao revés e, polo tanto, non temos acordo. Coas outras con carácter xeral, con algunhas diferenzas, tal e como se plantexou aquí, estamos de acordo no global e, de feito, xa dixemos no debate mantido na comisión que nós tiñamos algunha emenda en relación co que ten que ver co concurso e o Bloque Nacionalista Galego, sen embargo, ten algunha emenda en relación coa transmisión das farmacias.

Si nos parecía un elemento importante abordar a dificultade que teñen aqueles titulados e tituladas que non teñen unha persoa na súa familia da que herdar unha botica neste caso, unha farmacia, que teñen moita máis dificultade á hora de acceder á posibilidade de ostentar algunha delas ou polo menos elixir, neste sentido, de maneira igualitaria co resto de profesionais que xa teñen ou que poden herdar unha botica. Neste caso, aí hai un elemento que nalgún momento haberá que abordar, se non é neste momento.

Nós xa dixemos que estamos de acordo en xeral con algúns dos aspectos que regula a lei. Parécenos que se corrixiron elementos que foron debate noutras comunidades autónomas, que xeraron moitísimas dificultades entre profesionais, e nese sentido parécenos que a lei satisfai parcialmente algunhas destas cuestións en relación coas competencias en materia



farmacéutica; pero, sen embargo, eu teño que lamentar, sobre todo no que ten que ver co tema do control da adherencia terapéutica, tamén no resto dos elementos que plantexamos, porque —insisto— non existe ningún elemento legal que impida a creación dun laboratorio público. Entendemos que é un elemento que está aí e que ademais favorecería a investigación no noso país. Require dun investimento importante, somos coñecedoras da realidade económica nese sentido, pero entendemos que era importante comezar a explorar, e nin sequera foi tido en conta, igual que outros elementos.

Había dous que a nós nos parecían moi doados, moi fáciles de aceptar, incluso por parte do grupo maioritario. Un era o relativo ao control da adherencia terapéutica. Imos volver insistir neste tema, evidentemente, fóra do debate desta lei. Parécenos unha barbaridade que despois de sete anos da aprobación do Real decreto 16/2012 non se aceptase esta cuestión. Ata o de agora negábase, e agora que parece que hai aceptación dunha realidade que é común, por suposto, ao conxunto de España, pero que en Galicia ten unhas particularidades específicas, non se pode introducir un elemento minimamente de control e de traslado aos profesionais de traballo social.

Entendemos que é un elemento importante. Hai cen mil persoas, segundo os datos oficiais, que non retiran os medicamentos na súa farmacia, e a Administración pública ten que facerse cargo, si ou si, de abordar xa este tema. Sete anos despois non podemos seguir negando esta realidade, porque ademais está moi relacionada no noso país cun elemento que é a aprofobia, que ten que ser abordado de maneira transversal en todas as leis que fan referencia aos dereitos da cidadanía.

Tampouco entendemos —insisto, era un elemento doado de aceptar— o que ten que ver coa obxección de conciencia. Parécenos contraditorio que se acepte unha emenda e a outra non, porque, xa digo, se nalgún momento hai algún tipo de contradición ou algunha persoa denuncia un incumprimento en materia de acceso á farmacia, vai contradicirse un artigo con outro, e, polo tanto, non é moi positivo en materia de seguridade xurídica.

En canto aos elementos que trasladaba a portavoz do Grupo Parlamentario Popular que xa están contidos noutras normas, na Lei xeral de sanidade ou na Lei de uso racional do medicamento, con independencia do principio de xerarquía normativa, que evidentemente se aplica en caso dunha discrepancia ou dun elemento que se poida denunciar en relación co cumprimento dun dereito, proporciona moita máis seguridade xurídica que existan elementos que volvan estar contidos na norma autonómica. Neste caso estoume referindo ás formas de venda dos medicamentos. Nós non entendemos que non se poida limitar a venda telemática. De feito, se vostedes atenden aos medios de comunicación, xa houbo algúns medios que facían unha interpretación bastante nesgada, moi distinta á que traslada o grupo parlamentario, sobre se se vai permitir a venda telemática de produtos e fármacos que agora mesmo non permite a norma básica do Estado. Polo tanto, debería de aclararse, e é un elemento que outorgaba seguridade xurídica.

Insisto, non entendemos por que hai que agardar á aprobación de regulamentos posteriores para ver onde se vai producir e como se van proporcionar os radiofármacos no noso país. Tampouco entendemos que a norma non poida aclarar como se vai satisfacer a posibilidade



de que unha empresa privada, como unha residencia de maiores privada neste caso, ou concertada, poida elixir como centro de referencia para o depósito de fármacos un hospital público; é dicir, non queda aclarado na norma.

Nós —non queda máis tempo— o que imos facer é abstermos na tramitación desta lei porque, xa digo, hai elementos que nos parece que non están mal pero, desgraciadamente, non se atenden elementos que nos parecen que eran importantes para entender que esta norma debería de ser algo máis que a regulación do funcionamento e da transmisión das boticas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

É certo que acabamos de escoitar algunhas obxeccións á lei no que, certamente, non temos os mesmos puntos de vista. Vou intentar falar dalgunhas delas. Por exemplo, fálase do control da adherencia terapéutica, relacionado cos baixos recursos económicos. Sabemos todos que a relación coas achegas farmacéuticas son competencia do Estado. Eu, dende logo, dexe, señor Torrado, que o Goberno en Madrid do Grupo Socialista solucione este problema, estaríamos todos encantados. Pero, ademais diso, é certo que pode deberse a múltiples causas esta falta de adherencia terapéutica. Temos que ter en conta que hai que interpretala dende a súa importancia relacionada con cada patoloxía e con cada tipo de medicamento. Non vale dar unha cifra global, porque iso non indica ningunha situación que poidamos analizar con rigor e con seriedade.

Dentro das competencias que nós temos en Galicia, o texto si que contempla varios artigos relacionados coas funcións de seguimento da adherencia terapéutica: nos artigos 12 f), 53 e) e 56 d). Entre as funcións, por exemplo, das unidades de farmacia de atención primaria, contéplase mellorar a adherencia terapéutica, o mesmo na farmacia hospitalaria e nos centros de asistencia social, garantindo, precisamente, que se adecúe e se mellore a adherencia ao tratamento e que tamén se contribúa a que as persoas usuarias obteñan un mellor resultado en saúde derivado da utilización dos medicamentos.

Respecto do outro tema que se falou aquí, da obxección de conciencia, é un tema do que debatemos dabondo na ponencia. A obxección de conciencia, señora Solla, é un dereito dos profesionais, é un dereito que non se pode obviar, iso si, sempre que non limite o dereito da cidadanía a acceder a un medicamento ou produto sanitario. Precisamente este é o contido do artigo 9: «A Administración sanitaria garantirá que o dereito á obxección de conciencia das e dos profesionais farmacéuticos non limite ou condicione o dereito á saúde da cidadanía». Ademais, señor Torrado, esta obxección de conciencia régúlase como pide vostede, como pide o Grupo Socialista, na súa emenda. Polo tanto, non vemos o problema neste tema.

En canto á emenda presentada polo Grupo de En Marea sobre as oficinas de farmacia públicas, evidentemente non estamos de acordo neste tema. A regulación estatal é clara respecto a isto e non hai nin unha soa comunidade autónoma que o fixera, porque non é posible, tal e como



está regulado hoxe no Estado. Pero o que si é posible, e é o que fixo nesta lei, é que ao ser establecementos privados de interese público teñan unha regulación que posibilite unha boa distribución na comunidade, unha boa coordinación coa rede pública e tamén equidade no seu acceso, señora Prado. Aquí está a equidade, na accesibilidade aos medicamentos. En definitiva, todo o que permite que se poida acceder en boas condicións á prestacións farmacéutica.

O tema da accesibilidade. A accesibilidade aos fármacos da poboación galega, por sorte, é fantástica porque nós contamos cunha rede ampla de oficinas de farmacia, e este texto, ademais, garante que se manteña e que se adapte ás necesidades actuais, porque regula as unidades de farmacia de atención primaria e os servizos farmacéuticos hospitalarios, e todos eles tratan de coordinarse con centros e servizos sanitarios públicos, de maneira que calquera prescrición dun facultativo poida ser dispensada nun servizo ou establecemento farmacéutico de forma áxil. Ademais, no mapa farmacéutico —que é un tema que lle preocupa tamén ao Bloque Nacionalista Galego— quedará polo menos unha farmacia por concello, entendendo que concello é igual que zona farmacéutica. E nos casos en que nun momento puntual se poida pechar esa oficina de farmacia, automaticamente se utilice a botica anexa de emerxencia, co cal a poboación galega nunca quedará sen servizo farmacéutico.

Respecto do tema dos desabastecementos, falamos xa moitas veces aquí que é competencia da AEMPS, e Galicia, a Comunidade Autónoma galega, é a primeira que se presentou a traballar nese plan de garantías do Estado. Volvo deixarlle o guante, señor Torrado, para que convenza ao Goberno central de que solucione este tema.

E xa para rematar, porque non me queda máis tempo, dicirlles que dende o Grupo Popular congratulámonos do texto da Ponencia que temos alcanzado. A lei ten 80 artigos. Deles, 33 non tiveron ningunha emenda da oposición. Nos outros 23, incorporáronse distintas emendas dos diferentes grupos. É dicir, un total de 56 artigos, que é un 70 % da lei, teñen unha redacción coa que está conforme un ou varios grupos da oposición, ademais do grupo maioritario. Esperamos que conte co apoio maioritario desta cámara e que as abstencións se poidan converter en votos a favor desta lei, porque suporá, de verdade, unha oportunidade para mellorar a vixente lei que precisa desta adaptación que permita seguir prestando unha boa atención farmacéutica nos dispositivos sanitarios da nosa comunidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

### ***Votación dos textos lexislativos***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Rematado o debate sobre os textos lexislativos, procedemos a votación dos mesmos.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a emenda á totalidade, de devolución, presentada ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia. Neste caso, votamos a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea. (doc. núm. 51098)



*Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. de En Marea, presentada ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 40; abstencións, 11 .*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade. O proxecto de lei continúa a súa tramitación parlamentaria.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora as emendas ao ditame emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia.

Votamos en primeiro lugar as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Pide o Grupo Parlamentario Socialista que se voten por separado as seguintes emendas: 14, 15, 25, 37, 39, 50 e 51.

Votamos, en primeiro lugar, estas emendas que dixen que se votaban por separado.

Votamos.

*Votación das emendas números 14, 15, 25, 37, 39, 50 e 51 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 40; abstencións, 11 .*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Agora votamos o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Agora votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego pide que se voten por separado a número 26 e a 31, e o Grupo Parlamentario de En Marea a número 26, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.



Votamos, polo tanto, en primeiro lugar, a emenda número 26.

*Votación da emenda número 26 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, non incorporada ao ditame da comisión.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 11; votos en contra, 57.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a emenda número 31.*

*Votación da emenda número 31 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, non incorporada ao ditame da comisión.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 11; votos en contra, 46; abstencións, 11 .*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

*Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea. Pide o Grupo Parlamentario Socialista que se separen as emendas 1, 3, 5, 9, 10, 12, 13 e da 17 á 22.*

*Votamos.*

*Votación das emendas números 1, 3, 5, 9, 10, 12, 13 e da 17 á 22 do G. P. de En Marea, ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 40; abstencións, 11.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas .*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

*Votación das emendas do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** E por último, votamos o ditame da comisión.

*Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 17.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este ditame.*

**O señor PRESIDENTE:** Efectuada a votación, apróbase o ditame e, polo tanto, queda aprobada a Lei de ordenación farmacéutica de Galicia.

Abran as portas, por favor.

Agora continuamos co punto terceiro da orde do día, mocións.

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Eva Solla Fernández e D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas e coa política de persoal da Consellería de Sanidade**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Marchaba agora o conselleiro de Sanidade. Está ben que estea no debate da lei de farmacia, pero estaría ben tamén que quedara cando imos falar do peche de camas.

Desgraciadamente, tivemos un debate no anterior pleno, nunha interpelación, no que se negaron unha vez mais un datos, constituíndo un incumprimento de varias leis, entre elas, o





propio dereito contido no Estatuto de autonomía de Galicia, pero tamén na propia Constitución, que teñen os cargos públicos para exercer a súa autonomía como cargos públicos. Desgraciadamente, un dos elementos que vimos solicitar hoxe nesta moción é que se dea cumprimento ás solicitudes de información ao abeiro do artigo 9 do Regulamento da Cámara en relación coas listas non estruturais do Servizo Galego de Saúde.

Resulta unha situación bastante lamentable que, dous anos e medios despois de ter rexistrada unha petición ao abeiro do artigo 9 solicitando estes datos, cousa que é reincidente, porque na anterior lexislatura eu mesma solicitei os mesmos datos e en catro anos non foron contestados, a Xunta de Galicia, neste caso a Consellería de Sanidade, continúe sen proporcionar un elemento que é imprescindible para a realización do traballo das deputadas e dos deputados desta Cámara, e en relación con este elemento solicitamos tamén nesta moción que se informe ao resto de voceiros de sanidade do Parlamento de Galicia dos datos das listas de espera non estruturais do Servizo Galego de Saúde.

No pasado pleno, eu preguntábame aquí, ou preguntáballe ao conselleiro de Sanidade —que agora foise para non atender a esta moción— se iamos ter que recorrer á xustiza ordinaria, como xa aconteceu con outra non contestación dunha solicitude de información ao abeiro do artigo 9 no caso do noso grupo, porque non é normal que non se estean contestando peticións formuladas de maneira normativa e correcta e que levan vixentes dende practicamente o inicio da lexislatura sen que se estean a contestar. E os datos de listas de espera non estruturais son absolutamente imprescindibles para valorar a cobertura das vacacións nos meses de verán, en calquera momento do ano. pero tamén nos meses de verán, dentro do Servizo Galego de Saúde.

É dicir, hai unha maneira sistemática de funcionar na Consellería de Sanidade: cada ano pechan servizos, pechan camas hospitalarias, non se cubre persoal, e en diversas ocasións temos preguntado tamén, a última no pasado pleno, sobre os datos da cobertura de persoal con persoal eventual que se ían dar en cada categoría, temos preguntado por EOXI e algunha vez se ten respondido, esta última vez non se responde e nunca obedecen a unha planificación relacionada coa tipoloxía ou coa estacionalidade dalgunhas enfermidades. E eu teño que lembrar aquí que un elemento bastante utilizado por parte da Consellería de Sanidade en materia de planificación dos servizos é trasladar que hai menos enfermidades e, sobre todo, menos enfermidades relacionadas co aparello respiratorio nos meses de verán e que por iso, precisamente, se pechan algúns servizos.

A realidade é que cada ano van mudando, como temos trasladado en moitas ocasións, os servizos que se van anulando, que se van pechando, nas diferentes EOXI nos seus centros hospitalarios, e, polo tanto, non hai unha planificación que obedeza a unha necesidade asistencial relacionada coa evidencia científica en relación coa incidencia e a prevalencia das enfermidades. Polo tanto, non hai ningún tipo de argumento que se sosteña, nese sentido, por parte da Consellería de Sanidade.

Pero é que ademais— nós xa o temos trasladado no anterior debate— hai un problema que está aí, por iso pedimos as listas de espera non estruturais, e é que as listas de espera ordinarias non arrojan datos moi favorecedores nalgúns elementos, nalgún tipo de intervención,



nalgún tipo de proba, pero como trasladan en moitas ocasións as centrais sindicais, entendemos que en moitas EOXI poderían incluso triplicar a realidade, coas listas de espera non estruturais, as que temos vixentes. O cal fai aínda menos comprensible que durante os meses de verán se estean a pechar unidades e, dende logo, non se estean a programar intervencións programables e probas programables que poderían aliviar as listas de espera.

Hai un vicio tamén bastante habitual de trasladar que non hai profesionais para cubrir algunhas especialidades. Sen embargo, non o facemos hoxe, pero cada vez que solicitamos tamén que se aclare cales son esas especialidades e en que centros teñen dificultade de cobertura, tampouco se responde.

¡Que casualidade, nunca se dan os datos que se piden nesta cámara! Como comprenderán as súas señorías, é moi difícil facer o traballo dos deputados e das deputadas, e posteriormente por parte do Consello de Sanidade se nos traslada que mentimos, que non temos datos reais, ou que mesmo non son necesarios a totalidade dos servizos abertos ou a totalidade das camas, sen ofrecer os datos que se están proporcionando. Polo tanto, aí se está furtando un debate.

Nós pedimos tamén que se comprometan a non realizar ningún peche de camas nin servizos mentres existan estas listas de espera, procedendo a apertura das plantas e alas inoperativas de xeito permanente, dotándoas con persoal sanitario. E insisto, hai persoal para cubrir moitas desas unidades, e non en todas hai déficit ou non debería haber déficit de profesionais.

Non se especifica, non se explica nunca, por parte da Consellería de Sanidade, un elemento absolutamente incomprensible. Eu xa dixen aquí, na anterior interpelación, que iso estaba moi relacionado tamén coa precariedade laboral e cun elemento que denuncian os profesionais. Están a denunciar os que agora parece ser que o señor presidente da Xunta quere escoitar. É dicir, só se mobilizan cando hai un problema, e neste caso a mobilización dos enfermeiros e das enfermeiras no noso país parece que está producindo certa preocupación dentro da Consellería de Sanidade.

Cando se abren de maneira moi puntua, as unidades que están pechadas de xeito estrutural, ou incluso pechadas durante catro ou cinco meses, esas unidades se cubren con persoal eventual. Iso non facilita o mantemento da continuidade asistencial e, dende logo, da calidade nos servizos. É dicir, o normal sería que esas unidades estivesen abertas sempre que exista necesidade de utilización, e tendo listas de agarda non se pode comprender como non se facilita ese elemento. De feito, denunciárono nos meses de decembro, porque agora tamén se pechan unidades durante o Nadal.

Esa realidade que existe, e que está patente, tamén está moi relacionada con outro elemento que propomos nesta moción, que é a necesidade de recuperar progresivamente as prazas amortizadas, tanto en atención primaria como en hospitalaria. E creo que foi antonte, ou esta semana, o xerente imputado da Área de Vigo facía unhas declaracións moi pouco afortunadas en relación ás reclamacións dos profesionais de atención primaria. Decía o señor Rubial que, con dez minutos por doente, as listas de agarda serían de tres meses e medio en atención primaria, e que, polo tanto, non era factible.



Ben se ve que cando se reclama a necesidade de dar boa atención, e de que os profesionais teñan tempo, o que sae é a cuestión monetaria. Non se poden cubrir porque non queremos cubrir, e lles trasladamos a responsabilidade aos profesionais de que habería lista de agarda en atención primaria, cando a única lista de agarda —por certo, negada de maneira habitual por parte da Consellería de Sanidade e polo Grupo do Partido Popular na Comisión 5ª—, a lista de agrada en atención primaria, esa lista de agarda que existe, de sete días, e incluso de dez días nalgúns centros de saúde, vén relacionada coa amortización de prazas que nos últimos anos se leva producindo en atención primaria. O recorte de persoal en todos os servizos ten unha incidencia posterior —creo que xa o temos discutido noutras ocasións— nos servizos de urxencias, tanto nos puntos de atención continuada —por certo, nove meses de folga— como nos propios hospitais.

Ao final, todo está interrelacionado, e a situación dos servizos sanitarios nos meses de verán, dende logo, non é óptima. Non é óptimo ter, como denuncian traballadores dalgún centro como pode ser en Lugo, máis de cinco especialidades na mesma unidade, polo costume do Servizo Galego de Saúde de pechar unidades. Dende logo, non facilita a continuidade asistencial; dificulta bastante o traballo; non fomenta, dende logo, a organización dentro dos centros, pero ademais non traballa tampouco en relación coa redución do risco de enfermidades nosocomiais.

Por certo, aproveito tamén esta intervención para informar de que a petición de información ao abeiro do artigo 9 en relación cos datos de enfermidades nosocomiais, que pedimos porque os profesionais nos dicían que nalgunhas unidades se estaban incrementando as enfermidades por mor do recorte de persoal, tampouco se respondeu. Xa pasou —jonde vai, hai meses!— o mes da solicitude, e esta é unha realidade que nalgún momento esta cámara ten que abordar: o incumprimento legal en materia de obriga da Xunta de Galicia de proporcionar información que os deputados e as deputadas solicitan para facer o seu traballo.

Sinceramente, señorías, que teñamos que estar todos os anos traendo esta cuestión aquí, indica o nulo interese que ten a Xunta de Galicia en reducir as listas de espera no noso país, en ter unha administración sanitaria transparente, e en fomentar o emprego de calidade.

Máis nada por agora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Pasamos ás intervencións dos grupos. Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Efectivamente, o BNG tamén mostra a súa preocupación pola cobertura sanitaria que se lles ofrece aos galegos e galegas en xeral, e no verán en particular. Tamén no pasado pleno lle preguntabamos ao conselleiro por esta situación, e máis unha vez agochose detrás dese mantra de que os recursos están planificados e a asistencia está garantida. Mentira. ¡É mentira repetida constantemente! Nin os recursos están planificados, nin a asistencia está garantida.



Ano tras ano, o Partido Popular no Goberno da Xunta pecha un número abusivo de camas nos centros hospitalarios galegos, e fano ademais sen a planificación cos profesionais aos que lles afecta toda esta cuestión. A día de hoxe, aínda segue habendo sitios onde non teñen moi claro cal vai ser a situación, cunha falla total de comunicación, en moitos casos simplemente verbal e noutros casos a última hora.

Dende logo, no BNG cremos que son uns peches abusivos e que non hai criterio para eles, porque, se houbera algún criterio, nos hospitais cada ano pecharían os mesmos servizos e un número de camas similar, pero encontrámonos con que un ano pecha uroloxía, ao ano seguinte pecha medicina interna, é dicir, van rotando eses peches, co cal non corresponden a un criterio realmente asistencial.

O peche de camas ten moi graves consecuencias no ámbito asistencial, evidentemente, porque esa decisión significa dificultade en acceder ás prestacións sanitarias por parte da poboación; paralización da actividade cirúrxica en moitísimos casos ou unha ralentización moi importante; sobrecarga de traballo; mezcla de doentes con diferentes patoloxías en moitas plantas, o cal é motivo de preocupación porque isto leva a un aumento dos riscos de infeccións. Estar ingresados en plantas que non son da especialidade dificulta a atención por parte dos profesionais e dificulta que teñan que andar detrás deses doentes, por exemplo, por parte do persoal facultativo, que ten que andar planta por planta para visitar os seus doentes. Dende logo, non é para nada unha situación óptima, nin moitísimo menos. Aumenta a lista de espera da que se nos informa, pero logo estaría toda a espera da que non se nos informa, as listas non estruturais; máis presión sobre atención primaria, sobre os centros de saúde e sobre os PAC, e saturación dos servizos de urxencias hospitalarias, porque a pesar dese discurso oficial, a xente segue enfermado no verán, e se a atención primaria non está atendendo a demanda porque pechan en horario de tarde, porque non substitúen os profesionais, resulta que a poboación ten que acudir a algún lado e acaba indo aos servizos de urxencias.

Logo tamén hai unha derivada, que é o ámbito laboral. Hai moita presión sobre os profesionais para que fagan o mesmo traballo un número máis reducido de persoas, e aumenta o desemprego no ámbito sanitario. O discurso oficial di que non hai profesionais para facer substitucións e logo encontrámonos con que as listas de contratación si teñen un número moi importante de persoas que poden facer esas substitucións. En enfermería, en TCAE, en celadores, en persoal técnico de raios, de laboratorio, si hai persoal nas lista de contratación para poder facer as substitucións do persoal, que, evidentemente, ten dereito ás súas vacacións.

Hai un aumento da derivación á privada, e vemos que o peche de camas sempre afecta á sanidade pública, que no verán a sanidade privada non pecha camas, non reduce o persoal e non pecha camas, co cal é evidente os vasos comunicantes que se producen entre unha sanidade e outra. Vemos que na sanidade pública, nos últimos dez anos, se reduciron máis de setecentas camas, e resulta que na sanidade privada aumentaron o número de camas. Eu creo que é evidente. Calquera que queira velo e non pretenda enganarnos con outro tipo de publicidades, pode ver cal é a situación.

Continuamente escoitamos a ladaíña de que descende a actividade asistencial. En moitos casos pode comprobarse que non é así, sobre todo en zonas de costa ou en zonas de afluencia



de turismo non baixa a actividade asistencial. Evidentemente, se pechan camas e pechan quirófanos, non hai, baixa a demanda, claro. Camas pechadas, quirófanos que non están facendo actividade, hai menos demanda.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** E logo esa menor demanda válles para dicir o ano seguinte que fan o cálculo con base nunha demanda asistencial na que vostedes menos fan trampas.

Polo tanto, imos apoiar esta iniciativa que presenta hoxe En Marea e, evidentemente, seguiremos traendo aquí a radiografía real de cal é a sanidade pública no noso país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Novamente imos ter un debate sobre listas de espera, cuestión que dende o Grupo Socialista temos achacado, como foi notorio constantemente neste Parlamento, ao problema de persoal que ten o sistema sanitario.

Para introducir imos dar algúns breves datos dos que si existen, porque é certo, como xa foi transmitido aquí, que é imposible conseguir datos da Consellería de Sanidade. Temos a Consellería e o PP, pero o resto dos grupos parlamentarios non temos. Normalmente se nos acusa de que vimos aquí sen datos. Non, vimos cos que existen, que son moitos, e contradín o Goberno da Xunta. E vimos aquí sen os datos oficiais da Xunta porque non existen, ou polo menos non se facilitan, como foi evidenciado aquí pola voceira de En Marea, que dende o Goberno da Xunta se incumpre constantemente o Regulamento do Parlamento. Por certo, sorprendentemente sen que o Parlamento diga nada, pero ese é outro debate, que o Parlamento admita que o Goberno da Xunta o tóree desta maneira.

Barómetro sanitario do CIS. Esperas menores de quince días declaradas polos pacientes. Podemos ter un exemplo moi bo do que falamos moitas veces aquí, que é o sistema sanitario de Euskadi, algo máis dun 30 % dos pacientes din que a súa espera de cita hospitalaria está en menos de quince días para verse cun especialista; máis dun 30 %. Andalucía está no 17,7 %, xa que foi unha comunidade moitas veces mencionada aquí. A media de España está nun 20 %. En Galicia un 11 %. Estamos na metade da media de España en consultas que se resolven en menos de quince días cos especialistas.

Imos á inversa, ás que esperan máis de seis meses. A media de España está nun 7 %, a media de España espera máis de seis meses. En Euskadi 2,5 %, en Andalucía 3,7 %, por debaixo da media. Recordo, a media de España é un 7 %, e en Galicia 13,5 %; un 13,5 % dos galegos tarda máis de seis meses en ter unha espera cos especialistas.



Claro que xa veremos que dirá o PP que é mentira. Incluso a aqueles cidadáns que esperaron máis de seis meses lles contarán que é mentira, que non saben contar o tempo, ou que os calendarios están mal ou algo así, ou seguramente que os cidadáns, cando lles preguntan nas enquisas, menten, porque ninguén pode discutir ao Partido Popular, que sempre ten a verdade; non se sabe de onde sae, pero sempre a ten. Así están moi ben, eu teño a verdade porque os datos o din. ¿E de onde saen os datos? ¡Ah, ninguén o sabe! Pero están moi ben.

Temos ademais un dobre problema. Non é que existan esas listas de espera en Galicia, senón que se negan. Aquí, neste Parlamento, eu mesmo, representando ao meu Grupo Socialista, teño traído citas explícitas e impresas de once meses de espera, de trece meses de espera, de quince meses de espera para especialistas en diversos hospitais de Galicia. Sempre se nos di que son anécdotas. Son anécdotas pero hai decenas, centenaes de anécdotas, anécdotas de trece meses ou de catorce meses para verse con especialistas de cardioloxía. Persoas que poden ter algúns problemas de corazón e teñen unha espera de trece, catorce, quince meses para verse cun especialista. Unha persoa maior, ¿que vai facer? Probablemente, se pode, vai á privada, e se no pode, espera máis dun ano para un problema que lle pode estar sendo de gravidade.

¿Onde está o problema? Na falta de persoal. Temos un problema de persoal no sistema sanitario. A actitude explotadora da Xunta de Galicia co seu persoal é a principal causante da perda de calidade. Recortes e actitude explotadora que provocan que teñamos maior déficit de profesionais.

Prometeuse moitas veces ampliar algúns hospitais. Algunha vez, tarde, cumpriuse unha parte; tarde e só unha parte. Vou citar o meu hospital de referencia, que é o Hospital do Salnés, onde se ampliaron os quirófanos. ¡Ah, pero non se puxo máis persoal! ¿Que pasou? Quirófanos sen abrir. Alí estiveron os quirófanos sen abrir durante máis dun ano e máis de dous anos. ¿Por que? Porque se ti fas máis quirófanos pero non pos máis persoal, non hai quen os poida atender. Isto parecería de sentido común, pero non, non é tan de sentido común porque así se fixo. Por certo, anos de espera para ampliar eses quirófanos e aínda estaban ata hai pouco sen abrir.

Temos un problema de precariedade, ¡así hai folgas! Sentenzas xudiciais contra o Sergas pola precariedade, ¡sentenzas xudiciais! Non sei que máis ten que pasar neste país para que entendan dende o Partido Popular que están sometendo os profesionais da sanidade pública a un acoso insostible, e están provocando un problema na sanidade por esa actitude.

Temos un problema que derivou tamén da perda de área asistencial dalgúns hospitais comarcais, esa gran solución para todo da que non volveu falar ninguén dende o Goberno da Xunta porque, evidentemente, provocou un problema. Como curiosidade, recollan as áreas que vostedes eliminaron coa Lei de saúde, analicen os seus resultados electorais alí, e poderán comprobar que a cidadanía, como din vostedes moitas veces, sabe ben do que lle están falando e sabe ben que lle están quitando servizos. Cando plantexamos un sistema para recortar, ao final conseguimos recortar.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.



**O señor TORRADO QUINTELA:** Nós o que plantexamos é un sistema para crecer. Temos un problema de persoal, resolverá o problema do sistema sanitario das listas de espera e tamén contribuiremos cunha Xunta de Galicia que sexa un pouco máis transparente a ter todos os mesmos datos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Presenta vostede, señora Solla, a moción anual sobre as listas de espera, esta vez aderezada co tema do peche de camas e coa recuperación de prazas, supostamente amortizadas, tanto en primaria como en hospitalaria.

Con respecto a estas cuestións engadidas, repetir o dito en debates anteriores: o Sergas ten unha planificación para o verán —como todos os anos e como todos os servizos de saúde— que inclúe ter operativas un número de camas suficiente en previsión das necesidades dos anos anteriores e cun suplemento dunha porcentaxe das mesmas que cubran calquera eventualidade, e tamén coa posibilidade de facelas operativas se circunstanancias excepcionais así o fixeran preciso. Aproveítase, asemade, para facer obras ou melloras en servizos hospitalarios que precisan estar desocupados para as mesmas. Indicou o señor conselleiro na interpelación que no verán do pasado ano 2018 houbo unha ocupación media de camas hospitalarias dun 75,77 por cento, estando habilitadas o oitenta e oito por cento, e anunciou, ademais, que este ano serían o 88,3 por cento.

Con respecto ás prazas, Galicia convocou todos estes anos OPE ata un total de seis mil prazas e a Consellería asinou coas centrais sindicais un plan de estabilización para acadar unha eventualidade do cinco por cento no ano 2020.

Pero mire: vostede, señora Solla, ten moi boa relación —ou así semellaba— co señor Sánchez e pretenden entrar no seu futuro goberno; eu non sei se como socios parlamentarios preferenciais ou como goberno de cooperación. Non o sei. Pero mire: cumpran co seu programa e eliminen a taxa de reposición na sanidade pública, aínda que se esqueceran dela no Proxecto de orzamentos do ano 2019, que asinaron co señor Sánchez, onde si se falaba de Administración local ou de universidades, pero para nada de sanidade pública. Se vostedes eliminan a dita taxa, será posible incrementar as prazas cumprindo a lei.

Falemos entón das listas de espera. O Goberno galego cumpre a lei e publica os datos que figuran no Decreto 605/2003, que non foi modificado por ningún Goberno posterior. Fai públicos os datos da lista de espera estrutural cada seis meses, como está previsto no decreto. As listas de espera non estruturais —como vostede sabe— inclúen pacientes que, transitoriamente, non



poden ser programados, sexa por vontade propia, por motivos de saúde ou por rexeitar ir a un centro concertado. En calquera dos casos, ningún paciente perde os seus dereitos, programándose cando as circunstancias médicas ou persoais revertan ou cando se reprogramen no hospital público de referencia. En Galicia temos, ademais, en vigor o decreto de tempos máximos que garante, cun compromiso individual, a atención para os procesos incluídos no mesmo, programados e non urxentes, un tempo máximo de sesenta días para cirurxías e de corenta e cinco días para primeiras consultas, probas diagnósticas ou terapéuticas. Como dicía o señor conselleiro, non falamos de esperas medias senón de prazos estritamente individuais, para as persoas.

E aquí quería destacar outra das súas falacias repetidas ata a saciedade neste parlamento. Esa lei de garantías, segundo vostedes privatizadora, feita para favorecer as empresas sanitarias amigas, non realizou unha soa intervención ou proba na sanidade privada. O cen por cento dos procesos sometidos a garantía foron atendidos en centros públicos da sanidade galega. E eu supoño que por iso vostede non repetiría o primeiro punto da moción similar a esta que presentou o ano pasado e que facía referencia a este tema. Non imos repetir que o gasto en actividade sanitaria concertada era maior nos anos do Bipartito que co Goberno actual.

Señorías, en Galicia a espera media cirúrxica foi, no ano pasado, de 61,6 días, as mellores cifras dende que existen rexistros. Somos a cuarta comunidade autónoma con mellores tempos de espera cirúrxica e en probas diagnósticas estamos tamén entre as mellores de España. En todos os casos incrementouse a actividade asistencial, tanto en consulta como en cirurxías; nese servizo sanitario que a oposición deosta constantemente e que, segundo as súas afirmacións sobre o mesmo, parece propio dun país terceiro mundista.

Con respecto aos datos facilitados por outras comunidades autónomas, ¿que pasa noutras comunidades autónomas? Hai catro que fan constar nos seus rexistros as cifras de espera non estrutural, pero soamente en Madrid e Asturias detallan os datos de rexeitamento do hospital concertado. A Rioxa e Andalucía non fan mención desas cifras. ¿Pero que pasa onde gobernan os supostamente progresistas, onde goberna a esquerda? Miren: Baleares aprobou o pasado ano un decreto de tempos máximos que contempla derivar á privada os casos nos que se exceda deses tempos do decreto, ¿sóalle, verdade, señora Solla? A Asociación para a Defensa da Sanidade Pública de Baleares criticou este decreto, do mesmo xeito que fixo co plan de choque de peonadas que aprobou o Goberno balear para poñer fin ás listas de espera. Na Comunidade Valenciana, novo incremento de pacientes e unha demora na lista de espera ao remate do ano 2018, igual que nos anteriores. Propoñen como solución a autoconcertación, ou sexa, peonadas, ou a extraconcertación. ¿Saben vostedes que é a extraconcertación? É ir á privada os que non se poidan atender na sanidade pública. Esa é a forma que utiliza a esquerda para non falar de derivar á privada.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Remato, presidente.

Non vou dicir o que apareceu en Andalucía, cando cambiou o Goberno, nas listas de espera.

Xa ben, señorías, que as solucións onde vostedes gobernan parecen bastante peores que as levadas a cabo polo Goberno galego, polo Goberno do Partido Popular.





Non imos apoiar a súa moción.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Polo grupo autor da moción ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

¿Quere, señor Centeno, deixar de: gustaríame que deixásemos de traer estas iniciativas aquí? Pois voten a favor de proporcionar información. Porque é unha vergoña que vostedes volvan asumir pulsar un botón no que se vota en contra dun dereito constitucional. Vostedes, si, si, vostedes, que son os máximos adais do cumprimento constitucional para outros elementos, aquí negan que os deputados e deputadas teñamos a información á que temos dereito para facer o noso traballo. E eu preguntome unha vez máis —xa acudimos nunha ocasión—: ¿temos que volver á xustiza ordinaria para pedir que se cumpra coa proporción de información que piden os deputados e deputadas?, ¿non? Porque ao final parece que é a única opción que se deixa.

E xa temos requirido en varias ocasións, tamén dende a Mesa da Cámara, esta cuestión, pero a Xunta non proporciona información. E ao final estamos desprovistos dun dereito que é inherente á responsabilidade que temos; temos que ter información para facer a valoración ou, se non, ¿ímoslles crer a vostedes as súas informacións sen proporcionar a información que se solicita? «*Palabra de Dios. Te alabamos, Señor*». Aquí fala o conselleiro de Sanidade e todo o mundo temos que crer o que traslada sen ningún tipo de cuestionamento e sen que dea a información que se pide.

Miren: sabemos perfectamente como se confeccionan as listas de espera non estruturais. Precisamente por iso queremos ter os datos, para saber cales desas persoas poderían estar sendo intervidas e non están sendo intervidas. Porque, efectivamente —como xa se dixo aquí—, claro que baixa a ocupación, porque, se non se programan intervencións, obviamente a ocupación vai baixar. Saben vostedes que a ocupación está relacionada, por unha parte, coa atención urxente e, por outra parte, coa atención programada. Loxicamente, se se programa menos atención, pois obviamente vai haber menos ocupación.

Creo que non fai falta ser Pitágoras para entender a lóxica matemática en relación a esa cuestión. Sen embargo, non se proporcionan os datos, pero son capaces de facer nesta tribuna afirmacións absolutamente falsas. O Servizo Galego de Saúde traslada vinte mil operacións cirúrxicas cada ano ás empresas privadas neste país, ¡cada ano! Dan os datos as clínicas privadas. E, sen embargo, aquí, como non proporcionan os datos e é gratis trasladar cuestións que son falsas porque non temos os datos que estamos pedindo dende hai dous anos e medio, pódese afirmar unha cousa como que non se traslada ningunha persoa para facer operacións de cataratas, operacións de traumatoloxía... E, é máis, hai moitos que non están sendo derivados e que se acumulan nas listas de agarda. E o ano pasado advertimos xa aquí que había unha problemática en relación coas intervencións de oftalmoloxía, e que



había profesionais da medicina que advertían das consecuencias de atrasar unha operación complexa que pode facer que en moitos casos se perda a capacidade de visión.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** Temos un problema e vostedes —moitas grazas— votan a favor de non nos dar a información. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Pasamos á seguinte moción.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de seguridade viaria**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do señor Álvarez Martínez.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*O punto 15 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«15. Dirixirse ao Ministerio de Fomento coa finalidade de que se analicen os mecanismos que fagan posible unha rebaixa nas peaxes da AP-9 e AP-53, de modo que se sitúen en condicións idénticas ao resto de autoestradas de peaxe de titularidade estatal, así como o mesmo tratamento nas autoestradas AG-57 e AG-55.»).*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a moción ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Estes días os medios de comunicación anuncian unha onda de calor, pero aquí chegou unha onda de frío polar case, ¿non? *(Murmurios.)* Non sei se se nota tamén neste lado das bancadas, pero realmente tamén lle afecta ao Grupo Popular. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para aclaración, xa está pedido que se corte a onda de frío polar para que non teñan vostedes queixa ningunha.

**O señor BARÁ TORRES:** Son persoas de carne e óso tamén ás que lles afecta o frío. Moi ben. *(Murmurios.)* Alégrome. *(Murmurios.)*

Bueno, era unha brincadeira para... *(Murmurios.)* Non, as ideas non se conxelan. *(Murmurios.)*



Porque, ademais, o noso grupo —como os demais— somos grupo da oposición e tamén iso significa que somos grupo da proposición, que traemos aquí propostas, traemos proxectos e traemos ideas. Moitas veces vostedes tíranos —non vou dicir a onde—, non lles fan caso, pero son propostas en positivo, construtivas, para mellorar a realidade, para avanzar, son ambiciosas e teñen visión de futuro. ¿Gustoulle? (*Risos.*) (*Murmurios.*) Si, é así.

Ademais neste caso, que é un asunto, desde logo, moi serio porque estamos a falar dun grave problema humano e social como son as mortes, e non só as mortes senón as persoas feridas tamén, en moitos casos de gravidade, con graves secuelas por accidentes de tráfico nas estradas, o que non podemos é asumilas con normalidade, como se fosen unha rutina, algo que ten que pasar, que é inevitable e que non o podemos combater. Desde logo, o BNG considera que temos que artellar unha resposta social, unha resposta institucional de todas as institucións, para darlle unha solución e minimizar os efectos destes accidentes. Sobre todo porque nos últimos anos, nos tres últimos anos, pero podemos dicir que nos cinco ou seis últimos anos, se está producindo unha tendencia ao incremento da cantidade e da gravidade dos accidentes, e tamén das vítimas, despois dun período de aproximadamente dez anos onde houbo unha drástica redución, ata o ano 2012-2013 aproximadamente.

Temos que ter en conta —e xa fixen referencia a estes datos no anterior debate da interpelación— que pasamos no 2017 de cen vítimas mortais, segundo os datos finais, a cento trinta e oito, que son os datos do Imelga, no 2018, e que nos primeiros cinco meses do ano levamos 43 vítimas mortais, que son quince máis que no ano 2018, o cal é realmente moi preocupante porque o ano 2018 xa foi un ano moi malo. E hai, sobre todo, algunhas tendencias que nos preocupan especialmente como, por exemplo, as vítimas mortais en vías urbanas, que se duplicaron entre o 2011 e o 2018; andamos por riba das trinta vítimas en rúas nas nosas cidades e vilas, que é unha cifra, desde logo, estarrecedora; tamén as vítimas mortais como consecuencia de atropelos que se producen sobre todo nas travesías, nas vías interurbanas, o cal quere dicir que haberá que facer actuacións específicas neses ámbitos; e tamén as mortes por accidentes de moto, que levamos nove neste ano, que é a maior cifra dos últimos anos e supón un incremento moi importante. Desde logo, temos que preocuparnos tamén dos factores humanos que inciden nos accidentes graves e mortais, que son responsabilidade das persoas que van ao volante e que teñen que ver cun exceso de velocidade, cunhas condutas agresivas ao volante, cun consumo de drogas e de alcohol e, tamén, con distraccións relacionadas, principalmente nos últimos tempos, co uso do móbil.

Entón, diante desta realidade, o que propoñemos nesta moción é un conxunto de actuacións moi amplo, desde logo, porque pensamos que a resposta ten que estar á altura do desafío que temos por diante. Propoñemos unha actuación integral con medidas que teñen que ver con todos os ámbitos: medidas normativas; medidas de planificación, tamén, que teñen que ver coas competencias; medidas de sensibilización e de formación, que tamén son determinantes; e medidas relacionadas coas infraestruturas. E pensamos, ademais, que hai que complementar actuacións urxentes e inmediatas e actuacións a medio prazo; e, desde logo, un plan de actuación que implique a todas as administracións que teñen competencias na materia, que son tanto a do Estado como a galega e como as entidades locais.



O obxectivo desta proposta ten que ser lograr un gran acordo de país a respecto desta cuestión, lograr un pacto de país, un pacto pola vida, un pacto pola vida nas estradas e nas rúas do noso país que teña como punto de partida unha mensaxe clara para toda a poboación que é a declaración da seguridade viaria como unha prioridade, como unha emerxencia e, polo tanto, o desenvolvemento dun plan de medidas que lle faga fronte.

E ese plan organizámolo en distintas actuacións. Unhas teñen que ver con cambios normativos que hai que abordar e que son competencia, fundamentalmente, do Goberno do Estado. Son cambios que teñen que ver co código da circulación. Algúns deles xa se puxeron en práctica coa redución da velocidade nas vías convencionais, pero hai que aplicalo tamén ás vías urbanas. E hai un anuncio neste sentido do Goberno do Estado de reducir a trinta quilómetros por hora a velocidade nas vías urbanas dun único carril. Sería unha medida, desde logo, moi eficaz para conseguir resultados.

Tamén nos parece fundamental actuar no ámbito da sensibilización, da información e da formación. E aquí é importante chamarlles ás cousas polo seu nome. Por iso propoñemos que se utilice a denominación de «violencia viaria» para referirse a esa sinistralidade viaria provocada por factores como a conducción temeraria, a conducción baixo o efecto do alcohol e das drogas ou as imprudencias relacionadas coa conducción e coas distraccións polo uso do móbil.

E xa fixen referencia a que, precisamente, a presidenta de Stop Accidentes, que vostedes, o Goberno da Xunta, acaban de premiar coa Medalla Castelao, é firme defensora de aplicar este tipo de denominacións. E isto ten que ir acompañado tamén do endurecemento das sancións tanto administrativas como, se é necesario, penais contra este tipo de condutas, que son condutas agresivas, violentas e, potencialmente, moi perigosas.

Tamén propoñemos un programa de educación formal e non formal sobre seguridade viaria, con especial atención no ámbito escolar. No ámbito da planificación é inevitable abordar o tema dunha estratexia galega pola mobilidade sustentábel, saudábel e segura —que está pendente— e, tamén, a revisión e a nova redacción dun plan de seguridade viaria para o seguinte quinquenio. Porque o actual está xa con síntomas clarísimos de esgotamento e, ademais, remata no ano 2020, e non está cumprindo os obxectivos para o que foi redactado, en canto, sobre todo, ao obxectivo principal de chegar a ese obxectivo de trinta e catro vítimas por millón de habitantes, da que estamos moi lonxe. Polo tanto, algo está fallando e hai que facer cambios nesa planificación.

E deixo para o final a cuestión das infraestruturas, que é outra peza fundamental: a mellora da rede viaria. E aquí hai responsabilidades tamén compartidas de todas as administracións. E esta moción refírese ás actuacións que ten que facer a Xunta de Galiza, por exemplo, nas travesías urbanas, onde dixeran que había esa cifra tan alarmante de atropelos de peóns. Tamén pensamos que hai que iniciar as negociacións coa Administración xeral do Estado para a transferencia da rede viaria do Estado —unha transferencia gradual— e, transitoriamente, solicitar o reinvestimento do diñeiro recadado por multas e unha dotación extraordinaria por parte do Estado para mellorar a rede viaria, priorizando as actuacións de mellora da seguridade. Porque xa levamos dito aquí moitas veces que hai unha débeda de centos de millóns do Estado con respecto a Galiza en materia de investimentos en infraes-



truturas, concretamente, en estradas. Tamén propoñemos a rebaixa das peaxes nas autoestradas e a liberación de tramos que cumpren funcionalidade de circunvalacións para evitar, precisamente, o tráfico de paso e de peso —porque é moitas veces tráfico pesado— por zonas densamente habitadas.

Propoñemos tamén unha guía de boas prácticas —e hai algúns exemplos no país dos que podemos aprender; están xa publicadas e deberíanse estender a outros ámbitos—, guías de boas prácticas en materia de mobilidade e seguridade viaria, e tamén que os investimentos da Xunta se executen, se prioricen e se repartan con criterios obxectivos, e non como nos anuncia o *DOG* (*O señor Bará Torres amosa un documento á Cámara.*) cada catro meses con este reparto clientelar e con convenios á carta que fai a Xunta de Galiza con concellos gobernados polo Partido Popular. Por referirme só ao último caso...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Non me compensou o do frío do principio (*Murmurios.*).

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non.

**O señor BARÁ TORRES:** Déixeme un pouquiño máis.

Ben, a Axencia Galega de Infraestruturas. Isto non mente; é o *DOG*. Primeiro cuadrimestre: non hai convocatorias públicas, hai convenios a dedo co Partido Popular: Abegondo, Lou-same, Carral, Coirós, O Páramo, Vilalba, A Gudiña, Ourense, Beariz, Larouco...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor, ten outra quenda despois.

**O señor BARÁ TORRES:** Si.

E, por último, non esquecemos a cuestión das competencias. Hai que efectivizar a demanda da transferencia e a lei que aprobamos neste parlamento, a ver se desta vez vai a transferencia das competencias en materia de tráfico e seguridade viaria.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** E remato xa, presidente, se me permite, vinte segundos para...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pero ten outra quenda despois.

**O señor BARÁ TORRES:** ...volver facer ese chamamento a un acordo, a un gran pacto, a un gran consenso de verdade desta cuestión...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, moitas grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...que ten que ser un pacto —como dixen— por salvar vidas, un pacto pola vida nas nosas estradas e nas nosas rúas.



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará, xa está, xa rematou o tempo.

**O señor BARÁ TORRES:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, simplemente por cuestión didáctica: a temperatura e o tempo son magnitudes físicas distintas e, polo tanto, dificilmente compensables, non vaia ser; que non computa o frío por tempo adicional.

En todo caso, indo á importante moción que vostedes presentan relacionada coa seguridade viaria no máis amplo sentido do termo, non podemos dicir que se trate dunha moción sintética, pois ten dezaquito puntos, o cal non a cualifica nin de boa nin de mala, simplemente é unha valoración en canto á súa extensión. En todo caso, fala dun asunto extraordinariamente preocupante. Falamos de traxedias persoais e traxedias familiares que truncan proxectos vitais cando causan mortes ou, en todo caso, gravísimas lesións con secuelas que son permanentes e, polo tanto, é un asunto da máxima importancia e da máxima prioridade.

Non vai ser posible pola limitación do tempo —que non da temperatura— falar de todos os puntos da súa moción, pero si que me vou deter nalgúns que consideramos particularmente relevantes.

No seu primeiro punto propoñen a posta en marcha dunha mesa institucional e social pola seguridade viaria. Cremos desde o noso grupo —aínda que estamos de acordo— que isto vén, en certo modo, a solaparse coa Comisión non Permanente de Seguridade Viaria, constituída neste parlamento. Evidentemente, non sería o mesmo sistema de participación, pero si en canto aos actores que deberían compoñer esa participación, entendemos que son os mesmos e, polo tanto, cremos que... Ademais, tamén sabe vostede perfectamente que estamos nun período case final desa comisión non permanente que, por unha cuestión de tempo, case se converteu en permanente entre tantas lexislaturas que leva funcionando, ¿non?

Polo tanto, entendemos que iso podería estar xa practicamente resolto. Sería desexable que se desenvolvese ao longo deste ano, se cadra no próximo período de sesións.

Fala vostede no seu punto 6 de desenvolver un programa de educación tanto formal como non formal, co que tamén estamos de acordo. Pero tamén convén matizar que determinados aspectos que vostedes poñen na súa moción xa están incluídos nos currículos escolares, aínda que de xeito transversal; evidentemente, non forman parte dunha asignatura. E, polo tanto, si que estamos de acordo.

¿Como non imos estar de acordo co punto 7 cando por parte do noso grupo se trouxo a esta Cámara —sen éxito— unha proposición non de lei para que a Xunta levase a cabo a redacción



dunha lei de mobilidade? E, polo tanto, estamos de acordo co que piden vostedes nos seu punto 7. Entendemos que o oitavo punto redunda en certo modo co punto 1, ao que fixen referencia antes. E, simplemente, gustaríame que nos aclarasen, de ter tempo para facelo, que é exactamente o que se pide no punto 11 da súa moción cando falan de estudar, previr e reducir a sinistralidade laboral causada polos accidentes de tráfico. Non acabamos de entender moi ben se se refiren vostedes a accidentes que se producen *in itinere* e que, polo tanto, forman parte, son considerados accidentes laborais, ou se se refiren máis especificamente a traballos que se desenvolven nas estradas, como todas as persoas que se dedican ao transporte.

Piden vostedes no punto 13 o estudo e posta en funcionamento o transporte a demanda en zonas de ocio nocturno. Parécenos absolutamente necesario, parécenos absolutamente pertinente esta inclusión posto que estamos fartos de ver determinados accidentes de tráfico que se producen logo de que... sobre todo xente nova con, habitualmente, pouca experiencia na condución e en circunstancias de condución non moi aceptables, acaban cunha noite de ocio nunha traxedia absolutamente insoportable.

No punto 14, sobre o que pediremos a votación separada, se nola admiten, non acabamos de entender moi ben en que escenario final nos queremos mover. É dicir, fala de transferencias da rede viaria do Estado, entendemos que na nosa comunidade autónoma, pero non sabemos moi ben se se refire á totalidade das que neste momento son titularidade do Estado e que teñen, polo tanto, a súa xustificación na rede xeral. Pero, insisto, non acabamos de entender moi ben o que significa esta proposta.

No punto 15, que este grupo emendou, non vemos claro tampouco que queren dicir con «tramos que funcionan como variantes ou circunvalacións» cando os tramos que hai neste momento das autopistas de peaxe —Santiago, Vigo e Pontevedra— xa teñen esa peaxe liberalizada. E por iso presentamos unha emenda que inclúe, ademais, que nos dirixamos ao Goberno do Estado para que se analicen os mecanismos que fagan posible unha rebaixa das peaxes en toda a rede de estradas tanto autonómica como estatal e, polo tanto, iso tamén concirne a Xunta de Galicia.

E para rematar, ¿como non estar de acordo cos puntos 17 e 18 para que se planifiquen de forma obxectiva, en réxime de concorrencia competitiva, as modificacións necesarias na rede de estradas,...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...—si remato, presidente— pois, evidentemente, a seguridade viaria non é un aspecto que teña ningún tinte político e, polo tanto, deben ter idéntico tratamento ante idénticas accións?

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Cal Ogando.



**O señor CAL OGANDO:** Bo día a todos e a todas.

Grazas, presidente.

Cando falamos de poñer a vida no centro das nosas accións políticas, de políticas que coidan, creo que moi poucas veces falamos dunha maneira tan directa, tan gráfica e tan clara como cando falamos de seguridade viaria. Porque, á fin e ao cabo, estamos falando dunha maneira moi directa de salvar vidas e de coidar da xente que está nas estradas. Estamos falando de accións e de decisións que repercuten directamente na integridade dos galegos e das galegas.

Estamos nunha situación tremendamente alarmante, como ben sabemos, e o incremento da sinistralidade e da mortalidade nas estradas galegas ten que poñernos a todas en tensión, en facernos reaccionar dunha maneira axiña e urxente. Unha cuestión que xa por si soa —o feito de que se incremente a sinistralidade e a mortalidade— nos debe poñer alerta, pero que no actual contexto no que estamos aínda é moito máis grave. Porque falamos de que temos un incremento, unha tendencia de incremento da sinistralidade e da mortalidade que vén despois de dez anos dunha década de descenso continuado da sinistralidade e da mortalidade, o que nos fala claramente de que hai un cambio de contexto que fai que estes datos se agraven, o cal nos ten que facer alarmar aínda máis, porque sabemos que os datos podían estar moitísimo mellor se continuara a tendencia que viña dende o principio de século.

No período comprendido entre 2008 e 2018 —na última década, sen contar este comezo dramático de ano— falamos de 1.278 persoas, galegos e galegas, que faleceron nas estradas, ¡1.278 persoas en dez anos perderon a vida nas estradas de Galicia! Son datos escalofriantes que, como dicía o señor Bará, non podemos normalizar e temos que actuar fronte a eles dunha maneira moi decidida. E a isto hai que engadir tamén todas as persoas que sofren lesións, e moitas delas lesións graves e permanentes, que aínda fan a situación moito máis dramática.

Dende o ano 2000 a cifra de sinistralidade e mortalidade vén descendendo ata o 2011, onde racha esta tendencia da sinistralidade, que se chega a incrementar a día de hoxe ata un 40 % —de 2011 ata hoxe increméntase un 40 % a sinistralidade despois dunha década continuada de descenso—, e en 2013 racha tamén a tendencia do descenso da mortalidade. E todo isto evidencia claramente que o que se vén facendo non se vén facendo correctamente ou, cando menos, é insuficiente. Isto fala de que os dous plans de seguridade viaria da era Feijóo, o 2011-2012 e o 2016-2020, son, cando menos, insuficientes, porque coinciden co cambio, coa ruptura desta tendencia, e amosan claramente o fracaso neste tipo de políticas.

Hoxe o Bloque Nacionalista Galego trae unha batería de propostas coas que concordamos practicamente na súa totalidade, que, por suposto, se poderá discutir, se poderá debater, porque todo é revisable, todo é negociable, pero o que non é negociable, dende logo, é non facer nada e non actuar de maneira urxente e contundente diante desta situación.

O que tampouco é negociable é non dar a esta situación a importancia real que ten e aplicar os investimentos que precisamos, porque tamén estamos cansos de moitos plans, estamos cansos de leis, estamos cansos de promesas, pero que despois non van acompañados dos





orxamentos e que non van acompañados das actuacións e que non se executan. Polo tanto, precisamos poñernos as pilas con esta cuestión.

Evidentemente, como dixo o señor Álvarez, a moción do BNG é moi extensa, son 18 puntos e algúns deles bastante extensos, non nos podemos parar en todos pero tamén comentarei algún deles.

Estamos totalmente de acordo co punto 4, de dirixirse ao Goberno do Estado para que impulse os cambios normativos que están actualmente en tramitación. E o que hai que destacar sobre esta cuestión é que son uns cambios normativos, a maioría deles, que fixo o Partido Popular no seu día e que se demostraron erróneos e que hai que reverter e que hai que volver poñer no punto anterior, sobre todo aqueles que teñen que ver cos modos de mobilidade máis vulnerables.

Canto ás campañas de sensibilización social, nun contexto no que sabemos que un dos motivos principais dos accidentes son as distraccións e a alta velocidade, non podemos comprender como xa non se vén facendo ata o de agora, como non se implementaron e non se impulsaron todas estas campañas de sensibilización. É algo que sabemos que funciona, sabemos que é importante facelo.

Tamén nos parece moi importante o tema das travesías urbanas, sabemos que se están incrementando moito os atropelos de peóns e ciclistas e aquí neste campo xa temos dito moitas veces que é preciso adecuar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CAL OGANDO:** ...as vías —e remato con isto— á realidade da propia estrada, que moitas destas vías pasan por moitas poboacións e non están adecuadas á travesía e para nos é unha das cuestións importantes.

Polo tanto, imos apoiar toda a moción do Bloque Nacionalista Galego e, aínda que hai unha cuestión na que nos gustaría entrar un pouco polo miúdo, ímola apoiar no seu conxunto.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Barreira.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Grazas, señor presidente. Bos días, señorías.

Nós, dende o Grupo Parlamentario Popular, temos que lamentar, como sempre dicimos, todos os sinistros con vítimas nas nosas estradas, por suposto —onte mesmo, unha vítima mortal no concello de Sarria—, pois detrás disto están dramas persoais familiares que, por suposto, temos que rexeitar e lamentar.

A moción que presenta o señor Bará revela, nembargantes, que, aínda que o enmarca nun halo de consenso e ese pacto pola vida que dicía, nós percibimos un interese non tanto en



acadar un pacto como en facer un uso político desta cuestión, que é unha cuestión que creo que todos debemos coincidir en que ten un interese e unha importancia que nos afecta a todos e, por tanto, todos temos que ter un espírito construtivo, un espírito de consenso e non utilizala ou empregala como ferramenta política.

Vostede, e dígolle isto porque, para empezar, se refería a que hai moitas responsabilidades en distintos ámbitos que plantexan nesta batería de propostas pero o certo é que todas as propostas as dirixe á Xunta de Galicia, e, certamente, hai moitas outras administracións competentes na materia: os concellos, a Administración do Estado... E de feito a min gustárame —sen que isto represente ningún tipo de autocompracencia— recordar que nas estradas galegas, precisamente, é onde se manteñen, fronte a este incremento que se produce nas vítimas. Nas estradas de titularidade autonómica mantense, precisamente, o número de vítimas e ogallá foran menos, pero a realidade é esa.

Mire, consideramos que vostede nesta proposta fai unha serie de usos retóricos desta cuestión. Por exemplo, plantexa a constitución dunha mesa institucional. Como acaba de dicir o portavoz do Partido Socialista e como todos sabemos, existe neste parlamento unha Comisión non permanente de seguridade viaria, existe unha Comisión autonómica de tráfico e seguridade viaria e, por tanto, existen foros nos que tratar esta cuestión. Pero vostede non quere unha comisión, quere unha mesa. Por outra parte, propón que se lle chame á sinistralidade viaria «violencia viaria», e por outra parte di que hai que facer unha declaración de prioridade da seguridade viaria.

Mire, nós cremos que estes enredos retóricos non son propios dunha materia tan importante coma esta. É dicir, non se trata de discutir se lle chamamos violencia ou se facemos declaracións senón de que verdadeiramente adoptemos medidas eficaces e de que coas nosas accións acreditemos que esta é unha materia verdadeiramente prioritaria. E eu por iso boto de menos na súa intervención e na súa proposta que vostede traia aquí ideas, iniciativas, propostas, que verdadeiramente xa se están executando en moitos casos, unha boa parte delas, por parte da Xunta de Galicia pero ás que non fai ningunha referencia. Non só me refiro a este caso concreto que estamos a debater neste pleno senón a tantas ocasións nas que na Comisión 2ª temos oportunidade de debater sobre elas.

Por exemplo, vostede fala dos puntos negros. Pois o que non di, por exemplo, é que a única administración que conta cunha estratexia para a eliminación dos treitos de concentración de accidentes é precisamente a Xunta de Galicia. O Ministerio de Fomento sinalízaos. Pero non hai que sinalizalos, hai que eliminalos.

Fala vostede tamén de elaborar un novo plan de seguridade viaria e con participación. Pois quede tranquilo: seguro que Galicia vai contar cun novo plan de seguridade viaria para o período 2020-2023, no que vostedes terán oportunidade, seguro, de participar, tamén a diferenza do que fixeron co que se está desenvolvendo actualmente.

Poderíamos falar de máis das súas iniciativas, das aportacións de ciclistas e peóns. Todos temos presentes a estes colectivos, a estes usuarios vulnerables, ¿verdade?, nas estradas e, por tanto, hai que seguir traballando. Pero tampouco hai que omitir o esforzo do Plan de



sendas, que nos levou a crear ou dotarnos de cen quilómetros de sendas seguras para ciclistas e peóns nos últimos anos, co obxectivo de que sexan 170 quilómetros ao final da lexislatura, ou mesmo esas rutas para ciclistas protexidos.

Ás campañas de sensibilización e a ese currículo de forma transversal que existe xa no ámbito educativo acaba de se referir tamén o portavoz do PSOE. Simplemente non me vou referir porque o tempo o impediría. Pero pide vostede tamén accións nas propias infraestruturas. Pois tamén poderíamos falar dos plans de reforzo dos firmes, das inspeccións das pontes, tamén dos noiros, que anunciou a señora conselleira na última interpelación, ou desas vías de altas capacidades, nas que implementaron quilómetros nos últimos anos.

Mire, principalmente, nós imos rexeitar a súa proposta, esa batería de propostas, por unha razón: porque nós temos, señor Bará, ese entorno, ese marco que é a Comisión non permanente de seguridade viaria, na que acabamos de constituír a ponencia, na que cremos que se deben dar as condicións de consenso, de facer propostas, de ter un espírito produtivo, porque este é un tema que o merece e, dende logo, dende o Grupo Parlamentario Popular así llo anunciamos. Pero o que non cremos que sexa útil é que, particularmente, vostede plantexe aquí esta batería, outros poderíamos plantexar outras. Temos ese marco no que todos teremos que consensuar, no que todos teremos que facer propostas e por ese motivo o imos rexeitar.

Nós, señor Bará, nese punto...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** ...da Comisión esperamos encontralo, para resolver e plantexar as mellores medidas eficaces posibles de cara á aprobación do propio e aportacións ao próximo plan de seguridade viaria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez.

Polo grupo autor da moción, ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** A verdade é que nos parece lamentable, señora Rodríguez Barreira, o desprezo, o menosprezo dunha proposta que ten 18 puntos e que non lle vale ningún, porque a vostede non lle vale ningún. E despois vénnos aquí co do uso político. ¡Pero é que estamos a falar de política, que estamos a falar de decisións políticas! ¿De que estamos a falar aquí? Outra cousa é o uso partidista. E xa dixen na anterior intervención da interpelación que tiñamos que poñer esta cuestión por riba da confrontación partidista. Pero trátase de facer política, de políticas de seguridade viaria, e o BNG, desde logo, aposta por esas políticas e estao facendo, e creo que de maneira eficaz, naquelas administracións nas que está gobernando, que son referencia nesta materia. E non lle vou recordar os exemplos e os recoñecementos.

Di vostede outra cousa que é absolutamente falsa: que só lle pedimos medidas á Xunta de Galiza. Pois non: falamos de medidas normativas, que son competencia do Estado; falamos



de infraestruturas, que son competencia da Xunta e mais do Estado, por exemplo, das vías de alta capacidade, das autoestradas... e aclárolle unha cuestión ao señor Álvarez: cando falamos deses treitos que teñen funcionalidade de circunvalacións referímonos, por exemplo, ao treito que vai de Vilaboa a Barro, na AP-9, que atravesa unha zona pola que pasa a estrada estatal, que ten moitísimo tráfico, e que, se se libera de peaxe, todo ese tráfico iría para a autoestrada. Son exemplos coma ese.

Di vostede que non falamos de propostas que xa se están facendo. Loxicamente, non imos presentar propostas que xa se están facendo. E estas medidas que propoñemos aquí son para complementar as que está desenvolvendo a Xunta de Galiza, que nalgúns casos constatamos —non en todos, pero nalgúns casos— que non están cumprindo eficazmente os obxectivos, e aí están os datos que non menten, os datos non menten. Non, estámonos distanciando do obxectivo de 34 mortes por millón, que é o obxectivo para dentro duns meses.

Entón, algo haberá que facer, e por iso propoñemos tamén medidas urxentes que non teñen que ver con esa planificación a medio e longo prazo.

Dende logo, non lle compro o argumento de que xa temos unha comisión non permanente, porque levamos doce anos de comisión non permanente e aquí non houbo ningún resultado. E agora, hoxe si, efectivamente, creamos hoxe unha ponencia despois de doce anos. Pero é que ademais son planos completamente distintos: un é o plano parlamentario e outro é o plano dunha mesa institucional e social, onde están as institucións, onde están os colectivos e as entidades sociais. ¿Que terá que ver unha cousa coa outra? Son visións enriquecedoras e complementarias, e todo vai achegar solucións e propostas. Tamén para algo está o Parlamento, para algo están as proposicións non de lei e as mocións. Por iso a traemos aquí: para achegar propostas que vostedes, desde logo, están desprezando.

E aclárolle tamén ao señor Álvarez, con respecto á emenda e ao punto 14, que nos referimos á rede viaria do Estado. Nós defendemos que Galiza debería xestionar toda a rede viaria de competencia galega e estatal, e que iso ten que ser un proceso gradual. Pero o que propoñemos tamén é que haxa un investimento extraordinario. Entón, queremos saber se están de acordo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...con ese investimento extraordinario tamén.

En fin, que pensamos que non nos podemos instalar no conformismo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¿Acepta...

**O señor BARÁ TORRES:** ..., hai que ser realistas nesta cuestión...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...e hai que, desde logo, adoptar medidas valentes, medidas ambientais e medidas eficaces que están dando resultados noutros sitios.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Con respecto a emenda, ¿que dixou, que aceptaba ou que non?, que non me quedou claro, perdoe.

**O señor BARÁ TORRES:** Non, aceptamos a votación por puntos pero a emenda non a aceptamos tal como está.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Vale, grazas.

Moi ben, moitas grazas.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta moción non se presentaron emendas. Para formular a moción ten a palabra a señora Noela Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

A pesar de que a miña compañeira, a señora Vilán, a vicevoceira do Grupo Socialista, xa fixo mención en nome de todo o grupo parlamentar, eu hoxe, como compañeira de Raúl, non soamente do Grupo Socialista senón deputada da provincia de Ourense, non quería deixar de facer mención á súa perda, e facer unha reflexión: Raúl deixounos unha gran lección de vida, a lección de que non hai que renderse aínda nos peores momentos, que hai que levantar a cabeza e ofrecer o mellor de un mesmo a pesar de que haxa días en que un non ten ganas nin de levantarse. Grazas, Raúl, pola túa dignidade, pola túa templanza e pola túa humanidade. (*Aplausos.*)

Señorías, resultado da interpelación que se substanciou no anterior pleno, presentamos hoxe unha moción que ten como obxectivo ter un coñecemento máis profundo sobre o fenómeno da soidade non desexada: quen son, onde están, onde viven, que necesidades teñen esas persoas. Nós o que pretendemos é poñerlles cara, nome e apelidos. Coñecer as súas circunstancias persoais, ter un mapa social completo dese sufrimento obrigado a que se ven sometidas moitas persoas por esa falla ou déficit de relacións interpersoais que están a sufrir. A partir desa diagnose, o que pretendemos tamén é que se poñan máis recursos por parte do Goberno galego para tratar con dignidade, coa dignidade que merecen os nosos maiores, por esa débeda social que sempre dicimos que temos con eles.

Certo é que a soidade pode experimentalala calquera persoa, a non desexada tamén, pero tamén que, a pesar de que hai outros colectivos que están tamén nun amplo risco de pade-



cela, son as persoas maiores as que presentan un risco máis elevado e as que manifestan unha preocupación neste senso.

Segundo os datos do INE, os fogares unipersoais en Galicia creceron nestes cinco anos a un ritmo dun once por cento, unha suba que non afecta igual a todos os tramos de idade. Por poñer un exemplo: entre as persoas máis novas, debido á falla de oportunidades laborais —que temos comentado en moitas ocasións— e económicas e á precariedade, hai moitos mozos e mozas que seguen optando por vivir cos seus pais ou coas súas nais ou por compartir pisos con outros compañeiros. En concreto, son as mulleres de máis de sesenta e cinco anos as que compoñen o bloque dos solitarios —que chamamos nós—; unha soidade que ten como causas principais as dificultades de adaptación á xubilación, circunstancias familiares adversas, a viuvez, a falla de contacto cos seus fillos e fillas, a desvinculación social que sofren estas persoas, a perda de redes sociais ou comunitarias e incluso os problemas de saúde.

Todos e todas creo que coñecemos as consecuencias desa soidade non desexada: persoas maiores que deixan de comer. Hai un estudo baixo o título de «Estado nutricional en maiores de 65 anos en Atención Primaria no norte de Galicia» —pero que é extrapolable a toda a comunidade autónoma— no que nos din este grupo de profesionais que máis dun vinte por cento das persoas maiores que viven soas sofren procesos e problemas de desnutrición; algo que tamén ten moito que ver con esas pensións baixas: acabamos de coñecer ese informe do INS —hoxe mesmo pola mañá— onde nos volve dicir, unha vez máis, que Galicia ten a segunda pensión máis baixa de toda España e unha diferenza co resto de España e coa media estatal de máis de seiscentos euros.

A malnutrición ten, ademais das consecuencias obvias físicas, unha compoñente de fragilidade: asóciase a un maior risco de morbilidade, a maiores taxas de infección, ao aumento de caídas e de fracturas e a estancias hospitalarias que se fan difíciles, moito máis complicadas que no resto dos casos, para estas persoas que están soas. Logo están aqueles que empezan a ter demencias leves, que as pasan sós tamén, e que, ademais da malnutrición e desa desnutrición por deixar de comer, incluso descoidan a súa hixiene persoal. Hai outras consecuencias que son obvias: severas depresións, risco de sufrir agresións ou tamén roubos a estas persoas que están en situación de máis fragilidade; incluso os casos de maltrato ou de violencia contra os nosos maiores son moito máis difíciles de detectar.

O problema foi abordado mesmo o ano pasado, no seu informe anual, polo fiscal superior de Galicia, que facía referencia e dicía unha frase que eu creo que é moi reveladora: «Non é aceptable que haxa persoas que estean mortas dous meses na súa casa e que ninguén as bote de menos». Nós, dende o PSdeG, non soamente cremos que non sexa aceptable en termos globais, senón que non é nin moral nin politicamente aceptable que estea acontecendo isto e que teñamos un goberno que non estea facendo nada ao respecto. *(Aplausos.)*

Son casos nos que ninguén sospeitou nada, de persoas que levaban moito tempo despois de falecer nas súas casas. Incluso algún caso que coñecemos recentemente —que saltou a nova—: a familia enterouse posto que eses alugueiros se viñan descontando nesas contas e, cando esa conta quedou a cero, os seus familiares enteráronse de que esa persoa falecera.



Poderíamos traer hoxe unha iniciativa —e témolas traído a esta cámara dende o PSdeG— moito máis ampla, que tratase temas da realidade dos nosos maiores e necesidades que vimos reclamando nestes últimos anos: residencias de maiores, recursos para a dependencia, máis programas sociais..., porque as necesidades son moitas. Nestes últimos dez anos vímolos repetindo de maneira constante: a política do Goberno galego para os nosos maiores estivo e segue estando en servizos mínimos. Optamos, aínda así, por un pequeno paso que consideramos que é importante, que é ter unha diagnose, un mapa social de cal é a realidade destas persoas. Nós o que pedimos con esta iniciativa é que se elabore, en colaboración coa Fegamp, un informe que permita dimensionar o impacto do fenómeno da soidade non desexada en Galicia; un documento que conterà un censo de persoas maiores que viven soas en Galicia.

Estamos innovando en certa maneira, señorías, porque xa hai concellos nesta comunidade autónoma que implementaron estes censos para poder facer unha atención máis personalizada. Eu hoxe quero poñer aquí como exemplo o Concello de Cerceda, que foi o primeiro en poñelo en marcha, e volver parabenizar a miña compañeira, a señora Rodríguez Rumbo, que estivo á fronte desa iniciativa e que foi unha das súas impulsoras. *(Aplausos.)*

Tendo en conta os resultados deste informe en colaboración coa Fegamp e co Goberno de España e tamén coa colaboración fundamental do terceiro sector, nós cremos que, despois de ter esa diagnose, hai que facer algo máis, hai que ir máis aló. Pedimos elaborar, de maneira urxente, unha estratexia de prevención e atención á soidade non desexada na nosa comunidade autónoma; unha estratexia que aborde de xeito integral este problema, que pode ter diferentes enfoques e diferentes abordaxes, pero onde cremos que teñen que estar todas as institucións implicadas, e por iso así o reclamamos nesta iniciativa.

É unha problemática que nós consideramos —como dicía— que debe de ser abordada de xeito global para concienciar, en primeiro lugar, toda a sociedade sobre a existencia deste fenómeno, pero tamén para tomar medidas para previlo e para tratar de evitalo, a través dese coñecemento científico estatístico máis específico que vimos reclamando. Porque é certo que hai datos, pero tamén que os datos son insuficientes e que non permiten, ou non permitiron ata o de agora, que haxa unha atención máis personalizada que teña en conta as necesidades de cada quen.

Nada máis e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Desde o Bloque Nacionalista Galego compartimos moita da preocupación que describía agora mesmo a señora Blanco e queríamos traer aquí tamén outra reflexión. É innegable a transformación que a sociedade galega viviu nas últimas décadas e, ademais dos factores demográficos,



tampouco podemos esquecer que o avance do neoliberalismo contribuíu tamén a construír unha sociedade que cada vez é máis individualista e que ten abandonado cada vez máis o colectivo polo particular, e iso ten tamén unha tradución en como vivimos as nosas vidas.

Nós entendemos, desde o BNG, que é positiva esta iniciativa, porque cómpre non facer lecturas estereotipadas —tampouco importadas— do que é esa soidade non escollida. Porque o certo é que, malia todo, este país, afortunadamente, continúa a ser unha sociedade que crea comunidade, que vive en comunidade e que non se entende sen ese factor colectivo, pero é certo que hai algo que é determinante, que é a evolución demográfica que vive o noso país. Sen ser a radiografía da nosa soidade non desexada homologable a outras realidades das que houbo tamén exemplos recentemente, como a do Reino Unido ou a da propia Alemaña, isto require que fagamos a nosa propia lectura de cal é o noso estado da cuestión e de cales son as necesidades que temos que cubrir. O que é obvio, o punto de partida que non deberíamos negar ninguén, é que esa soidade non desexada existe e que estamos diante dunha realidade crecente.

As propias prospeccións que fai o Instituto Galego de Estatística estiman que na próxima década haberá arredor de cen mil persoas máis nesta situación, e, con independencia do que nos digan as estatísticas, tamén observando ao noso arredor os factores da evolución do noso país, é innegable que iso vai ser así.

Temos que ter en conta, por exemplo, o factor da emigración, particularmente da emigración xuvenil, o impacto que iso ten nas estruturas das familias e como a correlación máis clásica das estruturas familiares mudou, tamén por outras razóns. Temos que ter en conta tamén a baixa natalidade e temos que ser obxectivos e obxectivas: seguramente quen hoxe estamos en idade de conformar unha familia non a teñamos, algúns porque non queren, outras porque tampouco queren, pero tamén en moitos casos porque a situación económica e social do noso país impide desenvolver en tempo e forma un proxecto de vida. Tamén temos que ter en conta a evolución que ten o avellentamento, e aí os indicadores son claramente alarmantes. O propio Instituto Galego de Estatística sacaba a comezos deste 2019 un novo estudo respecto dos indicadores máis importantes a nivel demográfico e sinalaba, por exemplo, como o índice de dependencia global segue aumentando desde 2008 e, tamén, como o índice de dependencia senil continúa ese ritmo ascendente que ten desde que hai estudos, pola lóxica evolución do aumento da esperanza de vida.

Esa realidade está aí, e a cuestión é que facemos para intervir nela, para adaptarnos a estes cambios. Nós entendemos que hai dúas cuestións que son básicas: primeiro, garantir uns servizos públicos que sexan fortalecidos e que atendan esa realidade, pero tamén unha reflexión máis profunda sobre o modelo de sociedade e o modelo de vida que fomentamos desde os poderes públicos.

Por iso, diante da complexidade que ten esta cuestión, alarmounos ver o absoluto simplismo que manifestaba aquí a Consellería de Política Social hai apenas quince días, reducindo esta cuestión practicamente e o debate ao avellentamento activo e banalizando dicindo que había moitos avós e avoas neste país que coidaban os seus netas e netas ou que ían á leira, e que había algúns incluso que facían as dúas cousas: coidar os netos e netas e ir á leira. Ben, nós pensamos





que, definitivamente, se ese é o simplismo co que o Goberno galego quere achegarse a esta cuestión, definitivamente é que vive noutro planeta, xa partindo por que dentro de trinta anos seguramente a maior parte da poboación que estea en idade de ser avós ou avoas non o será, e seguramente tamén, vendo a estrutura de poboación do país, moitos non terán nin sequera unha leira á que ir. Polo tanto, a lectura é bastante máis complexa e bastante máis profunda.

Neste contexto, nós compartimos esta iniciativa, que —como dicía a voceira socialista— é de mínimos; o mínimo é que coñezamos cal é a realidade para despois abrir o debate de como temos que intervenir nela. O certo é, señora Blanco, que a vin moi esperanzada, pero coñecer e despois consensuar son dous verbos que non lle gusta practicar demasiado ao Partido Popular, entón non sei que sorte terá.

Eu quería rematar cunha última reflexión: desde logo, desde o Bloque Nacionalista Galego o que temos claro é que a atención á soidade non pode ser unha nova coartada para que o Partido Popular continúe a privatizar os servizos públicos e a facer un nicho de negocio; iso si que o temos absolutamente claro. E o certo é que, segundo todos os indicadores, parece que é aí onde nos queren levar. Remítome ao último informe do Consello de Contas sobre o gasto en atención residencial, que precisamente demanda unha maior provisión de prazas públicas e que precisamente sinala a importancia que se lle está dando ao privado neste eido. Pon exemplos concretos sobre que a comunidade galega ten o sesenta e cinco por cento das súas prazas privadas e destaca, ademais, precisamente, a provincia da que somos eu e a compañeira Blanco: Ourense, que é precisamente a parte do noso país que ten un problema máis grave en canto á atención da soidade non desexada e en canto á atención aos retos demográficos e que lidera esas cotas de privatización.

Polo tanto, desde logo, desde o Bloque Nacionalista Galego votaremos a favor desta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente, tamén polas facilidades.

Nós tamén imos votar a favor desta iniciativa, e, dende logo, cremos que o primeiro punto é fundamental, porque se non coñecemos a realidade, dificilmente imos poder tomar medidas que sexan efectivas.

No día de hoxe faltan estudos específicos sobre a soidade non desexada e faltan datos específicos da Xunta de Galicia. Sobre todo, cremos que o importante é entender que non estamos ante un fenómeno homoxéneo: nada ten que ver vivir só por vontade propia, por decisión, que vivir só de maneira imposta, e tampouco ten nada que ver vivir acompañado ou vivir nalgúns centros, como poden ser institucións, e sentir tamén esa soidade.

Cremos que é fundamental coñecer datos cuantitativos, coñecer cantas son as persoas maiores de sesenta e cinco anos que viven soas; pero cremos que hai que ir moito máis alá: co-



ñecer tamén cales de todas esas persoas o fan dunha maneira imposta e sen ser unha decisión persoal. Porque as consecuencias desta soidade imposta, destes sentimentos —como xa se comentou—, son múltiples: son físicas, son psicolóxicas, son sociais..., e a pesar de que non é un fenómeno que se poida reducir ou limitar ás persoas maiores de sesenta e cinco anos, é evidente que ten unhas características específicas e importantes nesta poboación. Como xa se falou, a mobilidade vaise deteriorando e é cuestión de vida, e as demencias tamén teñen maior risco de desenvolverse ante esta soidade. Cremos que é fundamental tratar este tema de maneira específica nas persoas maiores de sesenta e cinco anos.

Nós temos que dicir que, como en moitos temas, é bastante alarmante que, a pesar de que hai un acordo —ou semella que hai un acordo cando escoitamos a todos os grupos deste parlamento— en que é unha realidade preocupante e en que hai que tomar medidas ante esta situación, as medidas que se están tomando nos últimos anos a verdade é que distan moito de ser efectivas, senón que levamos asistindo a moitos anos de parálise ante unha situación que —como se dixo— é moi alarmante, con máis de cento trinta e cinco mil persoas, pero cuxa progresión vai ser moito peor debido aos cambios que levan tempo producíndose na sociedade.

Nós queríamos pór tamén enriba da mesa un condicionante que cremos que hai que ter en conta cando falamos deste tema, que é a dispersión da poboación que temos no noso país. Porque, a pesar de que moitas veces se di que se defende o rural, que se entende e que se fan as políticas públicas pensadas dende esta perspectiva, no día a día vemos como isto é totalmente falso. Os servizos cada vez son máis deficitarios no rural e o transporte tamén leva moito tempo sendo cada vez de peor calidade. Entendemos que moitas persoas maiores, que son as que viven no rural, tamén teñen que ter este acceso a servizos e infraestruturas, independentemente da zona onde viven.

Creemos que é un fenómeno de difícil abordaxe; como aquí se plantexou, non vai haber un único marco de intervención. Cremos que a proposta que se fai hoxe dende o PSdeG é a máis axeitada, porque é aberta e porque abre o diálogo coas asociacións que levan traballando este problema directamente durante moito tempo, ante a inacción das administracións. Cremos que o importante é que indaguemos tamén novos recursos, porque, a pesar de que, obviamente, a defensa dos servizos públicos, dos centros de día e das residencias é fundamental, creo que tamén temos un reto como sociedade de indagar outro tipo de recursos habitacionais que non sexan sempre a institucionalización das persoas cando elas non queren que sexa así. Tecer rede, crear comunidade —xa o dixo tamén a voceira do Bloque Nacionalista Galego—: nun mundo cada vez máis individualista, parece difícil apostar polo colectivo; pero, sen dúbida, é o camiño que temos que seguir.

Nós —como digo— cremos que a Xunta de Galicia leva un suspenso moi grande na atención a esta problemática: levan tempo recortando os servizos públicos, levan tempo privatizando os recursos fundamentais como son os centros de día e outro tipo de recursos, e incumpren a Lei de dependencia de maneira sistemática. Cremos que é fundamental que, a partir de agora, se senten unhas bases novas.

Eu quería lanzar unha idea que sei que seguramente non sexa realidade e sexa imposible, polo menos mentres estea este goberno, pero hai determinados temas, como é a saúde, como



son os servizos sociais e como é a dependencia, nos que debería ser ilegal facer negocio. E digo ilegal porque para min é unha barbaridade que haxa quen se lucre á custa da saúde de outros ou dos coidados doutras persoas. Cremos que hai que potenciar a rede pública porque, co pretexto de que a rede pública non chega, hai quen leva moito tempo facendo negocio.

Agardamos que a iniciativa de hoxe saia adiante. É unha iniciativa de mínimos e cremos que non hai ningún argumento razoable para que o Partido Popular a vete. Tampouco nos sorprendería se non vai adiante, pero en fin. Como digo, creo que temos que pórnos o reto colectivo de axudar e solventar esta situación que é tan preocupante no noso país e que co paso dos anos vai ser moito peor. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Parece ser que algúns grupos parlamentarios xa esperan que o Grupo Popular non acepte esta iniciativa sen escoitar a súa voceira. Dende logo, deben de ter vostedes poderes adiviñatorios.

Ben, o que si estamos é de acordo con que é necesario contar con máis información sobre cantas persoas maiores viven soas en Galicia, porque é necesario contar con esa información para abordar e dimensionar esta problemática na nosa comunidade.

O que é certo é que a primeira lei de impulso demográfico en España se tramitará en Galicia. O que é certo é que en Galicia se creou un Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e que, con este traballo, se elaborará a lei de impulso demográfico de España. Neste observatorio ou neste foro de participación, no que estamos representados todos os grupos políticos, organizacións sindicais e empresariais, universidades, a Administración local e central, entidades sociais, así como profesionais expertos na materia, elaboraron un informe que fixeron público en xullo do ano pasado; ese informe *Galicia, perspectivas demográficas*, un amplo documento que recolle unha diagnose da situación actual en Galicia dende o punto de vista demográfico e que é o resultado de seis meses de análise e seis meses de traballo.

Este documento o que fai é analizar o envellecemento da poboación en Galicia e o perfil das persoas maiores na nosa comunidade. Concretamente, destaca que no ano 2016 a esperanza de vida en Galicia era de oitenta e tres anos —79,45 para os homes e 85,84 para as mulleres—, mantendo a nosa comunidade como un dos lugares máis saudables do mundo en relación coa esperanza de vida. En 2018 as persoas maiores de sesenta e catro anos en Galicia representaban o 24,59 por cento do conxunto da poboación, e o 35,62 por cento das persoas maiores de sesenta e cinco anos son persoas maiores de oitenta anos, un dato que é moi importante.

En relación cos fogares unipersoais, presentan unha maior relevancia nos concellos con menos de dez mil habitantes e nos concellos con máis de cincuenta mil habitantes. Nos municipios máis pequenos, os fogares unipersoais están maioritariamente integrados por unha persoa maior, e maioritariamente esa persoa maior é unha muller.



Pese aos cambios nas dinámicas familiares, segundo este informe do Observatorio, en Galicia persiste a familia con funcións de apoio e solidariedade entre os seus membros. Pero temos por diante un reto importante que temos que afrontar, que é o reto do envellecemento activo e saudable, e para iso en Galicia contamos cunha Estratexia galega de envellecemento activo 2016-2020, que é o marco de actuación que ten a Xunta de Galicia para unha vida activa, saudable, independente e segura.

Entre algúns dos recursos cos que conta a nosa comunidade para abordar este reto podemos destacar os programas de voluntariado —como falou a conselleira no pleno pasado—: o Programa de voluntariado sénior ou o programa de voluntariado Acompañó, para dar compañía ás persoas maiores de sesenta e cinco anos que voluntariamente decidan vivir soas; o programa Xantar na casa, para garantir que máis de mil trescentas persoas teñan cada día unha comida sa e equilibrada no seu fogar en máis de cento sesenta e nove concellos; ou o servizo de axuda a domicilio, que é fundamental, o máis solicitado e o mellor valorado polas persoas usuarias. Porque en Galicia hai unha realidade á que non podemos pechar os ollos, que é que as persoas maiores prefiren maioritariamente seguir na súa casa. O servizo de axuda no fogar conta este ano con máis de setenta e cinco mil millóns de euros, e máis de vinte e catro mil persoas maiores contan con este servizo de axuda no fogar para poder vivir mellor.

O servizo de teleasistencia tamén permite a máis de cinco mil setecentas persoas maiores contar con apoio profesional as vinte e catro horas do día, cando se sintan inseguros, cando se sintan sós ou cando teñan calquera tipo de accidente. E, como non, as casas do maior, un recurso de atención ás persoas que superan os sesenta anos de idade, que residen en municipios rurais e que están en situación de dependencia moderada ou severa, no que reciben atención gratuíta.

Por todo isto, nós consideramos que é necesario ter un coñecemento máis profundo da situación das persoas maiores que viven soas na nosa comunidade. Consideramos necesario ese censo de persoas maiores e tamén consideramos necesario, unha vez que se teñan eses datos dese censo das persoas maiores, falar de cal é a estratexia de prevención e atención para abordar esta problemática. Polo tanto —espero que non lles sorprenda—, o Partido Popular votará a favor desta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo autor da moción, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Quero agradecer, en primeiro lugar, o apoio de todos os grupos.

Señora Presas, <<*no me llames iluso porque tenga una ilusión*>>, como dicía a canción de La Cabra Mecánica. O certo é que custa moitísimo conseguir un acordo nesta cámara pola maioría absoluta do Partido Popular, pero hai veces —moi pouquiñas ocasións—, sobre todo cando falamos de política social, que se consegue. Nós, dende o PSdeG, agradecemos este apoio.



Esperamos tamén que isto sexa, señora deputada do Partido Popular, un pequeniño paso e que vostedes comecen a camiñar por unha senda distinta na Consellería de Política Social: que se melloren eses recursos para os nosos maiores, que este cambio que vostedes hoxe van facer con este voto favorable sexa tamén favorable noutras ocasións para impulsar eses recursos da dependencia que tantas veces temos reclamado e para impulsar esas residencias de maiores que o PSdeG leva pedindo dende hai anos.

Pero, en fin, creo que hoxe o que toca é dar as grazas, agradecer a todos os grupos e pedir que se faga. Eu creo que é moi importante, porque nestes anos que se levan aprobado algunhas iniciativas vemos que moitas delas rematan nalgún caixón, non se sabe moi ben como. Quero dicir que dende o PSdeG imos facer un seguimento continuado —señora deputada do Partido Popular, non se enfade— desta iniciativa que consideramos que é importante e que pode mellorar a vida dos nosos maiores. Imos seguir insistindo nesa necesaria axuda que necesitan, imos seguir valorando, dicindo tamén e respectando todo o que traballaron durante estes anos, e dándolles na época final da súa vida os recursos que merecen e que necesitan.

Nada máis e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Procedemos á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

*Votación da Moción presentada polo G. P. de En Marea, por iniciativa de Eva Solla Fernández e Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas e coa política de persoal da Consellería de Sanidade.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Hai solicitada unha votación por puntos, parece ser; os 14 e 15 por separado. ¿Acepta vostede esa votación por puntos? *(O señor Bará Torres: Si.)* Grazas.

Votamos, polo tanto, os puntos 14 e 15 desta moción.

Votamos.



*Votación dos puntos 14 e 15 da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de seguridade viaria.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 38; abstencións, 12.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 14 e 15 desta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora o resto dos puntos da moción.*

*Votamos.*

*Votación dos puntos restantes da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de seguridade viaria.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados os puntos restantes desta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** *E, por último, a do Grupo Parlamentario Socialista.*

*Votamos.*

*Votación da Moción presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta moción por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** *Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.*

*Suspéndese a sesión ás tres e nove minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e tres minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** *Continuamos a sesión co punto segundo da orde do día, de comparencias.*



**Comparecencia da Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre a situación do ensino e da universidade de Galicia ao remate do curso 2018-2019**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a intervención ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

**A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo):** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Como saben, a finais do pasado mes de setembro asumín as responsabilidades como conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, xusto cando as clases estaban recén iniciadas en colexios e universidades de Galicia. Por iso e rematado o curso, parece necesario estar hoxe nesta Cámara para informar da situación e de como se desenvolveu o curso 2018-19, tanto no ensino non universitario como no sistema universitario de Galicia.

Na miña anterior etapa profesional xa tiven a oportunidade de coñecer de primeira man o funcionamento de moitos centros educativos. Comprenderán que, desde que asumín a dirección da Consellería, tiven aínda máis interese en visitar as instalacións nas que se desenvolve a actividade formativa. Pero para min foi aínda máis importante poder falar directamente co alumnado, co profesorado, con pais e nais, con responsables da universidade e con investigadores. Estas máis de cento vinte visitas, xunto coas xuntanzas de traballo que mantiven con distintos colectivos, permítenme manifestar que o ensino galego e o Sistema Universitario de Galicia están máis vivos ca nunca e que gozan de boa saúde.

Galicia ten un modelo educativo universitario definido e diferenciado que avanza, e avanza contando con proxectos para contribuír ao desenvolvemento do talento e do liderado na excelencia da aprendizaxe dos cidadáns da Galicia do século XXI.

Para centrar a miña intervención comezarei falando do ensino non universitario para continuar despois analizando a situación do Sistema universitario de Galicia. Neste curso que remata, preto de 344.900 alumnos e alumnas recibiron en Galicia formación en educación infantil, educación especial, primaria, ESO e bacharelato, e máis de 51.000 estudantes cursaron distintos ciclos de formación profesional ofertados.

Señorías, temos que valorar como se merece o feito de que a actividade lectiva se desenvolvese con normalidade no conxunto dos centros educativos de Galicia, resolvendo as incidencias puntuais.

Así, un curso máis o ensino galego caracterizouse por lograr consolidar proxectos modernos e innovadores e por avanzar nunha FP que é útil tanto para a formación das persoas como para o desenvolvemento da sociedade galega. En termos xerais, un curso máis tanto a actividade lectiva como o servizos educativos complementarios cubriron a demanda e as necesidades con estándares acaídos.



Galicia é a comunidade autónoma que máis axuda as familias a afrontar o curso escolar a través de tres piares fundamentais:

— Un transporte escolar totalmente gratuíto para aproximadamente 90.000 alumnas e alumnos de 774 centros públicos. Ademais, a Consellería asinou convenios con 13 entidades para facilitar o servizo de transporte a 355 alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. E este curso operaron 495 liñas de transporte compartidas.

— Un comedor escolar baseado no pago por renda familiar. No curso 2018-19 o servizo de comedor escolar acadou os 75.699 comensais sumando os 437 comedores xestionados pola Consellería, os 131 das ANPA e os 50 comedores dos concellos. A Administración educativa galega atendeu 61.500 usuarios a través dos 302 comedores de xestión indirecta e os 135 de xestión directa. Este curso, o 74,8 % dos usuarios de comedor usárono de balde o pagaron un euro. Comedores e cociñas que tamén visitei e nos que teño quedado a xantar sen previo aviso.

— E unha gratuidade solidaria para os libros de texto que neste curso supuxo un total de 27.513 axudas á adquisición de libros de texto e 96.759 axudas para adquisición de material escolar. Ademais, o fondo solidario de libros de texto distribuíu un total de 631.291 manuais. Este curso o programa de gratuidade solidaria para libros de texto chegou a 135.757 alumnos, ben a través do fondo —108.244— ben das axudas —27.513—.

O alumnado galego e as súas familias beneficiáronse un curso máis dunha formación moderna e adaptada aos tempos actuais, froito da progresiva ampliación das iniciativas e políticas postas en marcha na última década. O ensino plurilingüe está cada vez en máis niveis e máis ensinanzas. Así, o alumnado galego, ademais da adquisición de competencias en castelán e en galego, afronta un aprendizaxe integral dunha lingua estranxeira, maioritariamente o inglés. O decreto do 20 de maio do 2010 para o plurilingüismo do ensino non universitario de Galicia e o plan galego da potenciación das linguas estranxeiras foron os elementos precursores da actual Estratexia galega de linguas estranxeiras, Edulingüe 2020, que está a estender a aprendizaxe de idiomas en infantil, bacharelato, formación profesional e ensinanzas universitarias.

Neste curso o 80 % dos centros de ensino de Galicia participou en programas plurilingües contando xa con 385 centros plurilingües, sumándose as ensinanzas plurilingües en infantil, en bacharelato e en FP ás que se viñan ofrecendo en primaria e en secundaria.

A aprendizaxe de linguas estranxeiras abrangue xa o conxunto do ensino público beneficiando máis de 110.000 alumnos e alumnas. Segundo un recente informe do Ministerio de Educación e do British Council, a educación plurilingüe está a mellorar a competencia comunicativa en inglés dos estudantes galegos. Tanto eles coma os seus profesores están satisfeitos coa experiencia marcada na estratexia Edulingüe.

Valoramos tamén a progresiva consolidación da Estratexia galega para a educación dixital, Edudixital 2020, con dúas liñas de acción:

— co Edisgal o ensino galego mellorou as ferramentas de soporte e actualización de contidos propiciando que neste curso 2018-19 o libro dixital chegase a 267 centros e 18.000 alumnos;





— coa estratexia STEM estanse a fomentar entre o alumnado galego a competencias en ciencias, tecnoloxía e matemáticas, e neste curso 15 centros ofreceron por primeira vez o bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía —STEM Bac— e desenvolvéronse con normalidade o resto das actividades vinculadas como os espazos Maker, os clubs de ciencias e as STEM Weeks.

Ademais da mellora das competencias científicas quero lembrar o importante papel das bibliotecas escolares para a formación das competencias clave do alumnado e, aínda máis importante, como lugar de encontro para a creación e o pensamento crítico. Neste curso, 655 centros públicos e 24 concertados de Galicia beneficiáronse do plan de mellora de bibliotecas escolares, principal acción do plan guía de bibliotecas escolares para o período 2016–2020. No contexto do Plan Lía tamén é salientable o traballo con 53 centros de educación especial ou con unidades de educación especial baixo a denominación de ‘biblioteca inclusiva’.

Asemade, os clubs de lectura vinculados a 253 centros educativos son beneficiosos para o conxunto da comunidade educativa. Este curso presentamos os resultados do estudo *Clubs de lectores e lectoras no ensino secundario de Galicia*. A súa principal conclusión é que o alumnado que participa nos clubs de lectura destaca nas súas destrezas comunicativas, nas habilidades de pensamento e nos seus comportamentos no ámbito da diversidade e da igualdade, o que repercute de xeito positivo nos seus logros académicos, sobre todo no que atinxe a calidade de comprensión e expresión, tanto na oral como na escrita.

Un curso máis, Galicia conta cun ensino en inclusivo e que traballa a igualdade e a convivencia pero tamén cun ensino innovador que pensa no alumnado, no profesorado e nas familias. Un ensino máis inclusivo xa que, segundo os últimos datos publicados este mes polo Ministerio, en Galicia o 92,7 % dos alumnos con necesidades especiais estuda en centros ordinarios, o que favorece a igualdade de oportunidades na ensinanza e unha auténtica xustiza social. E traballamos tamén na atención á diversidade co fomento de itinerarios flexibles para o alumnado con necesidades educativas especiais. Un ensino que traballa a igualdade e a convivencia a través de numerosas actividades e accións do primeiro Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016–2020 e da Estratexia galega de convivencia escolar 2015–2020, Educonvives, que significou para o ensino galego dispor de plans de convivencia en cada centro.

Un ensino máis innovador que propicia que os centros educativos con implicación de alumnado e de docentes participen e asuman como propias iniciativas como os contratos programa de mellora educativa, que beneficiaron neste curso case 351.000 alumnas e alumnos pertencentes a 572 centros escolares. Nesta iniciativa, que abrangue sete liñas de actuación de reforzo educativo, implicáronse 28.078 docentes e a maiores a Consellería contratou 295 docentes externos de apoio adicionais para o reforzo en orientación e apoio e tamén para o reforzo das competencias clave en terceiro e cuarto da ESO e en FP Básica.

As actividades do Plan Proxecta, dirixidas a fomentar a innovación educativa nos centros a través de 43 programas educativos que desenvolven as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.



Ou experiencias como o Programa Piteas de formación e mentorización para o desenvolvemento do talento nas aulas, desenvolvido pola Fundación Barrié en colaboración coa Consellería de Educación. Os primeiros resultados dun estudo realizado pola Universidade de Santiago de Compostela reflicten que os participantes neste programa presentan avances significativos na capacidade de aprendizaxe, na comunicación e na expresión, na motivación, no traballo en equipo e no desenvolvemento dos talentos tanto do alumnado coma do profesorado dos centros participantes, o que xera un clima de aprendizaxe moi positivo.

E a participación en iniciativas de recoñecemento ás boas prácticas nos eidos da aprendizaxe de linguas estranxeiras, educación inclusiva, bibliotecas escolares, etc.

Nos últimos anos a oferta de titulacións de formación profesional gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas de iniciación laboral do alumnado con porcentaxes do 85,9 % no caso de titulados de FP en Galicia e do 90,7 % en formación profesional dual.

Un curso máis, Galicia foi quen de ofrecer unha FP atractiva e adaptada ao tecido socio-productivo e que fomenta o emprendemento, ao tempo que está a dar pasos significativos para consolidar a FP dual. Proba disto é que no curso 2018-19 máis de 51.000 persoas cursaron estudos de FP nalgún dos 1.261 ciclos sostidos con fondos públicos. Concretar que neste curso houbo 1.069 matriculados nos 127 ciclos de FP dual, ofertados en 42 centros educativos e que esta é unha modalidade formativa que contou xa coa implicación de 200 empresas.

Neste ano, aprobamos o plan de dinamización da FP dual de Galicia, no que se investirán 5 millóns de euros en dous cursos. A primeira acción prevista no plan, que xa está en marcha, foi a creación da Rede galega de dinamización da FP dual —REGADual— a través da que se nomearon 47 centros dinamizadores da FP dual en toda Galicia e unha persoa responsable da dinamización a tempo completo en cada un destes centros.

Os proxectos educativos e o traballo ordinario nos centros son posibles cada curso grazas ao pulo da consellería pero tamén ao traballo dos docentes e dos equipos directivos dos máis de 1.100 centros existentes en Galicia.

Como saben, este inicio de curso comezou a aplicarse o acordo da Consellería e os sindicatos que permite que os docentes galegos dispoñan dun marco retributivo que supera o da media do Estado.

Xunto á formación permanente do profesorado desenvolvida ao longo de diferentes actividades programadas a través do Cafí e dos CFR —Centros de Formación e Recursos—, a Consellería convocou e acaba de realizar as probas da OPE de 2019 pola que se ofertaron 2.064 prazas en 36 especialidades diferentes.

A maior oferta de emprego público no ensino galego na última década servirá para cumprir os acordos de estabilización estatal e autonómico e para rebaixar a xa reducida taxa de interinidade no ensino en Galicia, a comunidade que ten a máis baixa do conxunto do Estado.



Asemade, un dos colectivos importantes no ensino son os equipos directivos, que exercen a dirección pero tamén son salvagarda do principio de autonomía nos centros e representantes da Administración educativa e que poden ser líderes proactivos para a consecución de éxitos da comunidade educativa.

Para eles, a Consellería activou este curso varias medidas. Constituíronse as novas xuntas provinciais de directores e directoras e tamén a nova xunta autonómica de directores e directoras, coa aplicación da premisa de paridade entre xéneros pero tamén de representatividade de colectivos que antes non o estaban, como os equipos dos CRA ou os equipos dos CIFP, ambos fundamentais no desenvolvemento do rural galego.

Para aumentar a colaboración entre centros, desde o pasado mes de abril está a funcionar a web da dirección, que se converteu nunha ferramenta moi práctica para os equipos directivos en cuestións fundamentais que van desde a normativa actualizada ata os anuncios de convocatorias, todos os protocolos, as instrucións, os modelos de documentos esenciais para o centro ou as aplicacións de uso máis común.

Todo isto, complementado pola comunicación aberta a través do foro de debate entre os membros dos equipos directivos nos que cada día se dan resposta a temas, a dúbidas e a peticións.

E tamén se apostou por facilitar a formación de todos os contidos que afectan o exercicio da dirección para actualizar os coñecementos de cara a un labor máis eficiente das súas tarefas e, sobre todo, para dotar aos equipos directivos dos coñecementos xurídicos precisos.

Ao longo desta intervención, salientei os programas e as iniciativas dirixidas ás persoas, pero é importante falar tamén dos espazos físicos que as acollen e que permiten o proceso de aprendizaxe e o proceso de innovación, variable fundamental en todas as teorías ecolóxicas da motivación, da aprendizaxe e da creatividade.

Levamos unha década investindo na mellora dos centros educativos de Galicia, ata o punto de que, desde abril de 2009 ata decembro de 2018, foron executadas obras por un importe de 266,3 millóns de euros. A maiores, no primeiro semestre de 2019 a Consellería ten adxudicadas ou a piques de adxudicar 46 obras por importe de 47,3 millóns de euros, vinculadas ao Plan de dotación de infraestruturas educativas 2016-2021 e aos fondos de superávit.

Os centros educativos de Galicia están a adaptarse para ser verdadeiros espazos de aprendizaxe, con proxectos educativos e con infraestruturas axeitadas.

Logo desta ampla exposición e chegados a este punto, quero manifestar que xa estamos a traballar na preparación do vindeiro curso 2019-2020, que afrontaremos co reto de planificar, regular e administrar o ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

Un curso máis actuaremos desde a obriga de organizar a actividade dos centros educativos tendo en conta criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable de recursos.



Manter a consolidación dos programas e as estratexias que están a permitir a mellora do ensino galego, desde a aposta polos idiomas, as tecnoloxías e a innovación educativa. Sentímonos avalados nesta tarefa polo feito de que Galicia conte cunha taxa de abandono educativo temperán do 14,3 % no ano 2018, cumprindo e mellorando o obxectivo fixado para o 2020 pola Unión Europea do 15 % para o conxunto de España.

Apoiar os centros educativos na mellora dos seus plans de convivencia, a partir das conclusións extraídas das respostas da comunidade educativa da macroenquisa efectuada este curso e cuxos datos aínda se están a avaliar. Esperamos ter resultados no mes de setembro.

Activar medidas formativas de coeducación, igualdade e loita contra a violencia de xénero, dirixidas ao alumando e ao profesorado, ao amparo do plan de igualdade en centros educativos.

Potenciar a atención á diversidade e a escola inclusiva. Para iso imos desenvolver diversas medidas dentro dunha estratexia de inclusión que aposta, entre outras cuestións, pola divulgación entre os docentes e as familias de varios protocolos de atención educativa ao alumnado, entre eles os xa rematados este curso —algún deles xa presentado—, referidos á discapacidade auditiva ou ás altas capacidades; e estamos preparando o correspondente á dislexia ou a outras dificultades específicas de aprendizaxe.

Outra medida que consideramos importante é o Plan para a dinamización da orientación vocacional e profesional nos centros educativos de Galicia, que abranguerá todas as etapas educativas e incluírá a formación do profesorado e de orientadores e orientadoras, traslado de información sobre as distintas opcións académicas e laborais e potenciación das boas prácticas.

Quero determe aquí para explicar que todos os centros públicos de primaria e de secundaria de Galicia contan con orientadores —preto de 800— e que están apoiados polos departamentos de orientación e polos equipos de orientación específicos. Pois ben, traballamos para afrontar de xeito progresivo a dotación dun segundo orientador nos centros de secundaria con máis alumando.

Asemade, no vindeiro curso pretendemos consolidar o traballo feito na formación profesional en Galicia e avanzar na innovación a través dunha nova oferta de FP adaptada ás necesidades formativas e laborais de Galicia, que abranguerá as distintas modalidades destas ensinanzas, pero cunha atención especial para a FP dual, xa que incrementamos en case un 60 % a oferta nesta modalidade, con 73 proxectos. Tal e como nos comprometemos e como novidade, poñemos en marcha o módulo de lingua estranxeira profesional, a implantar no curso 2019-2020 nos ciclos e módulo lingüístico.

Definición e execución da estratexia galega de FP 2020-2030, para mellorar as competencias profesionais e emprendedoras, que abranguerán medidas en FP dual, internacionalización, maior implicación do tecido empresarial, promoción da I+D+i aplicada ás pemes, e base de creación de novas empresas, atención ás necesidades de novos perfís profesionais, e formación para os desafíos das próximas décadas. E a creación do Centro Galego de Innovación da FP en Ourense, chamado a ser o motor da innovación e o emprendemento na formación



profesional e a favorecer sinerxías do sector produtivo, mediante a transferencia de coñecemento dos centros á industria.

Neste punto e antes de centrarme no curso universitario, quero referirme ás probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, comunmente coñecidas como ABAU. A noticia deste ano tería que ser a novidade nas datas, xa que, por petición das tres universidades de axustar o calendario ao Plan Boloña e asegurar o inicio do curso universitario, por primeira vez non haberá exames en setembro.

Así, froito dun acordo entre a Consellería e as tres universidades, a convocatoria ordinaria da ABAU fixouse para os días 12, 13 e 14 de xuño, pero por primeira vez a extraordinaria, como saben, adiántase aos días 10, 11 e 12 de xullo, para facilitar precisamente esa axilidade no comezo do curso universitario.

Parece que este feito quedou solapado e o foco de atención está, por unha banda, no debate sobre a necesidade de fórmulas para a unificación e a coordinación das probas de acceso á universidade, que garantan a equidade e a igualdade de oportunidades no conxunto do Estado. E, por outra banda, o lamentable erro acontecido en relación co exame de Filosofía, materia específica, e que supuxo o atraso dunha das probas e as consecuentes molestias ao alumnado afectado.

No primeiro dos asuntos, a Consellería xa remitiu en decembro unha carta ao Goberno central para dar traslado do acordo da Comisión 4ª desta Cámara sobre a necesidade de artellar probas ABAU co mesmo nivel de exixencia e a igualdade de oportunidades para todos e todas os alumnos e alumnas, independentemente de en que comunidade autónoma residan.

No segundo dos asuntos, desde o primeiro momento a Consellería pediulle ao organismo encargado do deseño e aplicación da ABAU, que como saben é a Comisión Interuniversitaria de Galicia, a apertura dunha investigación interna, para depurar responsabilidades ante os erros rexistrados.

Quero manifestar que xa houbo unha xuntanza cos reitores e co presidente da CIUG para abordar e reflexionar conxuntamente sobre ambos os temas.

Á hora de analizar o curso universitario 2018-2019, quero lembrar que as funcións da Consellería pasan por exercer con responsabilidade a coordinación do Sistema universitario de Galicia, sempre desde o respecto á autonomía das universidades, recoñecido no marco constitucional.

Este curso comezou con dous novos equipos reitorais nas universidades de Santiago e de Vigo, que, xunto co equipo da Universidade da Coruña, teñen unha canle de diálogo fluída coa Consellería, e como resultado traballamos conxuntamente pola mellora da oferta de titulacións adaptadas ás demandas da sociedade e por acadar avances significativos na investigación dentro do Sistema universitario de Galicia.

O curso 2018-2019 foi o da estrea formal e executiva de dous documentos fundamentais para o Sistema universitario de Galicia: a mellora do mapa de titulacións e o Plan de excelencia



universitaria. Dous documentos que foron previamente negociados e acordados coas universidades, impulsados desde a Consellería, para avanzar na mellora permanente e nun proceso de colaboración interuniversitaria único en España.

O mapa de titulacións, que marca a folla de ruta ata 2021, e o Plan de excelencia universitaria, que fixa as accións a pór en marcha ata o 2020, son a base para manter, consolidar e impulsar aspectos chave para o futuro das nosas universidades como son a eficiencia do sistema, a especialización dos campus, o aumento da empregabilidade das titulacións, o fomento da internacionalización e o impulso á excelencia investigadora.

Este curso 2018-2019 foi o primeiro no que entraron en vigor 5 dos 14 novos graos aprobados nesta folla de ruta do mapa de titulacións. A racionalización de titulacións e a especialización é unha aposta estratéxica da Xunta de Galicia para adaptar as estruturas tradicionais na organización da docencia e na investigación. De feito, agora parece que a Secretaría de Estado de Universidades, en funcións, insta as comunidades a levar a cabo esta racionalización que en Galicia xa estamos a facer.

O acordo sobre os principios reitores da planificación da oferta académica, asinado pola Consellería e os tres reitores en marzo de 2017, é a folla de ruta consensuada ata 2021.

Ademais, ao amparo do Plan de excelencia do sistema universitario de Galicia, por primeira vez tamén se ofertaron catro graos con grupos en inglés.

Tamén demos pasos para a mellora en *rankings* internacionais e impulsáronse cursos de xestión estratéxica aos centros de investigación.

Como outra das accións do devandito plan, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convocou os premios de excelencia académica ao alumando de grao universitario oficial. Na súa primeira edición, estes galardóns premiarán os estudantes que obtiveron as mellores cualificacións no curso 2017-2018 no Sistema universitario de Galicia, en cada un dos cursos de grao, agás o último curso.

A partir da selección dos mellores expedientes que farán as propias universidades, cada persoa que resulte premiada recibirá unha dotación económica de 1.000 euros e un diploma acreditativo desta distinción. Para tal fin a Consellería habilitou unha partida total de 440.000 euros.

O mapa de titulacións e o Plan de excelencia universitaria, xunto co financiamento estable das universidades, están a situar o Sistema universitario de Galicia coma unha referencia nacional, tanto en docencia como en investigación. Unha planificación que está complementada coas políticas impulsadas pola Consellería para apoiar os universitarios galegos, asegurando a igualdade de oportunidades grazas á aplicación dos prezos públicos máis baixos de España e á concesión de axudas complementarias a maiores das bolsas do Ministerio. Atendendo aos últimos datos, as distintas convocatorias de axudas da Consellería acadan anualmente os 1.600 beneficiarios.

Por último, neste repaso pola situación do ensino universitario no curso que acaba de rematar, quero salientar tamén o feito de que o pasado 26 de marzo tivo lugar a primeira Xunta de Go-



berno do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia, previsto na Lei do sistema universitario de Galicia, a instancia das propias universidades. Trátase dun órgano novo, con personalidade xurídica propia e adscrito á Universidade de Santiago de Compostela, aínda que conta con representación tamén da Xunta e das Universidades da Coruña e de Vigo.

O obxectivo desta entidade é impulsar a cooperación das tres institucións universitarias en materia de organización, en materia económica, en materia técnica, en materia administrativa, co obxectivo de acadar unha maior calidade e unha maior eficiencia no Sistema universitario de Galicia.

Outro dos eixes fundamentais das políticas universitarias é o reforzo da investigación universitaria de Galicia a través da convocatoria de axudas e da articulación dun modelo diferencial, por e para a nosa comunidade.

A Consellería mantivo o seu compromiso cos case cincocentos mozos e mozas investigadores que contan cunha carreira formativa de ata 8 anos: os seus contratos son asumidos integramente pola Administración autonómica e, así mesmo, mantemos o cofinanciamento dos contratos de investigadores captados polas universidades en convocatorias nacionais.

Neste ano contamos con 214 grupos de referencia competitiva, e con potencial de crecemento, así como 15 centros cun gran potencial para obter sinerxías dentro e fóra do Sistema universitario de Galicia, estruturados en: 5 centros singulares de investigación; 2 agrupacións estratéxicas consolidadas; outras 7 en formación e 1 María de Maeztu.

Señorías, un curso máis demóstrase o esforzo realizado en Galicia para contar cun sistema sustentado en catro piares de apoio á investigación universitaria: a formación, a captación e retención de talento, os grupos de investigación, e as grandes estruturas.

Ata aquí as principais liñas do traballo feito nos últimos meses, pero tamén quero explicar algunha das medidas adoptadas xa para o vindeiro curso 2019-2020.

En Galicia, unha vez estudadas as posibles repercusións no contorno social e académico, acordouse volver a conxelar os prezos públicos a aboar por cursar estudos universitarios oficiais para o curso 2019-2020. O decreto de prezos universitarios favorece a totalidade do alumando matriculado no Sistema universitario de Galicia, en calquera dos seus niveis: grao, máster e doutoramento. Se temos en conta os prezos medios do crédito en España no pasado curso, Galicia situouse sempre por debaixo da media estatal.

Por outra banda, as tres universidades galegas impartirán por primeira vez catro novo títulos de grao no vindeiro curso 2019-2020, que son: grao en Ciencia e Enxeñería de Datos no campus da Coruña; grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos no campus da Coruña; grao en Xestión Dixital de Información e Documentación no campus de Ferrol, e grao en Robótica no campus de Lugo.

Tal e como se acordou no mapa de titulacións do Sistema universitario de Galicia para o período 2017-2021, subscrito polas tres universidades para manter a oferta actual, a entrada



de catro novos títulos para o vindeiro curso responde ao principio de manter o tamaño axeitado do sistema, tendo en conta a baixada progresiva de alumnado en Galicia.

Polo tanto, o axuste coa entrada de novos títulos e a saída doutros sen apenas demanda xa figuraba na folla de ruta das titulacións nos campus galegos, apoiada polas tres universidades.

A maiores, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, por primeira vez e logo de varios anos, permitiu incrementar a oferta de prazas en nove graos que nos últimos anos non eran suficientes para cubrir a demanda existente e que presentan alta taxa de graduación e de empregabilidade. Froito destes axustes, que foron autorizados tendo en conta o equilibrio da oferta dentro do conxunto do Sistema universitario de Galicia, agárdase que por primeira vez en Galicia a taxa de cobertura das prazas ofertadas supere o noventa por cento cando remate o proceso de matrícula do vindeiro curso.

En relación coa planificación da oferta de titulacións, quero avanzar que o vindeiro mes de xullo contaremos con información completa e actualizada dos perfís profesionais con proxección. Por iniciativa da Consellería, en colaboración coa Fundación Empresa-Universidade Galega, foi realizado o estudo *Galicia 2030: Perfís profesionais de futuro e novas titulacións e especialidades universitarias*, documento que agardamos que sexa de utilidade para os galegos e as galegas.

Continuando co traballo xa realizado nos últimos seis anos, para o vindeiro curso daremos pasos significativos no proceso de acreditación dos campus de especialización, impulsado pola Consellería co obxectivo de fomentar unha organización territorial tendente a unha diferenciación estratéxica, así como ao impulso do labor de investigación e á mellora da calidade da docencia. Este procedemento de acreditación é pioneiro a nivel estatal e manterase aberto de xeito permanente. Trátase de que as universidades incorporen os seus proxectos de especialización cando consideren que están suficientemente maduros para superar a avaliación externa. Unha vez que o campus supere a avaliación e reciba a acreditación correspondente, a Consellería asinará un convenio para comprometer a tres anos os recursos necesarios incluídos pola universidade no seu plan operativo do campus. No vindeiro curso concretaremos aínda máis a actuación específica para asegurar unha liña de financiamento estable dos centros de investigación para o período 2019-2022, dando continuidade á existente nestes momentos.

Xunto ás axudas autonómicas xa consolidadas para a contratación de investigadores por parte das universidades, propiciaremos que Galicia reteña talento dos mellores investigadores posdoutorais formados nas universidades galegas e propiciaremos que Galicia capte talento no exterior, principalmente procedente de centros de investigación estranxeiros, a través da axuda á contratación de máis investigadores posdoutorais baixo a modalidade de investigadores distinguidos.

Como ven, en materia de educación e de universidade, en Galicia hai moito traballo feito, pero tamén hai moito traballo por facer día a día. A pedagoga Inger Enkvist defende que se precisa un esforzo prolongado para mellorar calquera cousa. Pódolles asegurar que todos e todas os que formamos parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional comprometemos un esforzo prolongado para asegurar que Galicia poida manter e





mellorar un modelo educativo e universitario definido e un modelo educativo e universitario diferenciado que sirva de exemplo para o resto das comunidades do Estado.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos. Boa tarde tamén, conselleira.

A verdade é que coa matraca que levaban dando durante quince días coas probas de acceso á universidade, a verdade é que me pareceu que pasaba vostede un pouco de puntillas por esta cuestión. Non sei se será que non foron atopando apoios ao longo destes quince días en que deron —insisto— a matraca até a saciedade coas probas de acceso á universidade, actualmente a ABAU —a antiga selectividade, para entendernos todas e todos—.

Facíase referencia a un acordo parlamentario; ben, en realidade era un Juan Palomo do Partido Popular: «*yo me lo guiso, yo me lo como*». Presentárono, obviamente, en solitario, porque ningunha das outras forzas políticas con representación na Cámara apoiamos esa iniciativa, á que nós —tamén llo digo—, despois de estar escoitando máis ou menos en silencio durante estes quince días —polo menos desde o BNG—, queríamos tamén dar resposta, aproveitando a súa comparecencia con motivo do fin de curso, conselleira, tamén para dar resposta —insisto— a esa suposta polémica creada, que parece que emerxeu non sabemos moi ben como, apareceu así un pouco da nada, e coa que estivemos convivindo —insisto— durante os últimos quince días case como un monotema.

Detrás desa proposta que se supón que ten o Partido Popular de crear unha única proba de acceso á universidade para o conxunto do Estado non hai nada de procurar vías para solucionar unha especie de discriminación que existe cara ao alumnado do noso país. Ao longo destes días puidemos ver cales eran os argumentos que se manifestaban, e están moi lonxe de intentar responder a esa suposta discriminación. O que vemos detrás desa polémica absolutamente artificial é o mesmo discurso centralista de sempre. (*Aplausos.*)

Nós o que lles pedimos é un pouco de rubor, un pouco de vergoña ou contención tamén á hora de expresar os argumentos e que, polo menos, non mintan. Non hai ningunha suposta defensa da igualdade de oportunidades, senón bombardear, unha vez máis, o autogoberno xa de por si limitado que ten este país para pregarse aos intereses desa estratexia centralista orquestrada polo Partido Popular desde Madrid.

A memoria é selectiva e moitas veces é pequena, pero se lembramos o que se dicía hai uns meses, entendemos un pouco máis esa ofensiva e esa polémica artificial ao redor das probas de acceso á universidade. Lembrarán as súas señorías o que se dicía hai uns meses desde as



altas instancias do Partido Popular en Madrid; dicían: «¿Qué pintan las autonomías diciendo si solo se estudia el río de su pueblo o qué idioma se tiene que hablar en el recreo?». Este é o nivel da ignorancia e do desprezo máis absoluto, da apoloxía da burramía —se me permiten— coa que temos que convivir día a día. (*Aplausos.*)

¡E é mentira! Tamén creo que hai que aproveitar a oportunidade que dá esta tribuna e este parlamento para desmentir as falacias coas que se estivo sostendo ese discurso centralista nas últimas semanas. É mentira que unha proba única garanta maior equidade. É absolutamente falso porque, para comezar —quero pensar que todo o mundo aquí o sabe—, a ABAU representa o corenta por cento da nota; o sesenta por cento restante depende do bacharelato, *ergo*, dos centros, *ergo*, do profesorado. Todo este invento —insistimos— non reflicte máis que un enorme desprezo polo autogoberno deste país, e moito nos tememos que non vai ser o último.

E con isto tamén entramos na segunda cuestión na que queríamos centrar, desde o BNG, esta intervención. Galiza conta cun corenta e cinco por cento de competencias en relación co currículo académico. Como nación con lingua propia, esa capacidade de decisión vai, ademais, máis alá do exame ou da materia de Lingua e Literatura Galegas. Despois falaremos do galego no ensino, que xa nos teñen acostumados a que desde a Consellería de Educación non se fale nada da obriga de normalizar os usos do galego tamén desde as aulas. Ese corenta e cinco por cento —insisto— de capacidade de decisión o que permite é adaptar os contidos á realidade económica e á realidade social, cultural e lingüística do noso país.

Nós o que lles propoñemos é que rompan con esa visión uniformadora, que o único que fai é empobrecer o noso país e anularnos colectivamente como pobo, e que exerzan o autogoberno. Propoñémolles —non é a primeira vez que o facemos; repetímolo hoxe— que desenvolvamos as competencias que ten recoñecidas este país, aínda que sexan limitadas, cunha lei galega de educación. E se de verdade do que se quere falar é de desigualdades, se de verdade do que se quere falar é de barreiras, do que temos que falar —porque saben que é o verdadeiramente discriminatorio, que é a pexa que existe entre o alumnado do noso país— é da situación socioeconómica das familias, da clase social, que é o que marca unha fenda entre persoas do noso país.

E aí entramos —insisto con isto— na segunda cuestión na que queríamos centrar, desde o BNG, a nosa intervención nesta comparecencia. Se queremos falar de equidade, de ensino inclusivo, de igualdade e de xustiza social, o que hai é que falar de orzamentos. Non oímos absolutamente nada sobre que se prevé facer cos orzamentos da Consellería de Educación para o curso que iniciará a partir do mes de setembro. A Consellería de Educación —vímolo denunciando tamén desde hai tempo— mantén un recorte acumulado de máis de dous mil millóns de euros desde o ano 2010.

Falemos de recuperar profesorado recortado durante anos; as ofertas públicas de emprego aínda non conseguiron recuperar todas as prazas docentes que fomos perdendo polo camiño durante os anos da crise económica. Falemos das ratios, de computar o alumnado que repite e que necesita a todas luces tamén unha atención máis personalizada e específica. Falemos das ratios de alumnado por aula, porque iso está estreitamente ligado coa atención á diversidade e coa calidade educativa. Falemos de recuperar os horarios lectivos que se perderon desde o ano 2009, porque aí tamén temos unha peza chave —insistimos moito nisto— na atención á diversidade, na atención personalizada e na calidade do sistema educativo.



Falemos —e falaba vostede— dos centros agrupados e tamén dos centros de infantil e primaria do rural, que van ter representación nesos novos organismos que vostedes crearon en relación coas xuntas directivas. Temos que falar do ensino do rural e de como garantir os servizos e dereitos fundamentais como vía para paliar a crise demográfica. Temos dous exemplos que foron motivo de debate nesta cámara, na Comisión 4ª, de maneira reiterada, como poden ser esas escolas de San Mateo de Oliveira, en Pontearreas, ou do Pedroso, en Narón. Tendo matrícula, porque as familias tiveron a vontade —despois de que a Xunta lles pechara eses centros— de manter vivas esas escolas unitarias, a Xunta insiste en non querer reabrilas, a pesar das promesas falsas —agora xa o sabemos— que se lles fixo no seu momento.

Temos necesariamente que falar, para a atención das necesidades educativas especiais, de reforzar os equipos de orientación. Falaba vostede agora desa segunda figura de orientadora ou orientador nos centros con máis alumnado. ¿Que centros? ¿Canto alumnado? ¿E con que orzamento? Seguimos precisando máis persoal de audición e linguaxe, máis PT e, sobre todo, ter en mente algo que nós cremos que non ten moi presente a Xunta de Galiza e o Partido Popular: está ben a innovación tecnolóxica, está ben incorporar computadoras nas aulas, efectivamente; pero a revolución dixital aínda non substituíu o profesorado. Sen recursos humanos e económicos suficientes que garantan unha calidade educativa conforme o dereito que teñen as alumnas e os alumnos do noso país, por moito ordenador que poñamos, as pantallas intelixentes non van substituír os equipos docentes.

E despois —porque non me vai restando moito máis tempo— hai dúas cuestións que queremos poñer enriba da mesa. Unha dicíalla antes: falar da situación que vive a lingua galega no ensino do noso país. O BNG trouxemos no anterior pleno —lembrarán as súas señorías— unha proposta de lei para blindar o carácter oficial e vehicular do galego no ensino, que en ningún caso vai en detrimento da aprendizaxe doutras linguas estranxeiras no noso país, e actualizar unha lei que se aprobou hai trinta anos nunha realidade sociolingüística absolutamente distinta á que temos na actualidade, sempre co obxectivo e co horizonte de cumprir coa obriga de impulsar a normalización lingüística en todos os ámbitos, ao contrario do que está acontecendo agora, conselleira; ao contrario. Dicíao a Academia nos seus últimos informes: a escola converteuse e tornouse nun axente desgaleguizador, e aí vostede ten a máxima responsabilidade.

E, por último —e con isto si que remato, presidente—, queremos falar do financiamento universitario. Vostede falaba da excelencia; dixémolo moitas veces: a excelencia, sen recursos económicos, nin sequera se pode pedir. Falamos de cadros docentes avellentados e dunha precariedade absolutamente insostible entre o persoal docente e investigador. Traemos un caso concreto do que tivemos, ademais, coñecemento estes días desde o Bloque Nacionalista Galego, que ten que ver coa convocatoria deste 2019 das bolsas posdoutorais; falaba vostede dos posdoutorais na súa intervención. A convocatoria deste ano vai deixar no limbo durante cinco meses investigadoras e investigadores, penalizando, ademais —que nos parece gravísimo—, aquelas persoas que se acolleron a unha baixa de maternidade ou paternidade. Cónstame que vostede —ou polo menos a Consellería— xa ten coñecemento desta situación: cinco meses sen contrato, nun limbo, paralizando todo o traballo de investigación que levan desenvolvendo.

O que nós queremos hoxe saber é que solución van poñer enriba da mesa na Consellería para que...



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...esta situación —xa remato— non poida nin sequera producirse cando rematen os contratos actualmente asinados o 30 de xuño de 2019.

Insistimos —e con isto de verdade que si que remato—: o problema non son as probas de acceso á universidade, non son debates artificiais absolutamente creados malintencionadamente para bombardear o autogoberno limitado que temos no noso país.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Se queremos falar verdadeiramente de equidade, de xustiza social e de inclusión social, temos que abordar cuestións como as que refería na miña intervención.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o tempo.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Teño visto e lido auditorías con menos cifras das que vostede nos dixo na súa intervención. Creo que asistimos ao primeiro acto parlamentario desa longa precampaña que se aveciña por parte do Partido Popular.

Porque —e dígollo desde o respecto— veu vostede expoñer na súa intervención como algo novidoso e como algo realmente digno de encomio o que non deixa de ser a xestión ordinaria do sistema educativo. Non todo; hai, evidentemente, innovacións que tratarei de mencionar e mesmo recoñecer, pero a maior parte do que dixo vostede corresponde a programas que xa están iniciados, algún deles cun éxito bastante cativo. Pero, en todo caso —insisto—, é xestión ordinaria; pouca novidade, moita cifra e moita autopropaganda.

Decía a señora Rodil con acerto que nós pensabamos —creo que todos— que ía vostede vir explicar aquí, cando menos dunha forma extensa posto que non ten límite de tempo, cal foi a verdadeira razón ou cal é a postura que ten o Partido Popular de Galicia e a súa Consellería con respecto á avaliación do bacharelato para o acceso á universidade, porque, efectivamente, se xerou unha polémica curiosísima, pintoresca e minoritaria nas últimas semanas sobre esta proba de avaliación.

O certo é que o Partido Popular no Congreso dos Deputados rexistrou unha proposición non de lei sustentada sistematicamente en argumentos falsos. Din os seus colegas en Madrid



que a proba, lonxe de ser aceptada como xusta e equitativa, suscita críticas pola disparidade dos resultados da avaliación do bacharelato para o acceso á universidade; críticas que son frecuente e recorrentes. Frecuente e recorrente son dous conceptos que, evidentemente, se solapan en certa medida, porque algo que ocorre de forma recorrente ocorre de forma frecuente. O problema é que, neste caso, nin é recorrente nin é frecuente. É unha polémica que se iniciou o ano pasado non nesta comunidade autónoma, senón nunha veciña —que non teño por que citar— por parte do presidente desa comunidade autónoma, máis concretamente por parte do consejero desa comunidade autónoma, e que non encontrou respaldo máis que na Comunidade Autónoma de Galicia; por algo será: porque nin hai tanta queixa nin é tan frecuente nin tan recorrente.

Din vostedes que esta proba provoca distorsión desde a perspectiva da equidade e da eficiencia, e que hai unha demanda crecente de que esa proba sexa igual en todo o territorio español. Son argumentos falsos un detrás doutro, e vostede sábeo perfectamente, e por iso creo que o minimizou ou o reduciu practicamente ao mínimo, porque algo tiña que dicir tendo en conta que algún voceiro cualificado do Partido Popular dixo que vostede explicaría nesta comparecencia cal era a posición do Partido Popular ao respecto; posición que ou ben non tiñan clara, ou ben mudou, ou ben o voceiro en cuestión non estaba ben informado.

Sabe vostede que os propios reitores, a Conferencia de Reitores asegura que non hai ningún informe académico que sosteña con datos contrastados [*sic*] que hai probas máis fáciles nunhas universidades que noutras. Esa é a realidade, iso é o que din os reitores, é dicir, os encargados de administrar esas probas nas comunidades autónomas. Polo tanto, no que insisten é en que é unha proba que funciona ben e que calquera intento de cambiala debería facerse desde o máis amplo consenso educativo e tras unha rigorosa análise da realidade. E recoñecen —vostede tamén o sabe e, ademais, creo que está de acordo como especialista en educación que é— que hai outros factores máis de índole socioeconómica que poden explicar as diferenzas que se poden presentar nos resultados dos alumnos.

E, por rematar con este extenso e falaz debate, ¿que me din vostedes da previsión que existía na LOMCE? Esa lei daquel ínclito ministro que nin tan sequera era aprobada..., ben, aprobada si, pero non concitaba o aplauso unánime do propio Partido Popular no Congreso dos Deputados; esa lei do ex-ministro Wert, esa Lei de orgánica para a mellora da calidade educativa que prevía que as universidades ou as facultades puidesen poñer probas específicas. ¿Queren vostedes maior disgregación do sistema de acceso e agora veñen vostedes reclamar un sistema único para todo o Estado, cando a propia lei prevía que se puidesen facer probas específicas nalgunhas facultades ou por universidades? Esa é a realidade; parece un discurso un pouco incongruente.

Falou vostede, tamén un pouco por encima, desa famosa Rede de formación profesional dual, rede sobre a que este grupo parlamentario ao que represento presentou unha proposición non de lei —sen éxito, que é o sino que nos une os grupos da oposición— para que se avaliase a implementación desa Rede de dinamización da formación profesional dual; unha rede que vostede di que vai custar cinco millóns de euros en dous anos. Supoño que se refire, basicamente, aos salarios de todos os profesores que quedan absolutamente liberados de carga docente ningunha para dedicarse en exclusiva a non se sabe moi ben que. E o problema non



é que nós non saibamos moi ben a que, senón que creo que nin vostedes saben moi ben a que se van dedicar, e iso é absolutamente triste. (*Aplausos.*) Porque que non o saiba a oposición pode formar parte do xogo democrático, pero que non o saiba a administración correspondente xa é, en verdade, preocupante.

É unha Rede de dinamización da formación profesional dual que vai liberar todos eses docentes de carga lectiva; liberación que non ten —creo— ningún docente que se dedique á dirección escolar —á que vostede, acertadamente, fixo referencia e recoñecemento—, excepto eventualmente algún centro integrado que, polas súas singularidades, pareza merecer que o equipo directivo non dedique ningunha das súas horas de traballo á actividade lectiva e soamente á xestión dese centro.

Falou vostede —insisto— do que é a xestión ordinaria como algo novidoso. Falou vostede de que se constituíron as xuntas provinciais e autonómicas de directores, ¡pero se levan un montón de cursos funcionando! ¿Como vén vostede dicir aquí que agora se constituíron? ¿É algo *ex novo*? Non, non o é; xa estaban.

O que si lle recoñezo —e felicítoa publicamente neste parlamento— é a posta en marcha desa web da dirección escolar. Paréceme unha iniciativa necesaria e, polo tanto, creo que é tamén de xustiza recoñecer que é algo que debería terse feito antes e que é unha boa nova que se faga neste momento.

Falou vostede de que crearon a maior oferta pública de emprego dos últimos dez anos; claro, vostedes e o resto do Estado. Grazas á conxelación dos gobernos do señor Rajoy da oferta pública de emprego en todos os ámbitos, particularmente nos docentes, agora que hai outro goberno no Estado que permitiu desbloquear esa situación, é lóxico que se reduza o número de interinidades e que, polo tanto, se creen ofertas de emprego público grandes —insisto—, que non son exclusivas desta comunidade autónoma.

Este grupo parlamentario vén presentar sistematicamente, período de sesións tras período de sesións, iniciativas globais coa única finalidade de tratar de mellorar o sistema educativo de Galicia. Porque cremos que, por exemplo, non é de recibo —e iso é algo que poderían vostedes solucionar moi doadamente cunha instrución— que haxa centros onde haxa profesorado facendo gardas e se lles impida a docentes que impartan materias porque hai un número baixo de alumnos; pero non só cun número baixo de alumnos, senón que son materias que van entrar despois na proba de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade. Iso teñen que resolvelo; nós presentamos iniciativas e díxosenos que non, que eses alumnos podían ir facer a ensinanza a distancia. ¿Confía vostede nun alumno ou unha alumna de dezaseis ou dezasete anos ao que se lle diga que pode facer unha materia a distancia no bacharelato? ¿Cre vostede que iso representa un sistema educativo digno e moderno, sobre todo —insisto— cando temos os docentes facendo gardas en vez de dando clase? Creo que, francamente, iso é algo que se debe mellorar.

Como o tempo é escaso para as amplas competencias que ten a súa Consellería, vou ir directamente ao que fai referencia ao ensino universitario. As universidades galegas levan nove anos —¡nove!— sufrindo recortes de todo tipo: de financiamento, de persoal e, en xeral, de



todos os recursos. Os reitores das universidades levan tempo manifestando que non é posible seguir por esa senda de restricións de todo tipo e que é urxente revisar o Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia para que sexa sostible, reclamando, ademais, que se dote de máis fondos a parte estrutural, que é manifestamente insuficiente para financiar a estrutura das universidades. Todos consideran que é necesario aumentar ese financiamento, xa que na actualidade non acadou o un por cento do PIB, que era un obxectivo prometido pola Xunta de Galicia no ano 2015; é dicir, hai catro anos, e aínda seguimos aí.

Mire, para rematar: é importante premiar os bos estudantes, claro que si; pero é máis importante conseguir a equidade e conseguir que ningún estudante quede fóra por problemas económicos. O noso grupo parlamentario propuxo, tamén sen éxito —vou deixar de engadir esta coletilla, porque proposto e sen éxito case son isomorfos—, que fosen as taxas da primeira matrícula gratuítas, e propuxemos, ademais, que esa progresión se fixese ao longo de catro anos, e o Partido Popular votou en contra.

As universidades, señora conselleira, están cumprindo por enriba do seu orzamento, e vos tede tamén o sabe, porque baixou o financiamento para I+D e, ademais, un trinta por cento dese financiamento xa rebaixado nin se executa. Captar talento é importante; sería máis importante impedir que se fora no seu momento, cousa que non fixeron.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos. Boa tarde, señora conselleira.

A verdade é que nos gusta vela hoxe aquí connosco, rendendo contas acerca do traballo da súa Consellería. Non lle negarei que o que nos gustaría sería, realmente, poder facer este tipo de comparencias con base nalgún documento de traballo previo; ver negro sobre branco plans, proxectos e as cifras que os sustenten, non unha carreira de fondo de proxectos e programas lanzados ao aire un tras outro, que fai realmente complicado poder debater en profundidade sobre a política educativa do Goberno galego. En todo caso, as comparencias son sempre benvidas.

Confiamos en que non sexa a última vez que comparece neste parlamento ocupando este cargo. E, verán, ¿por que dicimos isto? Porque, como seguro que comprende, temos dúbidas razoables a respecto de se esta Consellería se vai manter no tempo. Recentemente o presidente Feijóo manifestou a súa aposta decidida por recentralizar competencias educativas que neste momento aínda xestiona a Xunta de Galicia dende a súa Consellería. O asunto case nos pillou por sorpresa; sabiamos ben do interese do presidente por marchar de Galicia, o que descoñeciamos é que tiña intención de fuxir do Goberno galego levando canda si competencias da autonomía do Goberno galego, e isto si que nos preocupa bastante máis. (*Murmurios.*)



Creo que ten moita gana a señora deputada de intervir. (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*)

O que afirmou o presidente é que el estaba a favor dunha proba de selectividade única para todo o Estado; semella que con el á fronte o Goberno de Galicia non é quen de ofrecer as suficientes garantías de calidade e ecuanimidade ao estudantado de Galicia. O señor Núñez Feijóo tentou disfrazar esta posición claramente política como se fose unha cuestión técnica, pero sabemos que a realidade é outra. A reivindicación dunha selectividade única non é máis que unha escusa covarde e deshonestá á que se agarra sempre — agora e outras veces — o Partido Popular para defender o que sempre defendeu: unha España uniforme na que non hai cabida para a pluralidade nacional, para as diferentes identidades e para as culturas ricas e diversas. E aí, señora conselleira, como entenderá, vannos ter sempre enfronte.

Non foi o único, ¡claro que non! As tres dereitas parece que atoparon nisto un cabalo de batalla no que coincidir, pois ao mesmo tempo que Feijóo se laiaba pedíndolle ao Goberno central que, por favor, o liberase de competencias educativas que se ve que non quere atender, a responsable de cultura de Ciudadanos dicía practicamente o mesmo: que o exame de galego era un dos máis difíciles e que seguirían exixindo un mesmo modelo de exercicio en toda España. Segundo parece, o conxunto da dereita comparte exactamente o argumentario do presidente da Xunta de Galicia no que atinxe a esta proba: as particularidades galegas son un inmenso problema, o exame de galego é, de feito, un dos máis difíciles; urxe, polo tanto, renunciar a competencias e centralizar políticas.

Gustaríanos que fose clara respecto á súa opinión, porque a isto temos que sumar tamén, por suposto, a opinión da CRTVG emitida exactamente nesta mesma liña, dicindo que o estudantado galego saía perdendo, ou opinións semellantes en *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*. Así, comprobamos que o conxunto da dereita política, coordinada, por suposto, cos seus brazos mediáticos, está traballando e creando unha falsa alarma con fins unicamente electoralistas.

A estratexia non é nova, xa a padecemos. É exactamente a que se aplicou no seu momento, cando se falou daquel suposto conflito lingüístico. Fagamos memoria, é doado: volvemos a aquela campaña das eleccións autonómicas de 2009, cando o Partido Popular de Galicia baseou toda a súa campaña en sementar mentiras contra o galego. O propio presidente chegou a dicir que tiñamos enriba da mesa un conflito lingüístico sen precedentes creado dende propio Goberno bipartito por aquel entón. Reivindicaba por esa razón desideoloxizar e despolitizar o idioma, do mesmo xeito que agora se propón desgaleguizar a selectividade. O asunto, en calquera caso, é atacar a nosa identidade xerando unha sorte de crise permanente.

Gustaríanos, señora conselleira, que na súa quenda fose clara de verdade. ¿De verdade comparte a postura do presidente, que, preguntado sobre isto, dixo que o Goberno galego votaría si a unha única proba? ¿Vai, de verdade, traballar para facer unha única proba de acceso á universidade no Estado? ¿Vai ser cómplice dos ataques sistemáticos ao idioma e á identidade propia dende a súa Consellería? ¿Que pasará entón co exame de galego? ¿Se temos unha única proba, desaparecerá da proba de acceso? Terá tempo na súa quenda, por favor, de aclarárnolo.





O máis cínico de todo este asunto é que a razón que normalmente se esgrime para xustificar a perda de competencias é a suposta igualdade, como se isto fora algunha vez unha das prioridades do Goberno do Partido Popular; non é así, non é así, señoras e señores deputados. Ao actual Executivo galego non lle importou nunca a igualdade no sistema educativo, e demostrouno en numerosas ocasións: conxelando as partidas destinadas directamente a bolsas universitarias, precisamente as que se destinan a bolsas compensatorias, as máis sensibles; eliminando partidas propias; recortando persoal para atender as necesidades educativas especiais; ampliando as ratios por aula, cando isto afecta especialmente as alumnas e alumnos con máis dificultades; invisibilizando o alumnado repetidor...

É mentira, como acaba de dicir aquí, señora conselleira, que o Goberno galego poña máis recursos para axudar as familias que o precisan máis. Non é opinión nosa; fixémonos, por exemplo, nun recente informe do Departamento de Educación do Banco Mundial publicado pola Fundación de Estudos de Economía Aplicada: denunciou que en Galicia a condición socioeconómica das estudantes e dos estudantes afecta máis as probabilidades de repetir curso e abandonar os estudos que no resto do Estado. Na nosa comunidade, un alumno ou unha alumna con poucos recursos que teña as mesmas competencias que outro con máis recursos ten ata seis veces máis probabilidades de fracasar academicamente.

Isto, dende logo, non acontece por casualidade; non é un azar desafortunado que as nenas e nenos galegos en situación de precariedade fracasen máis que o resto da rapazada na súa mesma situación. Isto sucede porque o Goberno galego leva moito tempo reducindo os recursos para a igualdade de oportunidades e trasladándoos a supostas partidas de excelencia, travestindo sen rubor ningún un mecanismo básico de loita contra a desigualdade nun premio para os supostamente mellores.

Hoxe tivemos aquí outro exemplo máis. Veu aquí falar dunha partida de catrocentos mil euros para a excelencia, mentres en bolsas universitarias se destinan unicamente douscentos mil euros; é dicir, o dobre para premiar a excelencia que o diñeiro que se destina directamente a sufragar as matrículas do alumnado que non foi quen de conseguir outro tipo de bolsa universitaria.

Sobre isto gustaríanos saber, señora conselleira, por que renuncia a súa Consellería a ter unha política de bolsas universitarias propia, adaptada ás necesidades do noso estudantado e que garanta cousas tan básicas como o transporte ou a vivenda, que —como sabe—, debido á dispersión poboacional galega, son especialmente custosos. ¿É consciente vostede do esforzo enorme que fan as familias e o alumnado para cubrir todos os custos que no día de hoxe ten cursar unha carreira universitaria neste país?

Outra cuestión sobre a que poderíamos reflexionar, xa que vostede falou dos libros gratuítos: ¿para cando, de verdade, libros gratuítos en todos os cursos educativos? Porque ese era o modelo que tiñamos e que vostedes eliminaron. ¿Ou para cando un E-Dixgal verdadeiramente gratuíto? Porque lembrará que hai uns meses falamos deste asunto e lle preguntamos por que as familias teñen que pagar as custosas facturas de arranxos, de máis de trescentos euros. Vostede non dixo nada disto e veu aquí e falou de E-Dixgal gratuíto; non, gratuíto non. Cando as familias teñen que afrontar facturas de máis de trescentos euros non se pode



falar de gratuidade. Dende logo, non se pode falar de igualdade de oportunidades, porque, lamentablemente, hai moitísimas familias neste país que non poden afrontar facturas de trescentos euros porque un ordenador se estropea.

Un transvasamento orzamentario constante, como temos denunciado en moitas ocasións, acontece tamén entre a pública e a concertada. No presente curso, Galicia perdeu setenta e catro aulas de infantil e primaria e uns catrocentos docentes. Non obstante, seguen aumentando as prazas das escolas concertadas, algo que non deixa de ser ben curioso. Non hai cartos para a pública, non hai alumnado para a pública, pero ¡carai!, hai recursos e hai alumnos e alumnas para a concertada. ¿Como é posible? Pois por unha razón moi sinxela: os recortes en educación que levamos máis dunha década padecendo non son un tema meramente económico ou de xestión, como así se presenta, senón que agochan tras de si un verdadeiro proxecto ideolóxico que deberían defender con valentía. O Partido Popular, agora no Goberno de Galicia, pero ata hai moi pouco tamén no Goberno do Estado, recortou na pública para seguir apostando por un modelo educativo baseado na competitividade, un modelo que non só non é igualitario, senón que, ademais, nin sequera é eficiente.

Os recortes foron especialmente duros tamén para as escolas do rural: foron moitas as unitarias que pecharon e moitas as nenas e nenos que tiveron que abandonar as súas escolas. Temos un exemplo moi recente que quero poñerlle enriba da mesa: a escola unitaria de Narón. Lembrará que foi pechada en xuño de 2018 por non conseguir seis alumnas e alumnos, que é a cifra mínima. A Xunta asegurou naquel momento, ante a protesta dos pais e das nais, que a clausura non era definitiva, senón que podería ser revocada no caso de que no próximo curso 2019-2020 se matriculase o suficiente número de rapazas e rapaces. Pois ben, a cifra cumpriuse, ¿e que fixo a Consellería? Dar a calada por resposta. Aproveitamos para preguntarlle: ¿vai cumprir a súa promesa, señora conselleira? ¿Van reabrir a escola de Narón, como prometeron? E máis aínda: ¿poden dicirnos hoxe —non dentro dun mes, cando non esteamos en período parlamentario— cantas escolas pensan pechar este curso? Porque xa vimos como o seu predecesor no cargo gostaba de facer estes anuncios xustamente cando non había período de sesións e non tiñamos ocasión de discutir o tema no Parlamento. Por favor, agradeceríamos sabelo canto antes.

Xa por último, señora conselleira, parécenos intolerable que o seu grupo e vostede suban aquí presumir de igualdade e inclusión no ensino ao tempo que se segue prorrogando o financiamento aos colexios que segregan o alumnado por sexo. Repetirémolo todas as veces que sexa preciso; sabemos que somos teimudos, pero é que temos a impresión de que ao Partido Popular se lle escapan dous asuntos fundamentais: o primeiro é que vivimos no século XXI, non na Idade Media na que parecen permanentemente instaladas as congregacións relixiosas que se financian dende o Goberno; o segundo é que a virtude se defende co exemplo e non só coa palabra. Se é certo que a Consellería de Ensino aposta pola igualdade, deixe de financiar xa, agora mesmo, sen dilación, os colexios que discriminan por sexo e remate dunha vez coas prebendas ridículas ao Opus Dei. Iso sería falar de exemplo; iso sería, sen dúbida, apostar pola igualdade.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.



Grupo Parlamentario Popular, señora Antón Vilasánchez.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora conselleira, benvida a esta cámara para contar como se desenvolveu o curso escolar que estamos a piques de rematar en todos os niveis. Permítame empezar, como o resto dos meus compañeiros, falando da ABAU, como non podía ser doutro xeito.

Señora Rodil, vostede fala de polémica: non hai polémica; a polémica, ao mellor, instálala o BNG. O que temos nós é un debate; un debate compartido non só pola Comunidade de Galicia, senón por outras comunidades autónomas e por máis de cento oitenta mil alumnos que recolleron sinaturas reclamando unha modificación da proba para apostar pola igualdade de oportunidades. (*Murmurios.*)

Señor Álvarez, a postura do PSOE xa a sabemos, a postura do PSOE sobre a ABAU está escrita no anteproxecto de lei que vostedes teñen gardado nun caixón, porque están a outras cousas: é volver á selectividade, é volver a esa selectividade que a maioría de nós fixemos no seu momento. Claro, vostede cualifica que esa existencia de desigualdade que nosoutros dicimos é pintoresca. Pregúntelles aos alumnos que non poden entrar por unhas décimas na carreira que queren facer; pregúntelles, a ver se están de acordo con vostede.

Mire, titular: «*Grandes diferencias en el índice de aprobados en la selectividad: 95 % en Las Palmas*» —léoo porque está en castelán—, «*75 % en Santiago*». (*A señora Antón Vilasánchez amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Podería ser de hoxe ou de mañá, pero non; é do ano 1992, *El País*. Despois falaremos disto.

Señora Chao, vostede reclama documentos: é fácil; tenos á súa man na páxina da Consellería e no *Diario Oficial de Galicia*. Aí atopa vostede toda a información necesaria para saber que se está movendo no ensino en Galicia. (*Aplausos.*)

Porque, efectivamente, Galicia conta cun modelo educativo consolidado, un modelo diferenciado que se basea no convencemento de que os centros de ensino deben ser non só espazos de aprendizaxe, senón tamén verdadeiros motores de desenvolvemento de talento e das capacidades de cada un. Por iso, a Consellería acerta cando afirma que o proceso educativo é algo diverso, multidisciplinar e inclusivo, e por iso a Consellería acerta cando traballa para que os centros de ensino desenvolvan a súa actividade nun clima de convivencia, equidade e xustiza social.

A boa marcha do ensino en Galicia é posible pola implicación de toda a comunidade educativa. O liderado da Administración autonómica no exercicio das súas competencias sen un compromiso de todos os axentes que conforman a comunidade educativa dificilmente podería afrontar os procesos de cambio necesarios para acomodar o sistema á realidade.

Por iso, parécenos importante salientar algúns dos aspectos que comentou na súa exposición e que tamén foron comentados polos meus compañeiros. Hai un consenso unánime arredor



do imprescindible labor do profesorado e dos equipos directivos. Neste curso, o impulso da Xunta de Galicia permitiu —como vostede dicía— poñer en marcha o acordo retributivo pactado cos sindicatos, situando a retribución dos axentes galegos por riba da media nacional. Aquí cómpre recordar que foi este colectivo un dos que padeceu, como o resto dos empregados ao servizo das administracións públicas, os recortes drásticos do seu salario, cunha baixada de case ata o cinco por cento do Goberno socialista do señor Rodríguez Zapatero.

Tamén permitiu aprobar e realizar novas ofertas públicas de emprego con máis de dúas mil seiscentas prazas en trinta e seis seccións, entre elas as prazas de portugués, en cumprimento do mandato desta cámara e da Lei Paz Andrade, o que permitirá unha maior estabilidade e a redución da taxa de interinidade, que xa é a máis baixa de todo o Estado.

Galicia, a pesar da crise económica que outros negaron ata que caeu como unha lousa, sempre mantivo a convocatoria de oposicións, agás no ano 2013, é certo, pero iso arroxa un balance de máis de nove mil prazas ofertadas nestes dez anos. Non, señor Álvarez, non é mérito do señor Sánchez; é mérito do Goberno do señor Feijóo. Isto permite que a ratio profesor-alumno sexa máis baixa que a media do Estado e moito máis que noutras comunidades autónomas como Madrid ou Cataluña. ¿De verdade, señor Álvarez, vostede cre que temos docentes facendo gardas en vez de dar clase? (*Varios señores deputados: ¡Si!*) ¿Si? Pois, lamentablemente, nós temos que dicir que non.

A acción desta Consellería tamén foi interesante nesas novas ferramentas que vostede salientaba, para contribuír a mellorar a xestión e a reorganización dos centros de ensino, como o Portal da dirección. Pero tamén fixo un gran labor por continuar coa formación continua do corpo docente a través do CAFI, para reforzar os instrumentos de formación en linguas estranxeiras ou en materias tan importantes como é a igualdade. Tamén se puxo en marcha a colaboración co Sistema universitario galego para afondar na investigación e innovación en educación infantil e primaria.

Outro aspecto que queremos salienta é o impulso á formación profesional. ¿Por que? Pois porque constatamos que as retencias e o escepticismo dos grupos da oposición quedarán no anecdotario do *Diario de Sesións* desta cámara vendo os resultados da forte aposta do Goberno por renovar a formación profesional e, sobre todo, por introducir no noso sistema a formación profesional dual. A Xunta de Galicia, a carón de toda a comunidade educativa e da sociedade empresarial, foi quen de darlle a volta a esta modalidade do ensino que estaba desprestixiada. Dous datos que vostede comentaba son elocuentes: o importante incremento do nivel de matriculación de alumnos e o nivel de inserción laboral, o 85,9 por cento na formación profesional ordinaria e o 90,7 por cento na formación profesional dual.

Este curso, a Consellería deu dous pasos importantes que a conselleira acaba de nomear: o Plan de dinamización da formación profesional dual, cun investimento de cinco millóns de euros —para o plan, señor Álvarez, non só para a rede—, e precisamente estes cinco millóns de euros o que van permitir é ampliar a oferta en coordinación co tecido produtivo de Galicia, particularmente naqueles sectores que se consideren punteiros, apostando pola internacionalización e a investigación; e tamén aprobar a creación do centro galego de innovación en Ourense, grazas á responsabilidade e á altura de miras da Deputación, en detrimento doutros espazos xeográficos desta comunidade autónoma, como saben todos vostedes.



E pasamos ao sistema universitario, porque o sistema universitario tamén está abrindo unhas vías e unhas accións vitais para o seu futuro, como son a posta en marcha do Mapa de titulacións, longamente traballado nestes últimos tempos, e o Plan de excelencia universitaria, unha verdadeira folla de ruta para que as universidades galegas sexan competitivas e innovadoras, outorgando aos alumnos ferramentas suficientes para desenvolverse con solvencia e profesionalidade no mundo laboral.

A Consellería aposta firmemente pola universidade pública, señorías, cun financiamento estable para as universidades, para que teñan un horizonte e un futuro con seguridade. É a terceira comunidade autónoma cunha maior porcentaxe de financiamento universitario en relación co PIB. Tamén mantemos, como dicía a conselleira, unhas taxas universitarias moi baixas, permitindo así un acceso maioritario dos mozos e mozas galegas, e tamén se inviste procurando unha carreira formativa para os investigadores de ata 8 anos. E tamén axudando co financiamento dos investigadores captados polas universidades.

Neste curso iniciouse a andaina do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia, un novo organismo que vai permitir un pulo importante na formación e investigación coordinadas das nosas universidades no futuro edificio Fontán.

Señora conselleira, xa escoitamos voces preocupadas pola implantación dunha universidade privada en Galicia. Ímolo ver mañá neste hemiciclo. Resulta sorprendente que os grupos da oposición fixen posicións a priori contrarias a unha iniciativa deste calibre.

Primeiro, porque está recollida na Lei do Sistema universitario galego e, polo tanto, se o proxecto cumpre a lei non haberá nada que obxectar.

Segundo, porque hai preto de 40 universidades privadas en toda España, ningunha na nosa comunidade, creadas baixo a atenta mirada do Partido Socialista, quen abriu as portas deste país ás universidades privadas grazas aos decretos dos anos 1991 e 1995, que flexibilizaron a entrada das empresas de ensinanza.

E, terceiro, porque ata os propios reitores manifestaron a súa conformidade, sempre e cando ese campus de Abanca signifique complementar os campus xa existentes.

Pero, claro, a manifestación de emprendemento privado a toda a oposición parece que lle dá un pouco de arrepío, polo menos aos grupos do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, vémolos en cada pleno. ¡Empresas privadas, só as que me gustan; universidades privadas e centros privados, *vade retro*; outros idiomas, só se son afíns aos nosos!

Señores, a liberdade está por enriba dos pensamentos políticos particulares, e precisamente se trata de inculcar a cultura do esforzo, a cultura do emprendemento e a liberdade persoal como valores do sistema, e vostedes só pretenden facer cidadáns subsidiados.

E finalmente gustaríame sinalar o empeño por facer do noso sistema un modelo educativo inclusivo e igualitario, con esa aprobación da estratexia de convivencia escolar que vostede comentaba, para que non haxa unha discriminación entre homes e mulleres por identidade



sexual, para rachar coa fenda de xénero dos estudos STEM, para que o nivel de renda non sexa un problema, polo que se destinan importantes recursos, como comentaba vostede ao principio, para transporte, para comedores escolares ou para libros de texto. Para que vivir no rural non signifique renunciar a unha ensinanza de calidade, ou para que capacidades distintas non sexan un freo senón unha oportunidade.

E é certo, todo isto estase dando en Galicia. Porque o sistema educativo galego representa xa un índice de inclusión moi elevado, como dicía e recordaba vostede: un 92,7 % dos alumnos con necesidades educativas especiais están integrados nos centros ordinarios.

E non somos compracentes, somos realistas e exixentes, e non se trata só de integrar senón de dotar de ferramentas e recursos a toda a comunidade educativa para atender a diversidade, polo que cada ano se incrementan os orzamentos en educación. Recursos que permiten traballar nos novos protocolos —discapacidade auditiva, altas capacidades, dislexia—, como vostede comentaba. Recursos para deseño e implementación do plan para a dinamización da orientación vocacional e profesional nos centros educativos que afectará todas as etapas educativas e incrementará paulatinamente o papel orientador nos centros de secundaria con máis alumnado.

Remato xa. Non deixa de sorprender que os grupos da oposición só vexan sombras no sistema educativo e non valoren o camiño andado nestes 10 anos, que foi moito e en boa dirección. O discurso de En Marea—sección Podemos segue tratando de transmitir que isto é un caos, están instalados no discurso do caos, quizais mimetizados pola súa propia situación interna. Tratan de trabucar a sociedade galega con ese discurso catastrofista, que vemos que xa non llo compra ninguén, señora Chao, e é máis grave porque basean ese discurso en falsidades que repiten constantemente...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** ...malia que saben que non é certo, e como exemplo o peche dos centros escolares. En relación a este tema, resulta curioso e incomprendible, tanto por parte da señora Rodil como por parte do señor Álvarez, que fagan un seguidismo deste discurso de En Marea. Porque o que fai o PP non é nin máis nin menos que aplicar o decreto que vostedes aprobaron no Bipartito. Algún día, señor Álvarez, ao mellor nos contará cantas escolas unitarias pechou e cantos centros reordenou na súa etapa de delegado do Bipartito... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Antón. Rematou o seu tempo. *(A señora Antón Vilasánchez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Réplica, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

**A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo):** Grazas, presidente.

Gustaríame que as súas intervencións, señorías, atopasen un punto de obxectividade, un punto de obxectividade suficiente que nos permitise concluír que o ensino galego e as nosas



universidades son referencia no Estado. Non se trata do que di a Consellería, trátase dunha conclusión tanxible a partir de resultados tanto cuantitativos como cualitativos. Son os feitos os que constrúen o verdadeiro relato que explica unha realidade educativa ben distinta do que vostedes, con críticas en serie, máis que cunha serie de críticas, pretenden crear.

Puntualmente señor Álvarez, quizais non me expresei con suficiente claridade, pero as novidades no que respecta á Xunta de directores e directoras son, por unha banda, paridade e, por outra, a representacións dos CRA e dos centros de formación profesional integrados, tan importantes, como dixen, para o desenvolvemento do rural.

Tamén teño que dicirle que a miña comparecencia é para informar sobre a situación do ensino da universidade en Galicia ao remate do curso 2018-2019. Sinto que as súas expectativas foran outras.

Está claro que claman a gritos que siga falando da ABAU. Isto resulta un tanto paradoxal, ou un moito paradoxal, cando por outro lado falan de diálogo falaz. É moi curioso o exercicio simplista ao que someten este tema, levados por un debate meramente ideolóxico. Eu falo como conselleira de Educación, *ergo* desde Galicia, *ergo* con criterio propio.

A oposición recorre ao argumento dunha suposta intención de recentralización da ABAU e mesmo do ensino. Quero deixar claro que a Xunta de Galicia aspira a máis e mellor autogoberno, conforme o noso status constitucional de nacionalidade histórica como galegos e galegas. O prioritario non é entrar nun debate artificial sobre competencias, o prioritario é analizar todas as posibilidades —a proba única e outras— para decidir mellor se entre todos, como dicía a señora Antón, podemos solucionar unha situación que existe, non sei se se pode chamar *a nada* a 178.000 sinaturas, que son as sinaturas que se presentaron estes últimos anos de alumnado do conxunto do Estado. É máis, a propia ministra en funcións incluída fala dunha situación que existe.

Desde a Xunta consideramos que sería positivo arbitrar medidas que conduzan a un modelo de proba común e semellante que garanta a igualdade de oportunidades en todo o Estado. Esta posición tentouse consensuar a través dun acordo unánime do Parlamento, que non foi posible pero que saíu adiante co apoio do grupo maioritario.

Non parece lóxico que as comunidades autónomas que teñan un maior nivel académico no balance comparativo das notas da ABAU estean por debaixo da media, e non o digo eu. O sistema conta con distrito único na mobilidade, a raíz das notas das probas, pero non no deseño e non nos niveis de exixencia. E debido a isto pódense xerar esas desigualdades que tanto lles preocupan a vostedes e ás que sempre apelan unha e outra vez cando falan dese discurso de igualdade de oportunidades.

Cómpre lembrar que a posibilidade de realizar unha proba común a nivel estatal para acceder á universidade xa estaba contemplada nesa lei demonizada da que falaba o señor Álvarez, a LOMCE, e ás veces non se pode confundir o todo coas partes. Na LOMCE establecíase: «As universidades poderán acordar a realización conxunta de todo ou parte dos procedementos de admisión —repito, todo ou parte— que establezan así como recoñecemento mutuo dos resultados das valoracións realizadas nos procedementos de admisión.»



O que xa non parece de recibo é propoñer, como ten feito o BNG, a supresión absolutamente das probas de acceso á universidade, obviando que responden a unha forma de selección e organización motivada polas prazas dispoñibles en determinadas titulacións.

Miren, o nacionalismo tende ao illamento, non contén connosco para deixar illados e sen oportunidades os nosos futuros universitarios. (*Murmurios.*) E, señora Rodil, xa que foi tan benvida por vostede a cita que fixen de Bauman nunha anterior comparecencia, aproveito tamén unha das súas frases, repetida na obra *Retrotopía*, para afirmar que «o illamento é unha tentación enganosa». Refírese á mezcla nas sociedades contemporáneas, diversas e mezcladas, pero non olvidemos que tamén hai que abrir as portas de Galicia dunha maneira centrífuga. (*Aplausos.*)

Efectivamente, señor Álvarez, o 25 % das prazas que se convocan na OPE ten que ser de promoción interna polo artigo 80 da Lei 2/2015 —que vostede coñece moi ben—, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Isto leva sendo así todas as lexislaturas, e recórdolle que quen inaugurou a conxelación das oposicións foi precisamente o Goberno do señor Zapatero no ano 2010.

Señora Rodil, respectando o marco constitucional, Galicia dispón dun modelo lingüístico baseado na Lei autonómica de normalización lingüística, na que ambas as dúas linguas teñen igual tratamento e uso vehicular.

O proceso de substitución lingüística que denuncia a oposición, en concreto o seu grupo, non é responsabilidade exclusiva da escola. A misión principal do ensino é garantir o coñecemento do idioma. Os estudos que temos din que a escola cumpre actualmente a súa misión, con niveis de coñecemento entre a mocidade que rozan o 90 % e que superan os de calquera outra lingua cooficial.

No seu día, o decreto de plurilingüismo deu resposta a un malestar social existente antes da súa aprobación, e sobre todo promoveuse como a mellor fórmula para garantir tanto o coñecemento das linguas cooficiais como dunha lingua estranxeira. Os resultados aválannos: xa me referín a que tanto o coñecemento do galego como o do inglés non deixa de mellorar. Insisto, defendemos a singularidade e a identidade propia, pero non compartimos postulados nacionalistas para que os galegos e as galegas queden illados no mundo.

En canto ao uso do galego como lingua vehicular no ámbito universitario, temos que lembrar que o marco constitucional reconece a autonomía das universidades e que son elas —estas universidades— as que deben fixar as porcentaxes de uso do galego nas aulas universitarias.

Creo que o debate sobre a educación no rural está desenfocado. Non se trata de cuestionar o valor destes centros, en absoluto, senón de admitir que a súa razón de ser é o servizo ao alumnado. Así, a existencia e o bo funcionamento das unitarias e dos centros rurais está directamente relacionada coa presenza real dos nenos e das nenas nas aulas. A Xunta aposta polo ensino no ámbito rural e por contribuír ao arraigo da poboación cando mantén abertas as escolas que contan con 6 alumnos que asisten a clase, e tamén cando fai agrupamentos.

Por máis que pretendan trasladar outra realidade, o peche de unitarias e a supresión da unidade é o último —e debe de ser o último— recurso motivado pola realidade demográfica.





Polo tanto, non está na Consellería de Educación nin nas súas intencións o feito de pechar escolas por pechar, para nada, en absoluto. Están cubertas —dicía— a través de escolas unitarias tanto por separado como integradas nos 28 colexios rurais agrupados, pero tamén, cando é necesario, aberta a escolarización noutros tipos de centros, incluso facilitada co uso de transporte escolar e de comedor escolar. E tamén a través de proxectos educativos innovadores, aos que poño en valor con insistencia sempre que a ocasión o permite, con visitas, con xuntanzas e promovendo o seu espazo no sistema educativo de Galicia, e non só con criterios económicos ou con criterios de xestión senón tamén con criterios pedagóxicos.

Cando atribúen improvisación ás políticas da Consellería confunden as cousas, porque é necesaria a planificación e a programación de medidas pero tamén a capacidade de adaptación. E tamén resulta curioso que primeiro critiquen o impulso e a iniciativa da Consellería, como fixeron coa adaptación da oferta aos sectores produtivos, a aposta pola FP dual en Galicia, pero despois sempre pidan máis e máis e máis incremento. A FP galega é un referente en todo o Estado e segue a liña dos principais países europeos neste ámbito.

Así o está a entender a sociedade tendo en conta o interese de moitos estudantes en cursar algúns dos ciclos ofertados con especial atención ás posibilidades que abre a FP dual.

Insisto en que o vindeiro curso haberá unha nova oferta de FP adaptada ás necesidades formativas e laborais de Galicia, que abranguerá as distintas modalidades, e cunha atención especial para a FP dual.

Respecto á Rede de dinamización da FP dual, señor Álvarez, que non gusta á oposición, é unha acción deseñada pola Xunta para cumprir co compromiso previsto de captación de empresas e de creación de prazas de FP dual a través do financiamento, da figura do persoal e da prospección das empresas. A relación directa da FP dual coas empresas é obvia.

Somos responsables e estamos comprometidos coa FP, porque son ensinanzas que abren moitas oportunidades aos nosos alumnos. Sinto que vostedes concentren as enerxías en buscar lecturas negativas de algo que representa un futuro próspero para a mocidade galega.

Señora Chao, con respecto ás bolsas de universidade, agradezo que me permita nesta Cámara falar de que as idas e as vidas que está a facer o Ministerio de Educación ao redor das bolsas para estudantes non é máis que outra demostración de que o actual Goberno central está a navegar sen rumbo e sen programa no eido educativo. É urxente retomar o Pacto de Estado social e político pola educación, que o Goberno de Rajoy puxo en marcha para consensuar solucións ao redor de temas coma este e que o Partido Socialista rachou e non volveu convocar desde que chegou ao poder.

Desde Galicia sempre defendemos que calquera cambio ou modificación educativa debe facerse no marco deste pacto. Pola nosa banda, a Xunta de Galicia, que ten demostrado máis o seu traballo en prol da igualdade de oportunidade aos estudos superiores, en concreto ás universidades, a través de diferentes convocatorias, ten reiterado tamén a petición de transferencia con respecto ás bolsas de universidade do Ministerio á Comunidade Autónoma.



Señora Chao, aproveito tamén para lembrarlle que a reforma socialista da LOMCE —proxeito de lei neste momento— non elimina os centros de educación diferenciada. E tamén a insto a que cite vostede un só caso, un suposto concreto onde a Presidencia de Núñez Feijóo teña deixado de exercer unha competencia e, cando o faga, lémbrese de citar o ordenamento xurídico constitucional.

Señorías, xa quixeran comunidades autónomas gobernadas polo Partido Socialista ou en coalición ter plans de financiamento das súas universidades. O Plan galego de financiamento universitario vixente foi aprobado por unanimidade e asinado polos tres reitores. Este ano, por exemplo, con 420 millóns temos as transferencias directas da Xunta máis altas ás universidades galegas da historia. O plan vixente posibilita un incremento orzamentario previsible dun 18 % de orzamento público. Este esforzo investidor queda reflectido nos indicadores económicos. De feito, e tal como constata o último informe do Observatorio do Sistema Universitario, o financiamento que destina a Xunta ás universidades supón o 0,71 % do PIB, o que a converte na terceira comunidade que máis fondos achega en función do PIB. Neste sentido, cómpre lembrar que o Plan galego de financiamento universitario está dotado con preto de 2.480 millóns de euros de financiamento público, o que supón un incremento de case un 18 % con respecto á cantidade inicial fixada no plan anterior.

Penso que teño respondido en boa medida ás súas inquiredanzas e ás súas críticas. E permítanme retomar agora unha reflexión: ¿pode o ensino galego e as nosas universidades servir de referencia para outros? A Consellería, señorías, entende que si, que Galicia pode servir de referencia para un modelo educativo e universitario de calidade e que aposte polo talento no conxunto do Estado. Os próximos meses serán decisivos tanto na regulación do ensino non universitario como no que se refire ás universidades. Neste contexto, Galicia quere defender as súas singularidades e o seu modelo, ademais de asegurar o financiamento que merece.

Estamos á espera de que haxa un interlocutor nos ministerios —se é que quedan en dous— para pedir unha reunión na que a Xunta defenderá os intereses do ensino e das universidades galegas desde a lealdade e o interese xeral. Solicitaremos formalmente un encontro para defender as seguintes cuestións:

A necesidade de aproveitar os traballos realizados na pasada lexislatura no Congreso a prol dun necesario pacto pola educación en España, algo que demandan reiteradamente familias e docentes. Foron quince meses de traballo e participaron 80 expertos en educación. Cremos que hai que aproveitar ideas e propostas innovadoras porque Galicia xoga o seu futuro.

Fronte a outras posicións que non respondan ao marco constitucional, desde Galicia defendemos o modelo de plurilingüismo no ensino galego, ao tempo que pode servir de exemplo para outras comunidades. Cremos que este modelo lingüístico é útil porque fai compatible o equilibrio entre o castelán, o galego e unha lingua estranxeira. Este modelo implica que o profesorado dispoña de competencias lingüísticas axeitadas nas linguas oficiais do Estado, polo que o galego, como lingua propia e lingua cooficial, é un requisito no acceso ás oposicións.

O profesorado, peza clave na formación do alumnado. E un recente informe da OCDE alerta sobre a súa preparación, pese a que a ministra de Educación en funcións hoxe dicía nos me-



dios que estaban moi ben preparados os docentes. E é certo que temos un claro potencial humano nos nosos docentes pero queremos que sexan a peza clave da formación do alumnado. Queremos incidir na necesidade de mellorar a formación inicial e o acceso á profesión docente analizando distintas fórmulas como a creación dun MIR educativo, ao tempo que se articulan avances na formación permanente de profesorado.

Aínda que xa mandamos en decembro unha carta co acordo parlamentario, insistiremos na necesidade de unificar o nivel de exixencia nas ABAU. O Goberno en funcións anunciou reformas no ensino nas universidades e ten que afrontar a solución ao agravio e á discriminación que padece o alumnado que supera estas probas, con distinto nivel e exixencia dependendo do tribunal autonómico que fixa e corrixe os exames. Insisto, hai que analizar a posibilidade de definir unha proba única e común para toda España ou outras fórmulas. Pero o que si que hai que garantir é un sistema de control ou inspección que permita velar pola igualdade —esa igualdade á que vostedes apelan sempre— de condicións de todo o alumnado.

Defendemos a inclusión e a atención especializada en función das necesidades do alumnado. Por iso queremos reivindicar ante o Goberno central a existencia de centros de educación especial, tal e como demandan moitas familias, pero tamén a inclusión real e unha atención á diversidade nos centros ordinarios. Estamos dispostos a estudar con rigorosidade a necesidade de orzamentos e recursos humanos para facer efectivas as transferencias de bolsas universitarias a Galicia. Aproveito tamén para dicir que o debate dos orzamentos non corresponde hoxe, corresponde no vindeiro mes de outubro.

Por último, ante a posibilidade dunha reforma do sistema de investigación científica e universitaria no conxunto de España, queremos poñer en valor o modelo galego, un modelo que respecta ao máximo a autonomía das universidades. Estamos xa máis cerca de conseguir con financiamento público e vinculado ao Sistema universitario de Galicia o que en comunidades como Cataluña ou o País Vasco se ten logrado grazas ao financiamento privado nos coñecidos Icrea ou IkerBasque. Por certo, que foron algúns dos formadores que recibiron os nosos investigadores no Plan de formación de equipos directivos de investigación e de centros de investigación.

Neste momento a investigación universitaria de Galicia conta xa cun modelo diferenciado que se está abrindo camiño no actual contexto socioeconómico e, entre os diferentes enfoques cos que se abordará o I+D+i en España e no mundo, centrado en aspectos xerais en materia científica que teñen que ver coa necesidade da promoción do coñecemento, co impulso dunha selección do persoal docente investigador e dunha carreira investigadora apoiadas en criterios como o mérito, a excelencia e a internacionalización. E consolidar o bo goberno e as boas prácticas de xestión tanto nas universidades como nos centros de investigación.

Na investigación universitaria feita por e para Galicia pero, por suposto, sen complexos e con afán de mellorar, desde a propia consellería temos apoiado e promovido o intercambio de experiencias de investigadores e responsables de centros de investigación de Galicia —como dicía— con responsables do Icrea e do Ikerbasque. E todos podemos aprender de todos.



Deberíamos sumar esforzos para facer visible a ciencia excelente que se desenvolve en Galicia. Que o noso sistema universitario sexa unha das principais referencias cando se fale de investigación en España porque ese é o lugar que nos corresponde.

Remato cunha idea irrenunciable: a Consellería seguirá no esforzo prolongado para mellorar pero farao desde o sentimento de orgullo polos avances acadados nos últimos anos para o ensino e para as universidades galegas. Galicia, que pode servir de referencia, ten que servir de referencia para un modelo educativo e universitario de calidade e que aposte polo talento no conxunto de Estado. Así o reivindicamos e así procuramos seguir avanzando.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda especial. (*Pausa.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

A min sempre me gusta, e díxenllo aquel día, que citase a Bauman, porque nos achegaba ao pensamento marxista, aínda que teñamos diferenzas co señor Bauman, obviamente, sobre a cuestión nacional. Ese é un debate aberto no seo do marxismo, non é novo.

Dicía vostede que o illamento era unha tentación enganosa, citando a Bauman, e que Galiza tiña que abrir as portas de maneira centrífuga. O problema deste país, conselleira, é que Galiza leva coas portas abertas en sentido saída décadas, (*Aplausos.*) ¡décadas! (*Aplausos.*) Ese é o problema estrutural, un dos grandes problemas estruturais que ten este país. E entre nacionalismo e cosmopolitismo hai un mundo, e pódese estar aberto ao mundo absolutamente e á riqueza e á diversidade que representan todos os pobos do mundo sen renegar do que unha é, (*Aplausos.*) ¡sen renegar do que unha é e en pé de igualdade!, que é o que defende o nacionalismo galego, de esquerdas (*Aplausos.*) e orgulloso de quen somos, de estar no mundo en pé de igualdade, achegando a riqueza e todo o coñecemento, experiencia e diversidade que ten Galiza entre as persoas que a habitan.

E falando diso, de estar no mundo sendo o que unha é, orgullosa do que unha é, vou fialo co que vostede dicía de que era falso que o ensino galego cumpría coa Lei de normalización lingüística, e que cumpría coa vocación que tiña. O ensino galego, dixémolo aquí no anterior Pleno, precisamente cando debatíamos en resposta ao señor Fernández Gil, e respondíamos que a escola, nin coa Lei de normalización lingüística nin, sobre todo, co Plan xeral de normalización do ano 2004 na man, ten como función única e exclusiva que saibamos ler, que saibamos escribir e que saibamos expresarnos máis ou menos ben en lingua galega, senón que ten ou constitúe un elemento central no proceso de normalización de usos.

E o que non se pode é negar a realidade, que é o que pretenden vostedes —e temos a com-  
parecencia do señor secretario xeral, se non me falla a memoria, na próxima Comisión 4<sup>a</sup>



para falar, entre outras cousas, deste asunto—, de que lonxe, nos últimos anos, nas últimas décadas desde a aprobación por primeira vez dun marco normativo que supostamente blindaba os dereitos lingüísticos do noso país, que a realidade sociolingüística vaia nun sentido completamente inverso. E para mostra un botón, creo que é bo falar con datos, e aí temos os sucesivos informes desde o ano 2012 do Consello de Europa pedíndolle á Xunta de Galiza que derroque ese Decreto 79/2010 porque vulnera a Carta europea de linguas minorizadas. E —insisto—, como di a propia academia —póñoa aí de exemplo porque quero pensar que terán unha mínima consideración dunha institución estatutaria—, ese decretazo converte a escola nun axente desgaleguizador. Insistimos, abertas, con toda a forza centrífuga pero con orgullo tamén de quen somos e de qué podemos, con esa nosa identidade, aportarlle ao mundo enteiro.

Algunhas cuestións máis que foron saíndo no debate sobre a polémica, o debate, os medios de comunicación, a xeración de estados de opinión, e a selección de temas. Non temos tempo, a min é un debate que me apaixona, teoría política e comunicación, pero eu recoméndolles dúas teorías da comunicación, xa que estamos de citas, dúas teorías: McCombs e Shaw, do ano 1972, sobre a Axenda Setting, selección de temas —insisto— e xeración de estados de opinión. E tamén combinada con outra das grandes teorías, de Elisabeth Noelle-Neumann e a espiral do silencio. É a cuadratura do círculo que precisamente se viu perfectamente en vivo e en directo con esa polémica absolutamente artificial sobre a presunta desigualdade ou discriminación que xeraban as probas de acceso á universidade. Aquí díxose —creo— en varias ocasións: 180.000 sinaturas, evidentemente, que emanaban de Valencia porque houbo unhas críticas moi fortes sobre o grao de dificultade do exame de Matemáticas. Eu son de Ciencias Sociais, descoñezo o grao de dificultade desa proba.

Nós propoñemos —e ademais é unha demanda histórica, non é nova— a supresión da selectividade, desas cribas que limitan o acceso ao ensino universitario. E aquí tamén volve-mos... é que non é unha ocorrencia do Bloque Nacionalista Galego, hai países que usan as medias do bacharelato para acceder ao ensino superior, e é o caso de Canadá e é o caso de Suecia. Hai modelos diferentes que poden ser analizados en aras desa igualdade de oportunidades da que vostede falaba, porque, polo menos desde o BNG, o que temos moi claro é que o traballo inxente que fai o alumnado durante dous anos de bacharelato, avaliado de maneira continuada por excelentes profesores e profesoras no noso país son a mellor mostra para acreditar a cualificación suficiente que permita a incorporación do alumnado ao ensino superior se así o quere... porque tamén se pode estudar bacharelato e ir a unha formación profesional se existe vontade diso.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Simplemente unha última cuestión porque saíron aquí varias cousas:

Sobre a opinión dos reitores en relación coa posible creación desa universidade privada. Non é todo como di a señora Antón, a súa opinión —e deixárono moi claro desde o primeiro momento— é que non pode opoñerse practicamente ninguén porque a lei o contempla. Pero o que pediron... e eu pídolle á Consellería que faga unha análise un pouco máis sisuda e en



profundidade da que fixo o Grupo Parlamentario Popular polas... ser prudentes, e ter moi presentes as distorsións que a creación desa universidade privada podería supor para o sistema universitario público...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...deste país.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** E a última cousa —e con isto remato de verdade, presidente— ...,

**O señor PRESIDENTE:** Si, terminou o seu tempo xa.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...volvemos insistir na convocatoria das posdoutorais para este ano 2019. E o feito de que haxa persoas que vaian quedar durante 5 meses no limbo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...porque vostedes falan de excelencia, vostedes falan...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o seu tempo. Grazas.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...de aproveitar toda a capacidade...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo.

Grazas, señora Rodil.

*(A señora Rodil Fernández palabras que non se perciben.)*

Grazas.

*(A señora Rodil Fernández palabras que non se perciben.)*

Xa terminou o seu tempo. Grazas.

*(A señora Rodil Fernández palabras que non se perciben.)*

¡Grazas!

*(A señora Rodil Fernández palabras que non se perciben.)*

¡Grazas! Por hoxe xa chegou. *(A señora Rodil Fernández palabras que non se perciben.)*

Veña, ¡vale! ¡Xa está! *(A señora Rodil Fernández palabras que non se perciben.)* ¡Vale! Grazas.



¡Xa chegou por hoxe!

(Aplausos.)

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Permítame, señora conselleira, que antes de responder á súa intervención o faga á que fixo a señora Antón, que, por certo, creo que non estivo no seu mellor momento cando equiparou a existencia de axudas públicas ao estudo para estudantes desfavorecidos ou en condicións que as necesitan con ter alumnos subsidiados. Creo que é, francamente, un emprego bastante triste desa realidade á que nos conduce, afortunadamente, unha certa parte do Estado de benestar. (Aplausos.)

E dicía vostede que cal era o noso modelo de acceso á universidade. E eu preguntolle: ¿cal é o seu? ¿O seu é un modelo de bacharelato máis unha reválida que supoña que os alumnos que non a superan non teñen nin tan sequera o título de bacharelato despois de ter superadas todas as materias, e a iso lle engadimos unhas probas específicas que poden poñer as universidades? ¿Ten vostede, de verdade, a inocencia de defender aínda o que puxo o ex-ministro Wert nesa lei que ninguén, nin o Partido Popular, apoiaba? E se non consulte vostede cos seus.

¿E di vostede que é mérito de Feijóo esa oferta pública de emprego no ensino? ¡Home!, algo terá que ver, algo, aínda que sexa porque pasaba por alí, o Goberno do Estado, que permitiu o desbloqueo das taxas de reposición; algo terá que ver, algo terá que ver.

E dicía vostede que as nosas iniciativas —supoño que as de toda a oposición, pero eu contesto polas que nos tocan a nós— pasarían a formar parte do anecdotario do Parlamento. Pois mire... si, si, si, dixo vostede que pasarían a formar parte do anecdotario do Parlamento. E eu dígolle que é mellor estar no anecdotario que no índice analítico sistemático de iniciativas que se bloquearon relativas á transparencia e á avaliación de políticas públicas por parte da Consellería de Educación.

E dicía vostede que non era certo que tiñamos o que temos —ben, tiñamos porque o curso rematou o venres pasado—: profesores que estaban facendo gardas en lugar de dar clase. E é certo, é certo, e a proba do nove de que é certo é que o seu predecesor, o señor Fernández Gil, na Comisión 4ª recoñeceu que esa realidade existía e que aos alumnos se lles ofertara a posibilidade de facer esas asignaturas en ensino a distancia. Parece un pouco incongruente ou un pouco temerario —e dígollo desde o respecto e o cariño— que vostede diga que non é certo que esa realidade existiu este curso.

E sorpréndeme que vostede fale da posición que temos fixado, polo menos o Partido Socialista de Galicia, respecto desa universidade privada. Eu agradeceríalle moitísimo que, se o sabe, mo faga saber; porque resulta que ao mellor teñen vostedes micrófonos instalados nas instalacións do noso grupo parlamentario e non o sabemos. Se é así permítame felicitalos porque melloraron vostedes moitísimo desde o punto de vista tecnolóxico, que pasaron de



formatar ou borrar discos duros a golpe de percusión a instalar micrófonos (*Murmurios.*) sen que ninguén se entere. (*Aplausos.*) Moi ben, teñen vostedes un dez.

Señora conselleira, di vostede que as miñas expectativas eran outras. Non, as miñas expectativas eran as que se deducían, nunha primeira lectura e nunha segunda e sucesivas, do propio contido da súa solicitude de comparecencia para dar conta do estado do ensino universitario e non universitario durante este curso.

E pide vostede que teñamos obxectividade na oposición e que non fagamos críticas en serie. Non teño tempo para facer un relato de todas as iniciativas que presentamos para mellorar o sistema educativo, coa única finalidade de mellorar. Insisto, non teño tempo e, polo tanto, non o vou poder facer. Pero creo, de verdade, que obxectividade temos. Podemos ter distintos puntos de vista, podemos non compartir o modelo, pero de aí a que se nos acuse de facer unha análise simplista da situación do ensino nesta comunidade autónoma, tanto universitario como non universitario, ou que se nos acuse de facer unha análise simplista da polémica relativa ás avaliacións do bacharelato para acceso á universidade, creo que, francamente, non é xusto co noso traballo político. Insisto, desde a discrepancia, desde o desencontro, creo que un recoñecemento mínimo da calidade de todos os grupos parlamentarios que aquí estamos tampouco estaría de máis e formaría parte dunha certa elegancia parlamentaria.

En todo caso, vaime permitir que me cuestione, como xa fixo a señora Rodil, que unha certa iniciativa asinada por non sei cantos miles de persoas a través dunha plataforma —*change.org*— se tome como un argumento válido, porque se iso é un argumento válido e un parámetro no que nos imos mover convén que nos movamos todos de agora en adiante.

Remato. Decía vostede que presenta unha formación profesional nova adaptada ás necesidades. ¿Iso que é, unha emenda ao que se fixo ata o momento? Porque se a nova é adaptada ás necesidades, a anterior é evidente que non o estaba.

E, por último, sabe vostede —porque ademais pertence á docencia universitaria— que os orzamentos da universidade galega en valor absoluto, é dicir, os cartos que había e os que hai, son aínda hoxe inferiores aos que había no ano 2009. Polo tanto, creo que está moi ben que teñamos plans, pero estaría moi ben que eses plans foran acompañados dun orzamento suficiente para levalos a cabo. E se, ademais, todas as innovacións se consensuaran dunha forma ampla con estes grupos políticos que formamos a oposición, estaría moito mellor e aforrariamos bastantes desgustos e alteracións no devir do sistema educativo tanto universitario como non universitario.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.





Cinco minutos e, dende logo, moitos temas aínda pendentes sobre os que nos gustaría poder preguntar.

Pero si, señora Antón, menos mal que temos o DOG. Agora ben, se, como vostede dixo, todo o que ten que vir comentar a conselleira está no DOG ou na web da Consellería, quen sabe para que serven este tipo de comparecencias. E menos mal tamén que a señora conselleira nos pide ecuanimidade para concluír que somos referencia no Estado. ¿En que? Porque así a frase soa de marabilla, pero ¿en que?, ¿en ter un dos menores financiamentos universitarios posibles?, ¿somos referencia niso? ¿Ou en ter unha das porcentaxes máis baixas do investimento en termos do PIB no ensino, soamente superado por Polonia? Si, niso tamén somos campións, pero imaxinamos que non é isto ao que se refire.

Ben, vaíamos ao concreto, as probas de acceso á universidade. Vemos que si, queren unha proba única, é o que puider entender entre liñas da súa exposición. Vai poder pasar entón á historia da Consellería por aquela que aniquilou as probas propias. Insisto, ¿pode aclarar que pasará coa proba de galego? ¿Vai eliminar? ¿Vai deixar de computar? ¿Como poden dicir sen ruborizarse que apostan polo aumento do autogoberno cando no seu mandato Feijóo non só non foi quen de acadar unha soa competencia máis, nin unha, senón que están tratando de regular algunha das fundamentais que sustentan o autogoberno galego?

Máis asuntos. Falou da formación profesional, especificamente da FP dual, na que, polo visto, tamén somos unha referencia. Hoxe, dende logo, van con todo; ¡menos mal que somos unha referencia en absolutamente todo que por iso non deixamos de perder poboación! Menos mal que non nos din que tamén somos un referente en canto a natalidade, que xa sería, dende logo, para preocuparse.

Botamos en falla na súa intervención algunha mención ás consecuencias diarias en canto ao mercado laboral da formación profesional dual. Xa o temos dito aquí en máis dunha ocasión: non se pode falar de formación profesional dual sen considerar a problemática que se produce polo feito de que as empresas poidan usar o alumnado como man de obra barata e sen ningún control por parte da Administración. Non se pode negar que esta presenza acaba tendo unha función produtiva, acaba encubriendo unha relación laboral e aí, ¡coidado!, a Administración debería ser vixiante. Porén, disto non teñen nada que comentar, nunca a Administración se sentiu responsable deste drama laboral, nin unha crítica, todo o contrario. Por iso me vai permitir que recupere algunhas preguntas que non lle puidemos formular a vostede, pero que si que tratamos no pleno anterior cando falamos disto.

¿Ten sentido promover unha rede de difusión da formación profesional dual, con responsables nos centros, que supón un cambio de calado xusto a dous meses de que remate o curso, provocando cambios importantes nos centros? ¿Ten sentido investir os recursos, segundo vostede sempre disputados, sempre escasos, nun asunto deste calibre? ¿Non sería mellor que os recursos da formación profesional dual foran, por exemplo, a cubrir custos de desprazamento, manutención e aloxamento de alumnado cando ten que facer esta formación? Isto sería, entendemos nós, apostar pola igualdade de oportunidades. Que si, señora conselleira, por suposto, imos insistir, por moito que lle pareza aburrido ou o tema lle pareza reiterativo,



comprenda que cadaquén ten as súas prioridades e, dende logo, na nosa axenda política a igualdade de oportunidades está arriba de todo, como a nosa prioridade fundamental.

E mire, outro asunto no que a igualdade brilla pola súa ausencia é no da investigación. O esforzo —disto vostede non comentou nada— investidor en I+D+i, entendido como a relación entre o gasto nestas actividades e o PIB, continúa moito por debaixo da media estatal, da media europea e mesmo do obxectivo fixado por vostedes no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Segundo os datos do INE, a situación da investigación en Galicia é moi semellante a 2008. Igual disto a universidade debería dicir algo. A nosa capacidade investigadora está moi por detrás doutras universidades, das universidades doutras comunidades que mencionou aquí como Cataluña ou o País Vasco, que teñen programas propios ben interesantes. Porén, o Goberno galego fala e fala de excelencia pero non é quen de ofertar as mesmas condicións para investigación que noutros lugares do Estado. Pouco talento se vai traer así e, dende logo, pouco talento imos evitar que marche. Pero, claro, esta desigualdade é unha cousa menor para o executivo de Feijóo. O que de verdade lle quita o sono a este goberno é que sexamos nós e non Madrid quen examine os rapaces e rapazas de Galicia, jas prioridades claras!

Dito todo isto, non quixera resultar máis dura da conta. É evidente que o señor Núñez Feijóo non ten agora mesmo a cabeza aquí. A situación na que se encontra o seu partido abre unha ventá de oportunidade moi interesante para el, que mesmo lle podería permitir dunha vez por todas aquilo que leva moito tempo querendo: liderar a formación no conxunto do Estado. O que ten que entender é que malia todo continúa a ser o presidente de todas as galegas e os galegos, polo que a súa obriga é gobernar dende Galicia e para Galicia. Sei que vostedes non o cren e por iso falan de recentralización e de suposta igualdade, pero o pobo galego hai moito tempo que é quen de gobernarse a si mesmo sen ter que pedir permiso a ninguén. Se o señor Núñez Feijóo non é quen de facer a parte que lle corresponde, entón será mellor que marche pero en silencio, sen comprometer a autonomía do Goberno galego e sen danar aínda máis a nosa terra e a nosa lingua, iso sería servizo a Galicia. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Chao Pérez.

É o turno, por parte do Grupo Parlamentario Popular, de dona Ángeles Antón Vilasánchez.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, como ve seguimos ancorados en temáticas concretas que se repiten unha e outra vez por parte dos grupos da oposición, porque parece que a árbore non lles deixa ver o bosque.

Vostede compareceu hoxe aquí para comentar como foi o curso escolar, que está a piques de rematar, falar do futuro, pero a oposición empéñase en coller a parte polo todo e facer das incidencias o cabalo de batalla en vez de tratar do conxunto.

O conxunto do ensino en Galicia é que estamos razoablemente ben pero queremos ser mellores e por iso o Partido Popular está traballando seriamente, como dicía vostede, con criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable de recursos. O ensino



galego debe ser sostible e sostido no tempo para adaptarse á realidade, unha realidade cada día máis cambiante, que exige un esforzo colectivo para que o futuro dos nosos mozos e mozas sexa mellor e lles permita mellorar a sociedade que lles vai tocar vivir. Por iso un pacto de Estado é imprescindible, como recoñecía vostede.

Vostede falaba da lealdade con que actuará a Xunta de Galicia e nós esperamos que esa lealdade sexa recíproca e que a educación non sexa unha arma de xogo político da demagogia partidista, porque nos xogamos o futuro deste país. O futuro que a outros parece que non lles interesa, pensan só no seu interese presente e manexan o discurso segundo lles convén en clave de rédito político. ¿Como se entende se non que o Goberno de España estea ausente do pacto educativo, do debate educativo? ¿Como se entende que o Partido Socialista, azuzado por Podemos, que tiña moita présa por derrogar a Lomce, presentara un anteproxecto no mes de novembro e desde entón non se saiba nada? Case mellor, esta proposta devolvíanos ao pasado, ao século XX en moitos casos, como vostede salientou noutras ocasións.

Non só iso, o Partido Socialista falaba dos malísimos orzamentos do Partido Popular, que destinaban a educación o 4,2 %, e exixían cando menos o 5 %. Pero cando chegou ao Goberno e presentou os seus orzamentos mesmo a súa proposta era inferior ao 4 %. ¿Que van facer agora? ¿Volver prorrogar os orzamentos? Porque os orzamentos que presentaba o Partido Socialista non eran bos para Galicia, en educación tampouco, porque non recollían suficientemente a singularidade do noso territorio, particularmente a dispersión xeográfica ou o tema das escolas infantís.

Vostede tendeu a man. Porque Galicia ten un modelo diferenciado, contrastado con resultados, señora Chao, consultado e coa avaliación das políticas públicas educativas, que pode servir de exemplo. E por moito que lles pese a algúns, o modelo do plurilingüismo da nosa comunidade é unha mostra de como defendendo o idioma propio —porque nós tamén estamos orgullosas do que somos, señoras do BNG—, defendendo o propio pódese afrontar unha materia pendente no ensino deste país que é o bilingüismo. Nun mundo cada día máis globalizado a aprendizaxe de idiomas desde un contexto de ensino público é imprescindible e Galicia está claramente nesa senda e os resultados son evidentes.

Falabamos tamén antes da igualdade de oportunidades e claro que a igualdade de oportunidades, señora Chao, é unha cuestión técnica. O impulso da igualdade de oportunidades é política, pero a creación de instrumentos que permitan esa igualdade de oportunidades é unha cuestión absolutamente técnica. E esa igualdade non debe quedar no marco xeográfico da nosa comunidade, senón que debe plantexarse no conxunto do Estado.

Sobre a mesa está a problemática da ABAU que comentabamos antes, e non se pode penalizar os alumnos e alumnas das comunidades autónomas que desenvolven un sistema educativo máis exixente, en busca da excelencia e da calidade educativa.

Esta cuestión non é de hoxe, como lles dicía na miña anterior intervención, o debate está instalado desde hai décadas. Eu xa sei que ao Partido Socialista do señor Sánchez non lle gusta mirar para os seus maiores, e renega daquel Partido Socialista que pensaba con sentido de Estado e mesmo que sabía moito de escoitas ilegais. Igual que o recoñecía a ministra Celaá



estes días, como vostede recordaba, o ministro Solana en 1992 —naquela mostra que lles facía antes do artigo de *El País*— comentaba a necesidade de abordar e de evitar as desigualdades no acceso á universidade nas diferentes autonomías.

Señorías, este debate hai que dalo, coñecer o diagnóstico da situación e atopar unha solución, que seguramente ten un carácter poliédrico e unha responsabilidade política. Como é unha responsabilidade política abordar o acceso á profesión de docente e á carreira profesional, á formación continua de investigación. ¿Que vai facer o Partido Socialista? ¿Vai seguir coa idea dun MIR para os docentes como postulaba o señor Rubalcaba?, ¿ou tamén renegan do seu exvicepresidente? Señora Álvarez, ¿o Partido Socialista de Galicia vai apoiar as demandas da Xunta con respecto á mellora do financiamento do Sistema educativo galego?

Señora conselleira, hoxe vostede trouxo a esta Cámara o balance do acontecido neste curso académico e das liñas que quere seguir a Consellería para o futuro do noso ensino. A oposición perdeu outra oportunidade de facer achegas e propostas construtivas.

O Partido Popular fala de excelencia, de calidade, de igualdade de oportunidades, de atención á diversidade, ao tempo que arbitra medidas para alcanzar tales metas. Os grupos da oposición tamén utilizan estes conceptos pero non achegan nin unha soa proposta. Escenifican o extraordinario como ordinario, pero iso...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora ANTON VILASÁNCHEZ:** ...non é a realidade do ensino de Galicia.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Antón.

Para o turno de dúplica ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

**A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo):** Grazas, presidente.

Señora Rodil, eu tamén estou orgullosa de ser galega.

En ningún momento falei dunha análise simplista do sistema educativo, señor Álvarez, senón que dixeran que reducir o debate da ABAU a un tema meramente ideolóxico era simplista. Polo tanto, ás veces creo que escoitan vostedes cousas que eu non dixeran.

Falei de facer unha análise profundo da igualdade de dificultades na ABAU. Non dixeran que o ensino e o discurso de desigualdade e da igualdade no ensino sexa aburrido, en ningún momento o dixeran. Dixeran que, no marco deste discurso, estarían de acordo en que garantir a igualdade de oportunidades na ABAU galega é unha necesidade.



O Plan de dinamización da formación profesional dual está suxeito a un fondo social europeo xestionado polo Estado, polo tanto, ten uns prazos e ten unhas convocatorias.

E falando de igualdade, falando de equidade, dicir simplemente que, segundo o informe PISA 2015, Galicia é a comunidade autónoma onde o ISEC ten menor impacto sobre os resultados académicos. Estou a falar do impacto que causa o índice social, económico e cultural. Decía que ten menor impacto sobre os resultados académicos e, polo tanto, é a comunidade autónoma que conta cun sistema educativo máis equitativo. De feito, os resultados de Galicia mostran máis equidade que os de calquera outro país da OCDE. Polo tanto, consideramos que o noso sistema educativo cumpre cos exixibles neste eido, aínda que desde a Consellería se traballa e se traballará sempre coa equidade e a igualdade de oportunidades como liña transversal prioritaria.

Con respecto ás posibilidades dunha universidade privada, neste mesmo pleno responderei no día de mañá máis concretamente a unha pregunta sobre o proxecto de creación dunha universidade privada en Galicia. Tamén quero dicir algo nesta comparecencia, lembrar que a Consellería de Educación xa informou neste Parlamento sobre o procedemento para a creación dunha universidade privada en Galicia.

Neste senso, tal e como manifestaron os reitores galegos, a posición da Consellería sobre este asunto é que se cumpra coa lei, pero tamén, como vostedes din e como dixeron os reitores, a autorización da nova universidade privada deberá servir para enriquecer o Sistema universitario de Galicia. Polo tanto, non se agobien con este tema porque vai estar analizado polo miúdo. O marco normativo galego estatal permite a convivencia de universidades públicas e privadas, pero Galicia é a única comunidade autónoma na que, habendo máis dunha universidade pública, non hai unha universidade privada.

Señorías, tanto no peche dun curso ante a preparación doutro novo, como nos últimos dez anos, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional seguimos comprometidos e afrontamos novos obxectivos e novos retos. Somos conscientes de que Galicia, mantendo e potenciando o que funciona, debe actualizar o seu modelo educativo universitario para os cidadáns do século XXI. Esta ambición é a que permite que a nosa comunidade conte cun modelo educativo universitario definido e cun modelo educativo universitario diferenciado que imos reivindicar ante o Estado, e con lealdade e con humildade cremos que pode servir de exemplo para outras zonas.

Un curso máis, a través de iniciativas como Edulingue, Edudixital e o Plan Lía de bibliotecas escolares, a Consellería está comprometida con medidas que implicarán o reforzo das competencias en linguas, das competencias dixitais e das competencias lectoras.

Avanzaremos na diagnose e potenciación da convivencia das aulas galegas; afondaremos na coeducación, na igualdade e na loita contra a violencia de xénero; reforzaremos a atención á diversidade e a atención da escola inclusiva; imos preparar unha estratexia de inclusión neste sentido.

Manteremos o nivel de equidade do sistema educativo para mellorar a información á comunidade educativa en todo o que atinxe á atención á diversidade.



Destinaremos os nosos esforzos ao profesorado galego, peza clave do ensino galego, con máis e mellor formación permanente. Afrontaremos con responsabilidade a estabilización do cadro de persoal e a taxa de interinidade no ensino en Galicia.

Tamén levaremos a cabo un plan para a dinamización da orientación vocacional e profesional nos centros educativos de Galicia. Todos os centros de Galicia —dicía na primeira intervención— contan xa con orientadores, pero traballamos —non podo dicir neste momento o número, aínda que vostedes o preguntaron, pero me comprometo a que daremos números en breve— para afrontar de xeito progresivo a dotación dun segundo orientador nos centros de secundaria con máis alumnado.

Ademais, apostaremos porque os centros educativos de Galicia sexan verdadeiros espazos de aprendizaxe, con infraestruturas axeitadas. Temos en execución o Plan de dotación de infraestruturas educativas 2016-2021. Programaremos unha nova oferta de FP e xa estamos a programala —de feito aprobouse a semana pasada—, adaptada ás necesidades formativas. Xa estaba adaptada ás de antes, as que mudaron foron as necesidades, non era un problema de desaxuste. Cambiamos a oferta formativa de FP para que se adapte ás necesidades formativas e laborais de Galicia. Consolidaremos o traballo feito na FP e avanzaremos na innovación a través da definición e execución da Estratexia galega de FP 2020-2030, para mellorar competencias profesionais emprendedoras. Abranguerá estas medidas en FP dual, internacionalización, maior implicación do tecido empresarial, promoción de I+D+i aplicadas ás Pemes, atención ás necesidades de novos perfís profesionais e formación para os desafíos das próximas décadas.

Crearemos ese Centro galego de innovación da FP, chamado a ser o motor da innovación e do emprendemento na formación profesional en Galicia. Defendemos que o desenvolvemento da Galicia do futuro precisa dun sistema universitario de Galicia adaptado ao século XXI e comprometido coa formación e a xestión do talento.

Efectivamente, as bolsas pertencen a distintas convocatorias e, dalgunha maneira, están suxeitas aos resultados; polo tanto, van concatenadas esas convocatorias, non é unha convocatoria única prolongada ao longo do tempo. Apostaremos por medidas como o fomento da cooperación interuniversitaria no Sistema universitario de Galicia, para avanzar na excelencia a través dese mapa de titulacións. Tamén pola captación e retención do talento investigador, que reforce esa especialización dos campus e dos centros de investigación.

Remato xa co compromiso da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de seguir consolidando no vindeiro curso e nos seguintes as accións que están a funcionar, e, ao mesmo tempo, impulsar aquelas actuacións que poidan contribuír á formación dos cidadáns que queremos que dean pulo ao desenvolvemento da nova Galicia, da Galicia do século XXI.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos ao seguinte punto, de proposicións non de lei.



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, sobre o fomento por parte da Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, da constitución de parques públicos de vivenda en alugueiro social nos concellos de menos de vinte mil habitantes, co emprego simultáneo das liñas de axuda destinadas á rehabilitación de vivendas de titularidade municipal**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Castiñeira Broz.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Se ben a Xunta de Galicia ten competencia exclusiva en materia de política de vivenda na comunidade autónoma, tamén os concellos, a través da Lei de bases de réxime local, tamén teñen competencias en materia de vivenda de promoción pública, conservación e na rehabilitación de edificios. Esta competencia por parte dos concellos hai unha serie deles que a desenvolveron nalgún momento, outros nunca a utilizaron, loxicamente, entra dentro da liberdade que teñen as corporacións municipais. Pero a Xunta de Galicia conta a maiores cun parque público de vivendas en alugueiro, tamén con axudas destinadas a concellos que poden facilitar a construción dun parque público de vivenda en alugueiro destinado a familias con menos recursos.

Entre estas axudas está o fondo de cooperación aos concellos, o programa de rehabilitación de vivendas de mestres e outros colectivos, outro tipo de vivendas propiedade dos concellos, axudas para infravivenda etc., entre outros programas que ten.

Tamén hai que indicar que no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro do ano 2016, dentro da política de vivenda recollíase un compromiso específico de buscar a colaboración e implicación dos concellos para asumir as actuacións de reurbanización dos espazos públicos, así como adoptar medidas orientadas a facilitar as actuacións de rehabilitación.

Por todo isto, desde o Grupo Parlamentario Popular traemos esta iniciativa que indica o seguinte: O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a fomentar, en colaboración coa Fegamp, a construción de parques públicos de vivenda en alugueiro social nos concellos de menos de vinte mil habitantes, co emprego simultáneo das liñas de axuda de que dispón a Xunta de Galicia para a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal. E recalco o de menos de vinte mil habitantes porque esta iniciativa ten unha dobre finalidade. Por un lado, loxicamente, ampliar o incremento do parque público de vivenda, e por outro, fixar poboación precisamente nos concellos de menor poboación. É dicir, é necesario ter vivendas para que poida dispoñer delas xente que as necesita tamén nesos concellos, e, polo tanto, que os concellos participen.



O día 19 deste mes publicábase no *Diario Oficial de Galicia* a convocatoria de axudas dirixidas a promotores, cooperativas e concellos, por importe de 10,5 millóns de euros, para impulsar a construción de vivendas con destino ao alugueiro durante vinte e cinco anos a prezos reducidos, e tamén para a construción de vivendas para maiores en alugueiro, neste caso durante corenta anos.

Onte precisamente, o 24 deste mes, publicábase no *Diario Oficial de Galicia* a convocatoria para a anualidade 2019 do Fondo de cooperación para actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído, en concellos de menos de cincuenta mil habitantes, por importe de 6,4 millóns de euros.

Recordar que este fondo inicial era de 10 millóns de euros. O que falta ata os 10 millóns, 3,6 millóns de euros, foi o que ao longo destes dous últimos anos, nas convocatorias de 2017 e do 2019, foi utilizado polos distintos concellos que participaron neste programa do fondo de cooperación.

Tamén hai o programa de rehabilitación de vivendas de mestres e outros colectivos para concellos de menos de vinte mil habitantes. Este fondo tivo no ano 2017 850.000 euros, no ano 2018 inicialmente eran 950.000, incrementouse en preto de 160, acadando un total de 1.107.000, e na convocatoria deste ano, que está neste momento aberta e en proceso de recepción de solicitudes, hai 1.761.000; é dicir, que en menos de dous anos duplicouse o importe inicial polo éxito deste programa precisamente. Programa no que neste momento hai que dicir que participaron 34 concellos, hai oitenta vivendas rehabilitadas e 3,7 millóns de euros.

Estes dous programas, se funcionan dunha maneira integrada e conxuntamente, permiten que a través do fondo de cooperación os propios concellos poidan adquirir e financiar o cen por cento da adquisición de vivendas para rehabilitar e despois, a través do programa de vivendas para mestres e outros colectivos, propiedades dos concellos, poidan, cun 90 % de subvención a fondo perdido, rehabilitar esas vivenda. É dicir, con axudas a xeral ata 40.000 euros, e en casos de ámbitos históricos ou no Camiño e Santiago incluso ata 48.000. As condicións, loxicamente, son o fondo de cooperación, que é un préstamo libre de xuros, e o programa de rehabilitación de vivendas, no que a vivenda pasa a alugueiro social durante vinte anos. Eses son os compromisos. Á parte, o concello integra no programa de Vivendas Baleiras esas vivendas rehabilitadas e consegue con ese tema os seguros de impago e de multirrisco de fogar que facilita e financia a Xunta, e os inquilinos pódense beneficiar, se cumpren os requisitos de renda, do Bono de alugueiro social. É dicir, os concellos, ao final, practicamente no poñen absolutamente nada, porque o que financian eles recupéranos a través do pequeno alugueiro social que van ter desas vivendas.

A maiores, a Xunta ten tamén o programa e o plan de infravivenda para concellos de menos de dez mil habitantes, cun investimento máximo de 15.000 euros e unha subvención a fondo perdido de ata o 95 %.

Esta iniciativa —como dicía— tráese neste momento porque se acaban de constituír as corporacións municipais e entendemos que é un momento importante para coller desde o principio estes programas, e entendemos que é unha materia necesaria para que, dentro da





fixación de poboación e o despoboamento que estamos a sufrir, especialmente no interior de Galicia, se poidan adoptar medidas, desde a política de vivenda, dirixidas á estabilidade da poboación neses concellos, e incluso que se puideran incrementar.

Nese sentido hai que indicar que unha iniciativa que veu a este Parlamento da man do Grupo Popular, como foi a de vivendas modulares —por certo, votada en contra polos grupos da oposición—, hai que indicar que si se está facendo como experiencia piloto. Estanse construindo tres vivendas modulares no concello de Sober e seis no concello de Cenlle. O outro día daban a entender algúns señores e señoras da oposición que por que se construían en Sober tres vivendas. Loxicamente, os concellos pequenos tamén teñen dereito, e Sober entre eles. Tamén hai que indicar que son concellos ás veces activos, que solicitan as cousas e participan nos distintos programas, e, polo tanto, teñen esas axudas ou esas iniciativas.

Espero e conto co apoio de todos vostedes. Señor Bará, da súa emenda permítame que non fale, permítame que fale da de... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, porque, loxicamente, como comprenderá, vai ser difícil, falaremos despois, a ver como a expón. Pero si lle quero dicir á señora Pierres que non como substitución, como a plantexa vostede, pero si pode ser como engádega, cunha transacción, a súa emenda. Podemos traballar nela para unha posible transacción. Pero queremos que quede moi claro que a iniciativa nosa vai inicialmente para concellos de menos de vinte mil habitantes por eses dous motivos que dixeran.

A pretensión da Xunta e do Grupo Popular é que se amplíe o parque de vivenda pública, polo tanto, podemos chegar a unha transacción, posiblemente, para incorporar como unha engádega máis, ou un punto máis, un parágrafo máis á súa iniciativa, á súa emenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Castiñeira.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Dixo o señor Castiñeira que non ía falar da emenda do BNG. Falarei eu, polo tanto, que para iso vimos aquí, para falar do noso libro; das nosas emendas, neste caso.

Esta proposta ten algúns paradoxos. En primeiro lugar, se era unha proposta incluída no programa electoral do Partido Popular do ano 2016, ¿a que vén traela tres anos despois ao Parlamento? Suponse que xa desde o primeiro día, desde o 2016, se podían poñer en marcha estas medidas. Entón, relacionala co cambio da corporación, que foi tres anos despois, está así como un pouco collido polas... por aquel sitio.

Despois claro, vostedes eméndanse a si mesmos, porque acaba de saír publicada hoxe, que é día 25, unha convocatoria do fondo de cooperación que fala de concellos de menos de cincuenta mil habitantes, e vostedes reducen a vinte mil. Supoño que aceptará ou transaccionará, polo menos, se non transacciona co BNG, co Grupo Socialista, para que ou ben se poña a de



menos de cincuenta mil habitantes, ou, como parece lóxico, a todos os concellos, pero cando menos cincuenta mil habitantes, porque é o que esta na convocatoria que acaban de sacar.

Nós o que vemos é que aquí hai moito interese en falar dos coidados paliativos pero non de falar do problema de fondo, que é o problema da vivenda, que non é un dereito, senón que é un luxo cada vez ao alcance de menos xente, e, sobre todo, que non está ao alcance da clase traballadora e da xente nova, que realmente non ten posibilidades de acceder á vivenda. A realidade está aí. Por non falar dos desafiuzamentos, que seguen medrando neste país.

Isto ten que ver con que hai moita vivenda pero mal repartida, porque hai arredor de trescentas mil vivendas baleiras en Galiza. Unha parte son de xente humilde que fixo un pequeno investimento, pero unha parte importante tamén son de especuladores. Especuladores que son fondos de investimento estranxeiros, con sedes, por certo, en paraísos fiscais, as famosas socimis, e tamén a banca.

Polo tanto, a solución de fondo cambia por cambiar o marco legal e pola intervención pública no mercado da vivenda, e poñer no mercado toda esa vivenda detentada por estes especuladores. Se entramos nesa materia, buscaremos realmente solucións para controlar tamén os incrementos desmesurados do prezo da vivenda que se están sufrindo nos últimos tempos, precisamente pola intervención no mercado deses grandes especuladores. Hai que falar diso tamén.

Hai que falar do escaso investimento público en materia de vivenda en xeral, por iso temos uns parques públicos de vivenda tan raquítricos, porque os orzamentos non fixeron máis que diminuír ao longo da última década. E non só iso, senón que a execución orzamentaria tamén é moi deficiente e hai moito que mellorar neste sentido.

Despois, a vostedes interésalles falar nesta iniciativa das competencias dos concellos, pero tamén hai que falar das competencias da Xunta, e nós queremos falar das competencias da Xunta, do que fai mal a Xunta. Vostedes dedicáronse durante tres anos a facer campaña electoral municipal a conta do famoso programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galiza, que foi un auténtico fiasco. Foi un fiasco porque era un mal proxecto, un mal programa, un mal plan, e ás probas me remito: dezaseis vivendas en total en todos os concellos que se sumaron a este programa. O primeiro que se sumou, por certo, foi o Concello de Ourense, o do alcalde letal, o do Goberno letal, que recoñeceu que non servira este programa, que só conseguiron ofertar catro vivendas e todas sen ascensor. Non serviu para nada, polo tanto, iso hai que recoñecelo.

Tamén hai que recoñecer que vostedes tamén levaron —e disto non queren falar— no seu programa electoral do 2018 a rehabilitación, e falaban do programa Rexurbe, cincocentos edificios, mil cincocentas vivendas e trescentos cincuenta locais comerciais. ¿Onde están? Vostedes falaban de prioridade estratéxica e recuperación dos cascos históricos de Galiza. O obxectivo é intervir en máis de dez mil vivendas e en máis de corenta núcleos e zonas históricas. Levamos tres anos de lexislatura, ¿onde está o balance? Porque, realmente, se fixesen isto, si que teriamos un parque público de vivendas á disposición da xente e contribuiría a paliar ese grave problema que temos coa vivenda.



Polo tanto, a nós parécenos ben o fondo de cooperación cos concellos, que se amplíe, que se dote mellor, que se amplíe a máis concellos, non só aos de menos de vinte mil habitantes, pero pedímoslle na nosa emenda que rectifiquen e que recoñezan os erros, os fracasos, e esa utilización partidista do programa de Vivendas Baleiras. Tamén que fagan unha repartición obxectiva e xusta dos fondos públicos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...porque non hai dereito que o programa Urbe se utilice da maneira perversa que fan vostedes, asinando convenios a dedo con concellos do Partido Popular. Con iso nós non transiximos, e iso nós non o apoiamos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Pierres López.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas, aínda que sexa triste para quen lles fala e para toda a familia socialista.

Señor Castiñeira, setembro do ano 2018, nove meses, señor Castiñeira, o que é un parto, o que é un parto. Eu xa lle digo que ese é o tempo que pasou desde que vostede rexistrou esta iniciativa. E xa lle digo tamén aquí que dende entón pariu, pero de forma prematura, porque a criatura, señor Castiñeira, neste caso adiantóuselle. ¿Por que digo isto? Porque o grosso das axudas que vostede menciona e que se relacionan no fondo desta iniciativa non só foron publicadas neste ano en febreiro no DOG, senón que ademais xa finalizou o prazo de presentación no pasado mes de maio. Polo tanto, eu non sei que pretende vostede, con esta iniciativa, incentivar dende a Xunta de Galicia aos concellos. Será para o ano que vén, entendo. *(Aplausos.)*

Concordo tamén co espírito da emenda do BNG no sentido de que afirmo que empregar esta Cámara para facer publicidade e propaganda das medidas xa existentes non parece que sexa o mellor fin deste lugar que ocupamos, e hoxe vostede, ademais, limitouse basicamente a lernos en alto as bases das axudas.

Eu entendo que aquí todos debéramos sumar, tanto o grupo que goberna como a oposición, e que o centro dos nosos esforzos debiera de ser sumar esforzos, precisamente, por deseñar a mellor Galicia, a que mellor resposte aos problemas dos galegos e das galegas. Por iso eu lle pregunto a vostede e lle pregunto ao seu grupo que cre que aporta a iniciativa de hoxe, cal cre que é o valor engadido desta iniciativa, máis alá de publicitar medidas postas en marcha xa dende o ano 2016.

Eu sinto dicir isto e ser hoxe tan profundamente negativa, a verdade, pero é que hoxe é vostede o que me decepciona a min, señor Castiñeira. *(Aplausos.)* Decepcióname porque



vostede sabe perfectamente —como me di vostede moitas veces— que esta iniciativa é unha estratexia do Partido Popular de Galicia para esconder, para agochar, unha vez máis os verdadeiros problemas de vivenda en Galicia, e agóchaos porque dirixe unha vez máis o dardo á publicidade das pequenas accións e dálle as costas á posta en marcha das verdadeiras solucións. E non o dicimos porque consideremos que a rehabilitación non sexa unha vía para o incremento do parque público de vivenda, ¡claro que o é! As e os socialistas de Galicia temos claro que a sostibilidade futura pasa pola recuperación e a habilitación do parque edificado xa existente, e especialmente tamén naqueles concellos máis pequenos de Galicia. Pero entenderán que centrar hoxe o debate nesta política de pinceladas e de parcheos nos pareza máis un bordear que un abordar a verdadeira raíz dos problemas.

Desde o noso grupo, a verdade é que non paramos de marabillarnos de que vostedes pretendan insistir na súa política de aparencia, do facer que fan. Atendamos ademais aos datos, aos datos maravillosos de axudas á rehabilitación dos concellos para a rehabilitación de vivendas de mestres, ese programa no que vostede manifestou que dispuxeron este ano máis de 750.000 euros. Correcto. Isto traducido en número de actuacións implica que haberá axudas para unhas vinte vivendas en toda Galicia. E se atendemos ás axudas para a rehabilitación de infravivendas, cunha partida de 200.000, podemos afirmar que chegarán a unhas trece vivendas.

Estas axudas incidirán en pouco máis de trinta vivendas rehabilitadas, e podemos concluír, porque vostedes saben ben que os resultados das mesmas axudas no ano 2017 se traduciron en pouco máis do 61 % de execución do orzamento no caso de vivendas de mestres, chegando a tan só dezaseis execucións en seis concellos; nun 22 % de execución no caso de axudas ás infravivendas; e chegando tan só a doce actuacións en nove concellos de toda Galicia. Entre os dous programas, executouse tan só o 40 % do orzamentado, isto é, máis de 700.000 euros sen executar de 1,05 millóns nesa convocatoria. Por iso, ante os antecedentes e a disposición orzamentaria deste ano, a pregunta é obrigada, ¿é de verdade esta a política de aparencias á que aspira e á que parece seguir aspirando este Goberno?

Dende o Grupo Socialista temos claro que hai que afrontar a política de vivenda de forma máis seria e máis responsable, e iso pasa por dispoñer e impulsar todas as axudas e para todos os concellos, sen importar a súa escada. E impulsar ademais, especialmente, a posta á disposición de novas vivendas de alugamento nos concellos, ¡claro que si!, onde existe moita máis demanda. Non é tolerable que en concellos con demanda case nula no rexistro de demandantes estean neste momento en proceso de execución novas vivendas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...e noutros con demandas de cincuenta, de cen, incluso de máis de duascenas vivendas, non se estea a atender nin unha soa das súas demandas. Preocúpense, polo tanto —vou rematando—, máis polo que non se fai, polo fracaso destes e doutros programas, como o que apuntou o señor Bará das vivendas baleiras...;

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.



**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...e deixen de facer iniciativas propaganda, de verdade, porque con iso talvez vostedes pensen que avanza, pero os galegos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...non avanza.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Torregrosa Sañudo.

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** Boa tarde.

Moitas grazas.

Señor Castiñeira, lamento dicir que coincido totalmente coa diagnose que fixeron os meus compañeiros antes. Non podemos pensar outra cousa que, tras este tipo de iniciativas propostas polo partido no Goberno, hai cando menos unha maneira de eximirse das súas responsabilidades de xestión, non asumindo as súas competencias con respecto á cidadanía do noso país. Como se a problemática da vivenda social fose un tema no que teñen un gran interese en solucionar, por iso pasan o balón aos concellos, nunha medida máis de publicidade que efectiva.

¿Que se pode dicir das políticas de vivenda social que a Xunta executou nestes anos que non se denunciara xa, nesta Cámara e nas comisións? Se facemos unha radiografía da situación da vivenda social en Galiza, hai que dicir que está en mínimos. En 2017 houbo só 12 vivendas protexidas rematadas: 3 do plan estatal e 9 do plan autonómico; a cifra máis baixa entre todas as comunidades do Estado español. A anos luz da vivenda social en Madrid e Barcelona, máis tamén de territorios con menos poboación ca nós, como Euskadi, con 385; Aragón con 234; Asturias 48; Estremadura 216; e Castela-A Mancha, 165. En todo o Estado español entregáronse en 2017 as chaves de 4.938 pisos sociais, so 12 en Galici, o que supón apenas un 0,2 % do total. Creo que é un tema para reflexionar cara a onde van as súas políticas.

Hai que dicir que en Galicia hai 3.500 vivendas sociais en total. Se falamos en porcentaxes, en 2017 apenas o 0,2 % das vivendas iniciadas en Galicia eran vivendas protexidas, fronte ao case 11 % do Estado español. En países do noso contorno, podemos falar en Francia dun 17 % e dun 30 % nos Países Baixos.

Hai que dicir que os medios os temos, parece ser que hai un Plan de vivenda 2018-2021, cunha dotación na nosa Comunidade de máis de 106 millóns de euros para vivenda, do cal a nosa Comunidade aporta só un 30 %. Pero como xa dixo a señora voceira do PSdG, nas convocatorias recentes no DOG para axudas ao Plan de vivenda 2018-2021 temos cantidades ridículas de 200.000 euros. A última rematou o 30 de maio pasado, do Programa de infravivenda do Plan RehaVita, o Plan galego de rehabilitación, e falamos de 200.000 euros



para apoio aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes. ¿De que cantidade estamos a falar?

Iso é, en realidade, o que están a propor: 2,3 millóns de euros a dividir en dous anos. Se falamos de 1.761.000 euros entre o 2019 e o 2020, podemos calcular facilmente que iso non é un importe para o problema que temos en Galicia. ¿Cal é o problema de Galicia? O problema básico é a falta de vivenda, por unha banda, porque non se quere intervir, evidentemente, nun tema como o da vivenda baleira, que é o primeiro tema que se tería que afrontar. De 1.605.998 vivendas que hai na nosa comunidade, case 300.000 permanecen baleiras, segundo a Federación Galega de Empresas Inmobiliarias. As sete cidades galegas suman 89.534 vivendas baleiras, o que supón un 30 % do total. E a pesar disto, o prezo da vivenda segue sen baixar. O prezo medio do metro cadrado nas cidades da Coruña e Santiago é de máis de 1.600 euros; en Vigo está preto dos 1.500; e en Oleiros supera os 1.300.

Pensamos que iso é a realidade das políticas de vivenda que vostedes fan dende o Goberno. Propor unha medida tan ambigua e indefinida, sen orzamentos e prazos, ¿que van ofertar?, ¿outra vez 200.000 euros para os municipios de ata 20.000 habitantes? Si, máis ou menos será iso. Moi pouco para ser unha proposta do partido que fai as políticas de vivenda e que deixa de banda outros temas que igual tamén están relacionados coa iniciativa.

¿Por que botar os balóns fóra do seu fracaso nos concellos? Parece que o principio do seu argumentario é bastante claro niso. A Xunta de Galicia ten competencia exclusiva en materia de política de vivenda na comunidade autónoma, e xa vimos o que estivo a facer ata agora. Só lles pedimos que sigan o exemplo doutros países que tomaron xa medidas ante esta situación extrema das dificultades que ten a xente para poder ter acceso a unha vivenda digna. O prezo medio do alugueiro aumentou en Galiza, segundo noticia de hai catro días, un 30 % nun ano, parécenos excesivo. Os desafiuzamentos por alugueiro, segundo noticia de *La Voz de Galicia* do 14 de marzo, crecen un 12 % en Galicia ao calor da alza de prezos, iso non é permisible. Podemos coller outras medidas e facer como outros países veciños como Portugal —que xa regulou o alugueiro—, Holanda, Francia...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** ...cidades como Berlín, Nova York, Barcelona. O resto penso que é máis política de propaganda. Teñen medios, teñen o Goberno, fagan dunha vez unha boa xestión do mesmo.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Torregrosa.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señor presidente.



Señora Torregrosa, eu sei que Vigo está por diante de París, Berlín, Nova York e todos eses, entón ao mellor fan unha política á parte porque Vigo é un mundo á parte. Pero, mire, vostede vén comparar aquí as cidades galegas, excepto Vigo —como digo—, con Barcelona, Madrid ou Euskadi. Claro, vostede vaia alquilar a Madrid, a Barcelona ou a Euskadi, ou a Navarra incluso, e verá como está alí o mundo da vivenda. Barcelona, por exemplo, ¡non me estraña!, e aínda queda moito por facer en Barcelona ou en Madrid, pode preguntar vostede, supoño que xa o sabe. Polo tanto, comparar os prezos de alí cos de aquí, e comparar o número de vivendas que se tiveron que facer alí coas que hai en Galicia... Porque, mire, para empezar, en Galicia —e vostedes sábeno— un promotor privado non promove vivendas de protección pública, ¿por que?, porque están por encima os prezos das vivendas de protección pública: 1.212 euros, fronte a 1.160 ou 1.190 eran os prezos por metro cadrado construído do Ministerio de Fomento do primeiro trimestre. Vostede que saca estatísticas, saque esa, e dígalle a alguén que vaia comprar unha vivenda pagando unha media de 1.212 euros, cando ten libres, con outras vantaxes, sen as obrigas para efectos de venda, para efectos dun alugueiro, para efectos dunha serie de cousas, cando pode adquirir esas vivendas a unha media de 1.192. Loxicamente, ten prezos máis baixos. Iso a media, se vai vostede a unha serie de núcleos ou concellos, está moi por debaixo diso, neste caso en Galicia.

Os alugueiros é certo que subiron, e vostede mesma nas súas iniciativas pon que en Pontevedra, por exemplo, subiron máis do 20 %. Eu preguntaría ao señor Bará que fan os de Pontevedra, que levan vinte anos gobernando e seguen cun plan xeral dos anos oitenta. Iso permite facer... Non hai especuladores en Pontevedra, ¿verdade, señor Bará? O que pasa é que ao ter un plan xeral do ano 1990 non adaptado ás leis do solo de Galicia, a ningunha delas permite... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* — ¡escoite, señor Bará, que ao mellor aprende algo! — *(Aplausos.) (Murmurios.)* ...permite, señor Bará... *(Aplausos.) (Murmurios.)* — si, si —, ...permite facer urbanismo á carta. *(Aplausos.)* Urbanismo á carta, señor Bará. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Mire, vostedes e o Bipartito..., *(Aplausos.)* as tres esquerdas e pico que hoxe temos aquí, que son herdeiros do Bipartito, ¿sabe o que deixaron neste país en canto ao parque de vivenda pública?, menos tres mil vivendas, ¡menos tres mil! *(Murmurios.)* Si, porque deixaron unha débeda nas xestures de 280 millóns de euros e iso significa que o Instituto Galego de Vivenda e Solo tivo que investir 280 millóns de euros para sanear e recuperalos, e iso son 280.000 metros cadrados de vivenda. Si, 280.000 metros, como me están escoitando. Iso son máis de tres mil vivendas, señor Bará, señora Pierres e resto de herdeiros do Bipartito. *(Murmurios.)* Si, máis de tres mil vivendas que vostedes deixaron en déficit, que este Goberno da Xunta e do Partido Popular non puido levar a cabo cando chegou Feijóo porque houbo que sanear as débedas que vostedes deixaron.

A maiores, loxicamente o primeiro que se fixo foi un cambio de política, si, porque vostedes adxudicaban en venda. Vendían, recuperaban o diñeiro —o pouco que facían—, e seguían utilizando o mesmo diñeiro. ¿Que se fai nos gobernos do PP? Aumenta o parque público de vivendas, neste momento...

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas.



**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...— remato xa, señor presidente— en torno ás 3.600 vivendas en alugueiro, e iso vai en incremento constante. Non se venden, senón que son propiedade. Quen vende, por certo, é o Concello de Vigo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Sobre as emendas.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...que as corenta que tiña vendeunas en Rosalía de Castro.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Sobre as emendas!

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Si, xa dixeran, a emenda do BNG loxicamente non. A min paréceme unha falta de respecto ás políticas que se están facendo por parte da Xunta.

**O señor PRESIDENTE:** Correcto. ¿E a do PSOE?

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** E a do PSOE —xa o comentei antes—, eu estou disposto como unha engádega. Podemos falar despois ou mañá e intentar chegar a unha transacción.

Grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeira.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da Proposición de lei orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, presentada no Congreso dos Deputados**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 46284)*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

*1. Dirixirse ao Goberno de España para que inicie os trámites que estuden mellorar, na súa totalidade e coa correspondente coherencia normativa, o marco legislativo que regula o delito de usurpación de inmobles.*

*2. Arbitrar, naqueles casos nos que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social e en colaboración cos concellos, as medidas necesarias para o realoxo das mesmas a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia, nomeadamente, co “Programa de Vivendas Baleiras”*





(ao que se dotará dunha dotación orzamentaria relevante e acorde ás súas necesidades) e coa potenciación da construción de vivendas de carácter público.»)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señorías.

Traemos hoxe a Pleno unha cuestión que, por desgraza, leva de actualidade bastante tempo no noso país, e consideramos oportuno que sexa abordada canto antes para rematar coas ocupacións ilegais de inmobles que tantas situacións de conflito e inseguridade teñen xerado no noso país.

O Partido Popular presentou o pasado 11 de xuño, no Congreso dos Deputados, unha «*Proposición de ley orgánica contra la ocupación ilegal y para la convivencia vecinal y la protección de la seguridad de las personas y cosas en las comunidades de propietarios*». Non é a primeira vez que se presenta esta proposición de lei. Unha vez máis, preséntase despois de rematado o anterior período de sesións e, rematada a lexislatura, volvemos retomar este tema. Vólvese presentar; como digo, o pasado 11 de xuño. Unha vez iniciada a actual lexislatura no Congreso dos Deputados, presentamos esta proposición de lei.

É unha proposición de lei que está destinada a combater a ocupación ilegal de vivendas, que garante o dereito da propiedade, a seguridade de persoas e bens e a convivencia social. No seu articulado establécese, entre outras medidas, que o ocupante ilegal non gozará da protección de morada ou domicilio. Estes son dereitos que teñen que asistir ás persoas que actúan legalmente, pero nunca a aquelas que actúan de xeito ilegal. A policía poderá desalojar a vivenda ocupada ilegalmente nun prazo exprés de 12 horas, ou mesmo de xeito inmediato se estamos falando dun delito flagrante.

Reforza o delito de usurpación, pasando dunha infracción leve, que conleva unha multa, a unha infracción grave, con pena de privación de liberdade de 1 a 3 anos. E a ocupación ilegal non poderá dar lugar, en ningún caso, á inscrición dos ocupantes no padrón municipal, algo que agora mesmo si é factible.

Fronte á pasividade e mesmo á permisividade dos denominados entón alcaldes do cambio —que na súa maioría os votantes xa volveron cambiar, pero neste caso do Goberno á oposición—, esta proposición de lei, se naquel momento fose lei e estivera en vigor, evitaría situacións como a que se deu no Patio Maravillas, en Madrid, ou que se producisen feitos tan lamentables como o ocorrido a principio de ano en Badalona, cando morreron tres veciños dun inmovble a consecuencia dunha sobrecarga eléctrica por un picado ilegal dos ocupas que vivían de forma ilegal nun edificio do barrio de San Roque. Por non falar dun caso máis cercano que temos aquí mesmo, en Santiago de Compostela, cando houbo unha batalla campal, señorías, que se produciu en xuño de 2017 en Santiago de Compostela, cando tras unha resolución xudicial —a execución dunha resolución xudicial— se procedeu ao desaloxo dunha ocupación ilegal nun inmovble do número 11 da rúa da Algalia en Santiago.

Resultaron feridos seis policías, agredidos por un grupo de encapuchados que actuaron con extrema violencia nunha manifestación para evitar o desaloxo do colectivo Escarnio e Mal-



dizer; un desaloxo que tamén foi rexeitado no seu día por Compostela Aberta, as mareas de Podemos e o entón alcalde de Santiago, o señor Martiño Noriega, que mesmo sacou un comunicado poñéndose do lado dos ilegais, poñéndose do lado dos ocupas, poñéndose do lado dos violentos, e non do lado da lei, do lado dos xuíces e do lado do respecto absoluto ao dereito de propiedade, do dereito lexítimo dos seus propietarios a defender a súa propiedade privada. Mesmo sacou un comunicado manifestando que respaldaba a ocupación, facendo un recoñecemento explícito das manifestacións culturais de iniciativa popular como é o caso dos centros sociais ocupados, que optan por funcionar á marxe das institucións, actividades que para o partido daquel goberno municipal non xeraban ningún problema de seguridade nin de convivencia, a pesar, señorías, de que lles digo xa que naquel espazo tan cultural o único que se facía, á parte doutras cousas, era consumir alcohol e drogas, por non falar doutras actividades ilegais que alí se levaban a cabo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pero que, en ningún caso, foron sancionadas polo Goberno municipal.

Con posterioridade, si se abriu un expediente sancionador ao propietario do inmovible. Curiosamente, abríuselle un expediente sancionador urbanístico porque tapiou o inmovible, para que quitara o tapiado do inmovible porque vulneraba... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si... Estou poñendo un exemplo claro...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Non dialoguen. Silencio, señor Lago, silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...do que non se debe facer ante unha ocupación. Igual vostede non o coñece, pero creo que é importante coñecer o relato do que pasa nas ocupacións ilegais. Si, señor Lago, que hai quen se pon do lado dos ocupas ilegais, *(Murmurios.)* dos delincuentes, e non do lado do lexítimo propietario. Ese é o grave problema que estamos vivindo neste país, por iso se teñen incrementado as ocupacións ilegais, por iso temos datos do Consello Xeral do Poder Xudicial que indican que no primeiro trimestre deste ano, 2019, en Galicia temos xa datos exactamente iguais a todo o ano 2018. A nós parécenos de extrema gravidade, señores das mareas de Podemos, ou de Podemos, ou das mareas ou de como se queiran chamar.

Nós consideramos que estes concellos, lonxe de promover unha política efectiva de vivenda, adicáronse a consentir unha usurpación da propiedade que non é xustificable en ningún caso, pois trátase dunha ilegalidade en contra dun dereito constitucionalmente protexido que é a propiedade. E tan lexítimo é defender o dereito fundamental ao domicilio e á vivenda digna, como defender o dereito lexítimo e constitucional á propiedade privada. Cando hai unha ocupación ilegal, hai un acto contrario a dereito, e non pode ser que estas políticas supostamente de cambio se baseen en considerar a ocupación ilegal como unha situación tolerable ou admisible, como non o é calquera outra ilegalidade.

Combater o alarmante e crecente problema da ocupación de vivendas, loitar contra as mafias e a delincuencia asociadas á mesma e garantir así a propiedade privada, a convivencia e a seguridade son os motivos que impulsan esta iniciativa normativa que nós temos presentado no Congreso dos Deputados e para a que hoxe, dende aquí, imos pedir o seu apoio a esta Cámara.

Falamos, señorías, de protexer o dereito á vivenda, de protexer o dereito á propiedade privada e da función social que deriva desta tamén. Falamos de seguridade, falamos de protexer



a convivencia veciñal pacífica e respectuosa coa seguridade das persoas e das cousas. Falamos de non permitir actuacións prohibidas, nocivas ou insalubres, atentando contra a convivencia dos veciños e veciñas dos inmobles ocupados. Falamos de acoutar os espazos de impunidad á delincuencia organizada, que ademais se aproveita de persoas especialmente vulnerables, en risco de exclusión social ou mesmo tamén en exclusión social. Falamos, en definitiva, de reforzar as medidas existentes actualmente no ordenamento xurídico, tanto a nivel civil como a nivel penal como a nivel administrativo. E aínda que na última década acurtáronse substancialmente os prazos xudiciais para o desaloxo de vivendas, o problema da ocupación xera alarma na sociedade española e o número de vivendas ocupadas non deixa de aumentar. Ademais, o fenómeno xerou a instalación de mafias de ocupación e a utilización de moitos destes inmobles para actividades delituosas, pésele a quen lle pese, pois, efectivamente, hai locais ocupados onde, efectivamente, se producen actividades delituosas.

Estes días, como lles dicía, coñecemos estes datos de ocupación, que para nós son alarmantes porque Galicia se pon no sétimo posto de comunidades autónomas con máis casos de ocupación.

A proposición de lei define por primeira vez o que é a ocupación ilegal, impide que os ocupas se intenten amparar en fendas legais ou en dereitos que asisten ao cidadán que actúa legalmente para cometer ese atentado contra a propiedade privada. Para iso, permite que as autoridades públicas e os axentes da lei actúen de xeito inmediato, cun desaloxo exprés.

Tamén a nova lei reforzará as penas asociadas aos delitos de usurpación; axiliza o proceso penal; amplía a reforma dos procesos civís tanto ás persoas físicas como ás persoas xurídicas, para que poidan exercer o seu dereito coa mesma axilidade; e faculta tamén ás comunidades de propietarios, señoría. Cando os ocupantes ilegais realizan actividades prohibidas, molestas ou insalubres e as comunidades de veciños están absolutamente desesperadas porque non poden facer nada, esta lei tamén facultará ás comunidades de propietarios para que poidan actuar nos casos que a lei así o permite. O que non regula esta proposición de lei son os desafuzamentos hipotecarios nin arrendaticios nin ten como obxectivo regular os coñecidos precarios.

Deixar claro, señorías, que esta normativa nada ten que ver co que se aprobou de protección das persoas en situación de emerxencia social ou especial vulnerabilidade habitacional, cuxa protección se atopa en numerosas normas aprobadas xa polo Partido Popular. Hai doce medidas que lles vou lembrar: dación en pago das vivendas protexidas, realoxo de afectados por execucións hipotecarias, aprazamento xudicial dos desafuzamentos, programa Reconduce, Plan RehaVita para facilitar o acceso á vivenda dos máis necesitados, vivendas da Sareb ao servizo das necesidades sociais, acordo co Valedor do Pobo para a atención dos problemas en materia de vivenda, bancos comprometidos coa Xunta en non realizar desafuzamentos, o Bono de alugueiro social, o censo de vivendas baleiras, o asesoramento xurídico gratuito aos afectados por procesos de desafuzamentos ou o Programa de vivendas baleiras para alugueiro social. Por tanto, esta lei non ten como obxectivo a regulación de desafuzamentos, xa que agora mesmo hai medidas para que as persoas que se encontran en risco de exclusión social non teñan que verse abocadas nin á ocupación ilegal nin a estar sometidas a mafias e a organizacións criminais que se aproveitan da debilidade e da vulnerabilidade social na que se atopan moitísimas persoas ás que a Administración, neste caso a Xunta de Galicia e o Goberno galego do Partido Popular, ampara con moitas medidas e con moitos recursos sociais.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Esta tarde acudimos a ilusións ópticas neste Parlamento: selectividade para todo o territorio nacional, que *me lo piden por la calle*, e ocupas, que non para de haber non sei cantos ocupas en non sei cantas vivendas en toda Galicia. Debe de ser que si, ou debe de ser que son esas andrómenas que vostede se saca da manga, señora Paula Prado, e o Partido Popular.

O certo é que isto non é unha iniciativa nova, porque houbo en maio do ano 2017 unha iniciativa que vostede defendeu aquí, tamén do seu grupo parlamentario, pedindo con outro texto exactamente o mesmo que pide vostede hoxe aquí. E non polas indubidables vantaxes sociais, como din agora que nos vai comportar esta iniciativa que, evidentemente, vostedes van aprobar porque teñen 41 deputados; naquel momento era por motivos de urxencia, e pedíallo ao Goberno do Partido Popular, é dicir, ao goberno que estaba presidido por Mariano Rajoy, para que se iniciasen os trámites para mellorar o marco normativo do delito de usurpación de inmobles. Aprobamos esa iniciativa neste pleno, nós aportamos a nosa emenda, vostedes aceptaron a nosa emenda, pero, ¿que fixo o señor Rajoy con aquela proposición non de lei? Pois nada. Solía ser bastante habitual. Era un home que se sentaba e miraba pasar as cousas por riba. Non fixo nada. Incluso podería ter feito unha proposición de lei, unha lei, porque gobernaba. Tampouco o fixo, e estaba aprobada, ¡eh!

E vostede vén hoxe aquí con este *remake*, que ademais é un *remake* desfasado porque falou dos alcaldes das mareas, dos exalcaldes das mareas, das mareas de Podemos, que di vostede, pero é que xa non hai alcaldes. Vostede falou de Martiño Noriega, con esa —parece— obsesión que ten a señora Paula Prado con Martiño Noriega, pero é que xa non é o alcalde de Santiago e, polo tanto, *remake* que está desfasado. Ademais, un *remake* que é malo e que é moi perigoso, porque confunde a vía xurisdiccional coa vía policial, porque dá entrada a un estado policial, iso é o que fai esta proposición de lei orgánica. E logo volve poñer uns cantos exemplos.

Nós sabemos que vostedes teñen 66 deputados no Congreso dos Deputados, ¡66!, que en cálculos do señor Tellado collerían en 10 Renault Scenic máis ou menos. (*Murmurios.*) Sabemos que teñen 66, pero iso non significa que aquí teñamos que pedir que se aprobe por este Parlamento unha proposición de lei orgánica na que só ten competencia o Congreso e o Senado, ninguén máis ten competencia. No Parlamento de Galicia non temos competencia para modificar o Código Penal nin para modificar a Lei orgánica do tribunal do xurado. Entón, é un *remake* raro, malo e utilizan vostedes a súa maioría absoluta aquí porque so teñen 66 deputados no Congreso e non teñen xa a maioría absoluta no Senado, que é o que se necesita para as leis orgánicas.

Introduce este estado policial porque permite o desaloxo preventivo que non acorde ningún xuíz nin ningunha xuíza. Permite ás comunidades de propietarios que recorran á Policía



para que cando as comunidades digan que hai que cesar esa actividade porque nós dicimos que está prohibida, a Policía o faga sen máis. Permite acordar a baixa do padrón sen ningunha resolución xudicial que diga se hai ou non ocupación ilegal. Permite incrementar as penas, chegando a incrementar a pena ata prisión sen necesidade de que exista nin violencia nin intimidación, nin sobre persoas nin sobre cousas. E propón que a violación de morada quede fóra da Lei do xurado, contraditoriamente con esa defensa da Lei do xurado que o outro día fixo o señor Rueda neste mesmo pleno.

Nós propoñémoslle de novo unha emenda que é moi semellante á que lle propuxemos en maio de 2017 e que, por certo, foi aceptada, e agardamos que agora tamén o sexa. Que, efectivamente, se inicien os trámites para mellorar, para estudar a mellora deste marco lexislativo que regula este delito, pero deberían ser as Cortes quen o faga, non nós. Hai multitude de cousas que pasan en Galicia que vostede podería traer aquí, e xustamente trae algo sobre o que non temos competencia. E pedimos tamén que se arbitren, nos casos nos que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, as medidas necesarias para realoxar a estas familias. Pero vostedes teñen competencia, teñen competencia nese programa de vivendas baleiras —sete adxudicadas nos últimos dous anos, sete— e para a construción de vivendas de carácter público, cinco no ano pasado. ¡Claro!, a este ritmo, hai tantos ocupas ilegais en Galicia, que é imposible que as vivendas baleiras e as vivendas públicas cheguen para tantos ocupas como temos no país.

O Grupo Socialista cre que mentres non se protexa o dereito á vivenda, tanto dos propietarios como das familias vulnerables, non vai haber ningunha lei que sexa suficiente, por iso agardamos que sexa aceptada a nosa emenda, e que para a seguinte vez que vostede veña aquí, señora Paula Prado, traia unha iniciativa que estea máis acorde, realmente, cos problemas que hai aí fóra, que non son os dos ocupas nin os da ocupación ilegal.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

O título I da Constitución española, no que se refire aos dereitos e deberes fundamentais, deixa ben claro, no seu artigo 47, o común dereito a dispoñer dunha vivenda digna e adecuada. O mentado artigo tamén sinala que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito —item máis—, regulando a utilización do chan de acordo co interese xeral para impedir a especulación. A comunidade participará nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos. ¿Va que non tiñan reparado nestes dous últimos parágrafos? Non se lle ve ao Partido Popular especialmente preocupado polo cumprimento deste apartado da que se supón lei principal do Estado. Desde o BNG afirmamos que máis ben ao contrario. Sufrimos aínda a Lei 6/1998, de



liberalización do solo, impulsada por Aznar e que provocou o maior auxe de especulación inmobiliaria que coñecemos, creando unha gran burbulla que estourou coa crise.

Resulta cando menos curioso, señorías, que no argumentario da PNL que estamos debattendo, rexistrada en febreiro, falen da pasividade e permisividade de certos alcaldes e non nos falen para nada da permisividade e convivencia dos seus gobernos coas ocupacións feitas por bancos e fondos voitre. Eses si que non lles entenden de dereitos máis aló da sagrada propiedade privada da especulación e da pillaxe carroñeira que vulnera dereitos fundamentais da poboación.

Saben vostedes, señorías do PP, de que falo [] a patiña en Cambre e as cincuenta familias ameazadas de expulsión das vivendas que habitan. Saben da impunidade legal de Altamira, plataforma que xestionaba os activos inmobiliarios do Santander e que foi vendida ao fondo de investimentos estadounidense Apolo no 2013. ¡Estes si que entenden de dereitos humanos!, ¡estes si que entenden de dereitos constitucionais!, si oh, si. Logo están os outros miserables, os outros delinquentes, esas mafias que extorsionan a miseria, esas organizacións non bancarias que ocupan bloques de vivenda, que cobran alugueiros e extorsionan a aqueles que a inmigración ou a sociedade esta tan maravilhosa marxina e condena a vivir na exclusión e na miseria. Eses para os que non hai operacións policiais que os borren do mapa.

Desafiuzamentos de familias ou persoas golpeadas pola crise e tamén pola cobiza de entidades bancarias que cometeron delitos de abuso, roubo e recuperación ilícita, aínda que pública e consentida polo PP, tomando posesión de pertenzas ilexitimamente, en convivencia cun poder político corrupto e caduco. Porque vostedes, que ocupan o Goberno do Estado, puxeron un grande empeño en desafiuzar e en facilitar que os bancos que deran prestamos hipotecarios en condicións de saldo recuperasen os cartos que arriscaran de xeito suicida. Todo isto, despois de solventarlles os seus apretos financeiros cos cartos de todos. Estes son os dereitos que vostedes defenden.

Resulta chocante que, coa grande cantidade de vivendas desocupadas, haxa xente sen teito. Ese é o modelo que defenden vostedes: que haxa xente famenta rodeada de abundancia. Porque non sendo a ocupación un dereito, resulta evidente que a usurpación, si, é unha forma de satisfacer ese dereito constitucional de gran importancia que mencionabamos antes: o da vivenda.

Polo tanto, o problema na usurpación é que colisionan dous dereitos. Por unha banda, o dereito á vivenda e á intimidade no domicilio; e polo outro, o dereito á propiedade. Así, deberá ser un xuíz quen pondere e decida o máis adecuado, tendo en conta as peculiaridades de cada caso concreto, como pode ser se o propietario necesita dispoñer inmediatamente do inmovible ocupado ou se o desaloxo pode atrasarse ata que as persoas que se atopan establecidas teñan unha solución habitacional.

O contrario, é o que vostedes buscan nesta PNL, o apoio a unha lei de desocupación exprés onde se poida pasar por riba das máis mínimas garantías cidadás. Garantías cidadás que vostedes precarizaron e precarizan coas súas políticas de apoio a eses que nunca nomean pero que están aí, digamos que aconsellando as medidas que deben tomar para que a economía —a deles— funcione.



Desde o BNG apelamos ás competencias plenas en vivenda e alugueiros da Xunta de Galicia, e cremos que este Parlamento non ten por que facer seguidismo das políticas do señor Casado e si desenvolver medidas que poñan fin á precariedade aquí, neste parlamento, desde esta cámara, e con criterio de aquí.

Saben das vivendas baleiras do rural, saben do baleiro do rural. Vostedes continúen a buscar solucións aos problemas sociais e políticos aumentando as penas de prisión, inaugurando máis cárceres e poñendo máis policía: ese é o camiño. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Falaba a señora Paula Prado de tolerancia con actividades ilegais e véuseme á cabeza a calle Génova, non sei por que. ¡Iso si que é tolerancia coas actividades ilegais! *(Aplausos.)*

Se estamos falando, señora Prado, de ocupación ilegal é que hai unha lei que di que non é legal ocupar así as vivendas. Entón. son ocupacións ilegais, polo tanto, xa hai unha lei. O que vostede vén aquí propoñer, se cadra, é rebaixar as garantías que dá hoxe en día a lei. Se cadra é iso.

Xa hai leis que impiden que legalmente se fagan esas ocupacións. Por tanto, ao que vostede vén aquí é, unha vez máis, a facer de experta en relatos, en lendas urbanas, para mudar as prioridades reais que ten este país, para darlle as costas ao gran problema que hai neste país, que é a exclusión residencial, que fai que cinco persoas diariamente vaian á rúa por non poder pagar un alugueiro ou unha hipoteca.

Durante os últimos dez anos, isto repítese ano tras ano. Este ano esta medrando, o ano pasado medraron os desafiuzamentos, e vostede vén aquí e di que esas persoas en Galicia xa teñen solucións, que non teñen por que recorrer a ningún tipo de ocupación porque xa hai solucións. Estame dicindo que aquí todo funciona ben, que non hai exclusión residencial, e o gran problema son as ocupacións, claro, importando interesadamente un problema que aquí non existe. Porque as mafias, as mafias da ocupación. que actúan en Barcelona e en Madrid non actúan aquí. E as chamadas mafias, que ocupan en Barcelona e en Madrid, traballan para as grandes mafias que son os fondos buitres, os bancos e os políticos que traballan para estas mafias e que lexislaron nos gobernos do Partido Popular para excluír da vivenda a miles e millóns de persoas con leis moi concretas.

Falaba vostede de que morreron, desgraciadamente, dúas ou tres persoas electrocutadas nunha vivenda ocupada. Tres, moi ben. Un suceso moi desgraciado. Pero mire, mataron moito máis nestes últimos anos os desafiuzamentos. Houbo suicidios de persoas que se mataron cando chegaba a comisión xudicial a desafiuzalos. Moitos dos desafiuzamentos que acabaron con ese resultado eran produto da aplicación de cláusulas abusivas dos bancos deste país,. Tivo que vir a xustiza europea a poñer as cousas no seu sitio, pero xa houbera moitos centos de miles de persoas que foron desafiuzadas. Mata moito máis a exclusión social e a exclusión residencial, señora Paula Prado.



Mentres tanto, rescatáronse bancos; creouse un banco malo pagándolles aos bancos as vivendas que eles non querían. Non se liberaron para facer un parque público de vivendas mentres se seguía botando xente á rúa. Reformouse a Lei de arrendamentos urbanos para reducir a estabilidade dos arrendatarios, cos resultados que estamos vendo agora. Fixéronse exencións fiscais para as socimis, para que compren vivenda, a poñan en alugamento e agora incluso estean comprando vivenda de protección oficial, desafiuzando a xente e presionando, si, non facendo as obras que teñen que facer para presionar e hostigar a xente para que se vaian desas vivendas, para poder vendelas a bo prezo agora que se recupera o prezo da vivenda outra vez.

Fixeron vostedes incluso, en Madrid, o gran fito de vender vivenda pública a fondos buitre, a señora Botella. E o problema segue aí, a pesar de que vostedes, con iniciativas coma estas, o queiran invisibilizar.

Vostedes queren aplicar penas durísimas para estes delitos, en cambio fan leis moi brandas para os que verdadeiramente delinquen e rouban a gran escala neste país. Os que fixeron a lexislación que permitiu os abusos bancarios, os que fixeron a lexislación da vivenda que exclúe a centos de miles de persoas, eses non teñen penas durísimas.

Aquí, señora Prado, a ocupación non é un problema como pode ser en Madrid e Barcelona, que ten unha casuística específica. Alí onde haxa unha ocupación de vivendas de familias que teñan unha vivenda habitual ou que sexan familias modestas, humildes, claro que hai que defendelas, e hai instrumentos para defendelas. Pero non veñan aquí cun relato a dicir que esta é a prioridade absoluta en vivenda neste país, cando sabe vostede que non é así, que queren crear alarma para beneficiar os que se benefician do negocio da vivenda, do negocio especulativo da vivenda neste país.

Tamén vostedes son moi duros, e moi defensores da propiedade privada, señora Prado, pero en cambio esquecen que tamén a Constitución fala da función social da vivenda, nun país onde hai trescentas mil vivendas baleiras mentres se bota a xente á rúa. Aí non son tan duros, ¿verdade?, en aplicar esa función social da vivenda que non se está aplicando, estase deixando simplemente vivenda baleira para que algúns teñan un prezo que faga que teñan rendas importantes á hora de especular.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Polo tanto, nós non podemos apoiar esta iniciativa en absoluto. Cremos que non é ningunha prioridade. Cremos que os dereitos que hai que defender son os dereitos a que todo o mundo teña unha vivenda digna.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.





«Las plataformas antidesahucios alertan de la llegada de grupos a Galicia que se aprovechan de colectivos en precario. *La Voz de Galicia*, 12 de xuño e 2019.» ¿Que pasa, señor Sánchez, xa non se fía das plataformas antidesafiuizamentos?

A lei di que dá garantías, ¿a quen, señor Sánchez? Claro que dá garantías, a quen vive legalmente, a quen reside legalmente, non a quen ocupa ilegalmente. A quen ocupa ilegalmente, a lei o que ten é que poñer os medios para que o lexítimo propietario poida recuperar a súa propiedade, señor Sánchez. (*Aplausos.*)

Dime vostede que medraron os desafiuizamentos en Galicia. Claro, pola folga de traballadores de xustiza. ¿Vostede non sabe que ese indicador incidiu? Pois debería informarse. Eu entendo que estes días están a outras cousas, nin sequera le a prensa e nin sequera analiza os datos como os ten que analizar.

Vostede di aquí que houbo centos de miles de mortos. Mire, o que houbo en Santiago de Compostela era tres persoas que vivían na rúa, que estaban todo o día na praza do Toural, e dos tres, morreron dous. ¿Por que? Por inacción do Goberno municipal. E, ¿sabe quen tivo que intervir? Tivo que intervir a Fiscalía porque vostedes o que fixeron foi darlles 70.000 euros a unha asociación de amigos para que puxeran un piso tutelado en Fontiñas que tivo cero persoas sen teito nese piso tutelado. Polo tanto, non veña vostede aquí a darnos... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non estou tola, señor Sánchez, non. Estes son datos reais. Eu entendo que é moi difícil defender o indefendible, pero, claro, ¡que vostede veña dicir aquí que non apoia esta iniciativa porque non é un problema! Vaia vostede reunirse coas plataformas de desafiuizamentos. Recoméndolle á señora Vilán que tamén lea a prensa, porque parece que vostedes non len a prensa ou len só o que lles interesa.

Entendo que vostedes estean na súa lea interna todo o día e non teñan nin tempo para ler a prensa. O que me sorprende é que a señora Vilán diga que falo de andrómenas. Señora Vilán, mire vostede, *La Voz de Galicia* do 11 de xuño, outro máis. Levamos unha semana ou dúas semanas con noticias en Galicia todos os días. Lea vostede... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) lea vostede...

Non, eu xa sei que vostedes están a outra cousa e len outras cousas, pero, señora Vilán, as andrómenas e a realidade... a realidade está na prensa tamén. E ademais da prensa debería vostede ler o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial. É moi recomendable que vostede lea esas cifras para deixar de vir aquí dicir que estamos desinformados e que vin facer aquí un *remake* de alcaldes que foron...

¿Sabe que pasa? Que ese *remake* de alcaldes foron apoiados polo PSOE. Eu non me fío do Partido Socialista Obreiro Español porque agora está gobernando nas mesmas cidades co apoio destes señores. Eu quero saber se as catro esquerdas que hai neste hemiciclo van apoiar esta iniciativa ou non. Algúns xa dixeron que non. Vostede non dixu nin que si nin que non, presenta unha emenda porque di que, claro, eu veño falar aquí de cousas que non son competencia deste Parlamento. ¡Ah!, pero cando eu trouxen unha iniciativa parecida, non igual, a este parlamento e gobernaba o Partido Popular en Madrid, vostede non me dixu que non era unha competencia do Estado. ¡Ah! Agora si porque goberna Sánchez. Pois mire, tanta competencia era cando gobernaba Rajoy como agora que goberna Sánchez.



E mire, que non hai problemas de ocupación, vaia vostede explicárllelo aos veciños das Gándaras, en Lugo, por exemplo, por non falar doutros sitios. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si claro, a vostedes eu xa sei que iso non lles importa.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

**A señora PRADO DEL RÍO:** Mire, señor Rivas, a verdade é que eu me alegro de que polo menos a iniciativa valera para que o Bloque Nacionalista Galego viñera aquí defender a Constitución. Sinceramente, só por iso mereceu a pena.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Sobre a emenda. Sobre a emenda lin na miña primeira...

**O señor PRESIDENTE:** Quero saber sobre emenda, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Xa o vou dicir.

**O señor PRESIDENTE:** Estoulle dicindo que non escoito nada. Non é con vostede, tranquila, non é con vostede.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ¡Ah!

**O señor PRESIDENTE:** Estou dicindo silencio para que me entere de que vai a emenda.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Digo que eu, na miña primeira intervención, falei de doce medidas...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...que adoptou a Xunta de Galicia en defensa do dereito á vivenda que garanten axuda pública a todos os afectados por desafiuzamentos, sexan por impago de hipoteca ou de alugueiro, que soliciten e cumpran os requisitos. O programa de Vivendas Baleiras...

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta a emenda ou non?

**A señora PRADO DEL RÍO:** Si, pero déixeme argumentar.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non argumente. ¿Acepta? Mire o tempo.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Hai programas como o de Vivendas Baleiras, ao que o Partido Socialista en Vigo e en Lugo non se adheriu, e agora nos veñen pedir que poñamos en marcha programas.

Pois non. Síntoo, señora Vilán, pero non podemos aceptar a súa emenda.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)





**O señor PRESIDENTE:** Grazas, moitas grazas, xa está. Non acepta.

Suspendemos o Pleno ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e sete minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

